ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 10/02/2026 10:38:10

Documento asinado

**CONCELLO DE VIGO**

Expte. 2017/1102

# ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
## Sesión do 23 de xaneiro de 2026

**ASISTENTES:**

**Membros :**
Dª Mª Carmen Silva Rego
D. Francisco Javier Pardo Espiñeira
Dª Elena Espinosa Mangana
Dª Mª José Caride Estévez
D. Jaime Aneiros Pereira
Dª Yolanda Aguiar Castro
Dª Patricia Rodríguez Calviño

**NON ASISTEN:**

D. Abel Caballero Álvarez
Dª. Ana M.ª Mejías Sacaluga
D. Angel Rivas González

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e cinco mintuos do día vinte e tres de xaneiro de dous mil vinte e seis e baixo a presidencia da primeira tenente de alcalde, Sra. Silva Rego (Resolución de Alcaldía de data 22/01/2026) do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Rodríguez Calviño, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a secretaria de Goberno Local, Sra. Gallardo Fariña, o interventor xeral, Sr. Escariz Couso, e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

**1(36).- APROBACIÓN ACTAS.** Apróbase a acta da sesión ordinaria do 16 de xaneiro de 2026. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr.Alcalde–presidente.

**2(37).-ADXUDICACIÓN PROCEDEMENTO ABERTO DO SERVIZO DE SOPORTE DUN SISTEMA DE AUTOMATIZACIÓN DE PROCESOS MEDIANTE TECNOLOXÍAS RPA. EXPTE. 10731/113.**
Visto o informe de fiscalización do 19/01/2026, sométese a aprobación a proposta da Mesa de Contratación realizada o 15/01/2026, que di o seguinte:

11.- Propostas de adxudicación



| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 10/02/2026 10:38 | Páxina 1 de 93 |
|---|---|---|
| 2017-1102 Aprobado por XGL 30/01/2026 | CSV: A7BCAH-B8313E-CC4FBA-EHMXYH-WYYZYZ-FD | |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv | | |

a) Procedemento aberto do servizo de soporte dun sistema de automatización de procesos mediante tecnoloxías RPA (10731-113)

**LEXISLACIÓN APLICABLE**

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se trasponen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto do servizo de soporte dun sistema de automatización de procesos mediante tecnoloxías RPA (10731-113)

**ANTECEDENTES**

**Primeiro.-** Con data do 12 de setembro de 2025 a Xunta de Goberno local, acordou:

"*PRIMEIRO.- Aprobar o expediente de contratación por procedemento aberto e ordinario coa finalidade de realizar a contratación do servizo de soporte de un sistema de automatización de procesos mediante tecnoloxías RPA, no que constan:*

*- Informe xustificativo da necesidade e idoneidade asinado polo Xefe de servizo de Administración Electrónica de data 19/06/2025 e co conforme da Concelleira da Área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal e do Concelleiro da Área de Orzamentos e Facenda da mesma data.*

*- Documentos económicos sobre a existencia de crédito de datas 26/06/2025 asinado pola Dirección Superior Contable e Orzamentaria.*

*- Prego de prescricións técnicas particulares (PPTP) de data 01/07/2025 asinado polo Xefe do servizo de Administración Electrónica.*

*- Memoria xustificativa do contrato de data 29/07/2025, asinada polo Xefe do servizo de Administración Electrónica co conforme da Concelleira da Área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal da mesma data.*

*- Memoria económica do contrato de data 29/07/2025, asinada polo Xefe do servizo de Administración Electrónica co conforme da Concelleira da Área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal e do Concelleiro da área de Orzamentos e Facenda de 29 e 30 de xullo respectivamente.*

*- Informe da Xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos de data 07/08/2025, sobre a comprobación da incorporación ao expediente da documentación necesaria para a tramitación do contrato.*

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 10/02/2026 10:38:10
Documento asinado

*- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación do servizo polo procedemento aberto, asinado pola Xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos en data 07/08/2025.*

*SEGUNDO.- Autorizar o gasto de 10.000,00 €, que inclúe un IVE de 1.735,54 €, dende o 1 de novembro de 2025, segundo o seguinte detalle de partidas e exercicios:*

| *Exercicio* | *Concepto* | *Partida* | *Base* | *IVE* | *TOTAL* |
|---|---|---|---|---|---|
| *2025* | *Soporte en programación e asesoramento* | *9207.2270603* | *8.264,46 €* | *1.735,54 €* | *10.000,00 €* |

*TERCEIRO.- Asumir o compromiso de dotar orzamentariamente o gasto de 30.000,00 €, que inclúe un I.V.E. de 5.206,61 €, con cargo á seguinte aplicación orzamentaria e exercicio:*

| *Exercicio* | *Concepto* | *Partida* | *Base* | *IVE* | *TOTAL* |
|---|---|---|---|---|---|
| *2026* | *Soporte en programación e asesoramento* | *9207.2270603* | *24.793,39 €* | *5.206,61 €* | *30.000,00 €* |

*CUARTO.- Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente prevista."*

**Segundo.-** A concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 26 de setembro de 2025), o 13 de novembro de 2025 adoptou a seguinte resolución:

*"Primeiro.- Tomar razón da exclusión acordada pola Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na sesión do 13 de novembro de 2025, de COREMAIN, SLU por apartase substancialmente do modelo de oferta establecido tal e como establece a cláusula 14.5.2.c) do PCAP*

*Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto do servizo de soporte dun sistema de automatización de procesos mediante tecnoloxías RPA (10731-113) na seguinte orde descendente:*

| | *Licitador* | *Puntuación total* |
|---|---|---|
| *1* | *AUBAY SPAIN, SAU* | *83,00* |
| *2* | *ROBOT TECHNOLOGY SOLUTIONS, SL* | *57,85* |

*Terceiro.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, AUBAY SPAIN, SAU, para que presente, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):*



ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 10/02/2026 10:38:10
Documento asinado

| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 10/02/2026 10:38 | Páxina 3 de 93 |
|---|---|---|
| 2017-1102 Aprobado por XGL 30/01/2026 | CSV: A7BCAH-B8313E-CC4FBA-EHMXYH-WYYZYZ-FD | |

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

1. *A documentación esixida nas cláusulas 18 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP). Lémbrase que deberán acreditar a adscrición dos medios persoais esixidos no apartado 5F do Anexo I -FEC- do PCAP.*
2. *Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 20 do prego de cláusulas administrativas particulares.*

*Recordar que tal e como establece a cláusula 18.4 do PCAP, os licitadores que estivesen inscritos no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma d e Galicia ou no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público, están exentos de presentar a documentación acreditativa dos datos que obren neles sempre que se atope vixente."*

**Terceiro.-** Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, AUBAY SPAIN, SAU, o día 14 de novembro de 2025, que presenta a documentación requirida o 26 do mesmo mes, dentro do prazo concedido.

Revisada a documentación a Mesa de Contratación na sesión do 4 de decembro acordou concederlle un prazo de 3 días para a emenda da documentación acreditativa da solvencia técnica, de contar cun 2% de persoal con discapacidade e dos medios persoais.

Con data do 12 de decembro o licitador presenta nova documentación. Consta no expediente:

- O certificado de inscrición do licitador no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público onde figuran o obxecto social e a declaración de non estar incursa en prohibiciónd e contratar.
- Poder de representación.
- Anexo IV do PCAP, asinado dixitalmente polo seu representante.
- Anexo V do PCAP, asinado dixitalmente polo seu representante.
- Para a acreditación da solvencia económica e financeira (28.000,00 €), presentan as contas do ano 2023 nas que o importe neto da cifra de negocios supera esta cantidade.
- Para a acreditación da solvencia técnica e profesional (28.000,00 €), presentan certificado de boa execución no que o importe do ano 2023 supera esta cantidade.
- Acreditación dos medios persoais a adscribir á execución do contrato esixidos no apartado 5F do Anexo I -FEC- do PCAP.
- Comunicación de rexistro e inscrición do Plan de igualdade da empresa.
- Acreditación de contar cun mínimo do 2% de traballadores con discapacidade segundo o disposto no artigo 71.1d) da LCSP.
- Autoliquidación do importe da garantía definitiva requirida (1.652,89 €).

Ademais desta documentación, figuran no expediente, os certificados positivos de débedas do Concello de Vigo, a AEAT, a TGSS e a ATRIGA.

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 10/02/2026 10:38:10
Documento asinado

**Cuarto.-** A Mesa de Contratación na presente sesión do 15 de xaneiro de 2026 comproba a documentación presentada pola licitadora e detallada pola secretaria e, sendo esta correcta, acorda, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

**FUNDAMENTOS XURÍDICOS**

**Primeiro.-** A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar AUBAY SPAIN, SAU, como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

**Segundo.-** A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por AUBAY SPAIN, SAU, de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliables mediante xuízo de valor e das proposicións avaliables mediante fórmula, de datas 27 de outubro e 7 de novembro de 2025, respectivamente.

**Terceiro.-** A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, proponse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

*"Adxudicar a AUBAY SPAIN, SAU o procedemento aberto do servizo de soporte dun sistema de automatización de procesos mediante tecnoloxías RPA (10731-113) por un prezo total do contrato de 40.000,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 6.942,15 euros, e cunha porcentaxe de desconto a aplicar aos prezos unitarios recollidos no apartado 3.I) do Anexo I -FEC- do PCAP do 41,95 %.*

*Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada".*

S.ord. 23/01/2026

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 10/02/2026 10:38:10
Documento asinado

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 10/02/2026 10:38:10

Documento asinado

**ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**3(38).-PROPOSTA DE APROBACIÓN DA REVISIÓN DE PREZOS DOS ALUGUERES DA ESCOLA DE EDUCACIÓN INFANTIL "HERNÁN CORTÉS". EXPTE. 98709/332.**

Visto o informe de fiscalización de data 19/01/2026, sométese a aprobación o informe-proposta do 13/01/2026, asinado pola xefa do Servizo de Educación e conformado pola concelleira delegada, a concelleira da Área de Goberno e polo concelleiro da Área e Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

**I. ANTECEDENTES.**

**1)** Conforme aos artigos 25.2.n da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL) e 80.2 n da Lei de Galicia 5/1997, de 22 de xullo, da Administración Local de Galicia (LALGA) , os municipios exercerán como competencias propias nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, nas seguintes materias que afectan a este Servizo :

*"Participar na vixilancia do cumprimento da escolaridade obrigatoria e cooperar coas Administracións educativas correspondentes na obtención dos solares necesarios para construción de novos centros docentes. A Conservación, mantemento e vixilancia dos edificios de titularidade local destinados a centros públicos de educación infantil, de educación primaria ou de educación especial."*

***2)*** O Concello de Vigo ten concertado a través do Servizo de Patrimonio os seguintes contratos de aluguer de locais cedidos á Consellería de Educación da Xunta de Galicia para impartición de Educación Infantil (Escola de Educación Infantil Hernán Cortés) como servizos públicos municipais, vendo obrigado ao aboamento da correspondente renda mensual nas contías sinaladas.

| NOME | CIF | local | Data contrato | Aplicación | I. Bruto | IMPORTE |
|---|---|---|---|---|---|---|
| Pérez Sarabia Ana María | 36063470-E | Hernán Cortés 15-D | 10/10/1991 | 3230 2020000 | | 2.251,68 € |
| Pérez Sarabia Ana María | 36063470-E | Hernán Cortés 15-I | 18/05/1995 | 3230 2020000 | | 1.873,76 € |

Os importes recollidos na anterior táboa son os derivados da actualización de prezos realizada en xuño de 2023 (revisión de prezos aprobada pola Xunta de Goberno Local o 08/09/2023 – expediente 26133/332) e véñense pagando desde ese ano mensualmente á arrendadora. Os últimos pagamentos realizados por estes conceptos corresponden ao mes de xaneiro de 2026.

**3)** Dna. Ana María Pérez Sarabia, en escritos con datas 06/02, 07/07 e 30/08/2025 (documentos 250028203, 250178928 e 250231281), solicita a actualización das rendas de aluguer dos locais dos que é propietaria e que conforman a EEI Hernán Cortés (locais baixo dereita e baixo esquerda do inmoble situado na rúa Hernán Cortés núm. 15).

## II.- REVISIÓN DE PREZOS

**1.-** As estipulacións dos contratos de arrendamento asinados entre o arrendador e o Concello de Vigo indican que a renda pactada será obxecto de revisión cada ano, conforme ao aumento ou diminución que en cada período experimente o Índice de Prezos de Consumo (IPC) que fixe con carácter nacional o Instituto Nacional de Estatística.

**2.- Cálculos para a revisión de prezos.**

Para o calculo da revisión téñense en conta os seguintes datos (sistema IPC base 2021), que se analizan por separado para cada un dous inmobles. Os importes que se detallan xa teñen incorporado o IVE correspondente.

A) Inmoble baixo dereita:

| Período revisión | IPC | Pagado mensual | Renda actualizada (mes) | Diferenza (mes) | Período a aplicar | N.º meses | Total atrasos anual |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Out 2022 - out 2023 | 3,5% | 2.251,68 | 2.330,49 | 78,81 | De nov 2023 a out 2024 | 12 | 945,72 |
| Out 2023 - out 2024 | 1,8% | 2.251,68 | 2.372,44 | 120,76 | De nov 2024 a out 2025 | 12 | 1.449,09 |
| Out 2024 - out 2025 | 3,1% | 2.251,68 | **2.445,98** | 194,30 | De nov 2025 a xan 2026 | 3 | 582,91 |
| | | | | | | | **2.977,71 €** |

En consecuencia, queda estabelecida como nova mensualidade para a renda deste local a partir do mes de novembro de 2025 o importe de 2.445,98 euros, correspondendo aboar en concepto de atrasos ata o mes de xaneiro de 2026 unha cantidade de 2.977,71 euros.

B) Inmoble baixo esquerda:

| Período revisión | IPC | Pagado mensual | Renda actualizada (mes) | Diferenza (mes) | Período a aplicar | N.º meses | Total atrasos anual |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Mai 2023 - mai 2024 | 3,6% | 1.873,76 | 1.941,22 | 67,46 | De xuñ 2024 a mai 2025 | 12 | 809,46 |
| Mai 2024 - mai 2025 | 2,0% | 1.873,76 | **1.980,04** | 106,28 | De xuñ 2025 a xan 2026 | 8 | 850,24 |
| | | | | | | | **1.659,70 €** |

En consecuencia, queda estabelecida como nova mensualidade para a renda deste local a partir do mes de xuño de 2025 o importe de 1.980,04 euros, correspondendo aboar en concepto de atrasos ata o mes de xaneiro de 2026 unha cantidade de 1.659,70 euros.

**3.- Atrasos a aboar.**

Á vista das contas anteriores, correspondería aboar á arrendadora en concepto de atrasos desde xuño de 2023 (mes en que se calculou a última actualización) ata o mes de xaneiro de 2026 unha cantidade total de **4.637,41 euros** (2.977,71 euros polo baixo dereita + 1.659,70 euros polo baixo esquerda).

S.ord. 23/01/2026

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 10/02/2026 10:38:10
Documento asinado


Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

**III.- APLICACIÓN DOS CRÉDITOS MUNICIPAIS DA REVISIÓN DE PREZOS**

Para poder afrontar o gasto indicado, detraerase esta obriga económica da aplicación orzamentaria 3230.202.0000 “Aluguer de locais educativos”.

**IV.- COMPETENCIA E PROPOSTA.**

De conformidade co artigo 127.g) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL), correspóndelle á Xunta de Goberno Local o desenvolvemento da xestión económica, autorizar e dispor gastos en materia da súa competencia, dispor gastos previamente autorizados polo Pleno e a xestión do persoal.

Á vista do anteriormente exposto, previo informe de fiscalización da Intervención Xeral Municipal, e coa conformidade da concelleira delegada de Educación e dos concelleiros das Áreas de Goberno de Educación e de Orzamentos e Facenda, nos termos das delegacións competenciais efectuadas en datas 19/06/2023, 20/06/2023 e 25/09/2025, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte

PROPOSTA DE ACORDO:

**Primeiro.**- Aprobar a revisión de prezos dos alugueres da Escola de Educación Infantil Hernán Cortés (rúa Hernán Cortés nº 15 baixos dereita e esquerda) a favor de dona ANA MARÍA PÉREZ SARABIA con DNI 36063470E, como propietaria dos devanditos locais arrendados, resultando tras a aplicación dos correspondentes criterios de revisión, os seguintes importes:

- Para o local baixo dereita un **importe mensual de 2.445,98 euros** (IVE incluído) a partir de outubro de 2025, resultando unha nova renda anual por importe de 29.351,80 euros, de acordo cos seguintes cálculos:

| Período revisión | IPC | Pagado mensual | Renda actua-lizada (mes) | Diferen-za (mes) | Período a aplicar | N.º meses | Total atrasos anual |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Out 2022 - out 2023 | 3,5% | 2.251,68 | 2.330,49 | 78,81 | De nov 2023 a out 2024 | 12 | 945,72 |
| Out 2023 - out 2024 | 1,8% | 2.251,68 | 2.372,44 | 120,76 | De nov 2024 a out 2025 | 12 | 1.449,09 |
| Out 2024 - out 2025 | 3,1% | 2.251,68 | **2.445,98** | 194,30 | De nov 2025 a xan 2026 | 3 | 582,91 |
| | | | | | | | **2.977,71 €** |

- Para o local baixo esquerda un **importe mensual de 1.980,04 euros** (IVE incluído) a partir de xuño de 2025, resultando unha nova renda anual por importe de 23.760,48 euros, de acordo cos seguintes cálculos:

| Período revisión | IPC | Pagado mensual | Renda actua-lizada (mes) | Diferen-za (mes) | Período a aplicar | N.º meses | Total atrasos anual |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Mai 2023 - mai 2024 | 3,6% | 1.873,76 | 1.941,22 | 67,46 | De xuñ 2024 a mai 2025 | 12 | 809,46 |
| Mai 2024 - mai 2025 | 2,0% | 1.873,76 | **1.980,04** | 106,28 | De xuñ 2025 a xan 2026 | 8 | 850,24 |
| | | | | | | | **1.659,70 €** |

Para o seu financiamento aplicaranse os créditos incluídos na aplicación orzamentaria 3230.202.0000 “Aluguer de locais educativos” e bolsa de vinculación.

**Segundo**.- Recoñecer en concepto de atrasos desde xullo de 2023 ata o mes de xaneiro de 2026 a cantidade total de **4.637,41 euros** a favor de Dna. ANA MARÍA PÉREZ SARABIA.

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 10/02/2026 10:38:10

Documento asinado

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 10/02/2026 10:38:10

Documento asinado

**ACORDO**
A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**4(39).-PRÓRROGA DO CONTRATO DE SERVIZOS PARA A XESTIÓN DA ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL DE MESTRE GOLDAR-CASTRELOS. EXPTE. 25377/332.**
Visto o informe de fiscalización de data 19/01/2026, sométese a aprobación o informe-proposta do 08/01/2026, asinado pola xefa do Servizo de Educación e conformado pola concelleira delegada, a concelleira da Área de Goberno, o concelleiro da Área e Goberno de Orzamentos e Facenda e pola letrada-titular de Asesoría Xurídica municipal, que di o seguinte:

**Antecedentes:**

**1.- Aprobación expediente de contratación**: A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 29 de outubro de 2021, aprobou o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria dos servizos para a xestión da Escola Infantil Municipal (EIM) "Mestres Goldar" de Castrrelos (expediente 25377/332), así como, o Prego de prescricións técnicas particulares (PPT) de 20/09/2021 e o Prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) de data 04/10/2021 que rexen a licitación, mailo gasto por importe de 967.101,36 euros, acordando a apertura do procedemento de licitación.

**2.- Adxudicación do contrato:** En relación ao procedemento aberto para a contratación dos servizos para a xestión da Escola Infantil Municipal de Castrelos, a Xunta de Goberno Local en sesión do 1 de abril de 2022 acordou adxudicar á COLEGIO LOS MILAGROS S.L. (B-36.626.109) o procedemento para a xestión da EIM "Mestres Goldar" de Castrelos por un prezo total de 892.540,00 euros (exento de IVE), coas seguintes propostas: Incrementar as horas de adicación do servizo de orientación familiar de 10 horas semanais e unha achega de materiais didácticos por importe de 5.000,54 euros.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno Local de 29/04/2021 e a oferta presentada.

**3.- Prazos**: O Prego de Cláusulas Administrativas Particulares (PCAP) referise aos prazos de execución do contrato na cláusula 26:

*"1.- O adxudicatario estará obrigado ao cumprimento do prazo total fixado para a execución do contrato, así como dos prazos parciais que, no seu caso, se teñan estabelecido."*

O apartado 4 das Follas de Características do Contrato (FEC) do PCAP establece respecto ao prazo de execución :

*"A) PRAZO TOTAL: 4 anos.*

*B) PRAZOS PARCIAIS: non se fixan.*



| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 10/02/2026 10:38 | Páxina 9 de 93 |
|---|---|---|
| 2017-1102 Aprobado por XGL 30/01/2026 | CSV: A7BCAH-B8313E-CC4FBA-EHMXYH-WYYZYZ-FD | |

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

*C) PRÓRROGA DO CONTRATO E EN CASO AFIRMATIVO DURACIÓN: un ano de duración"*

**4.- Formalización do contrato:** O contrato foi formalizado en data 28 de abril de 2022 entre o Concello de Vigo e a entidade adxudicataria (COLEGIO LOS MILAGROS S.L.), estabelecéndose na cláusula 4ª do mesmo que "*O prazo do contrato é de catro anos, contado a partir do 1 de maio de 2022. Está contemplada unha prórroga de un ano.*" En consecuencia, a data de finalización prevista para este contrato é o 30 de abril de 2026.

**5.- Preaviso da prórroga:** En consonancia co artigo 29.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, a cláusula 7.3 do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares (PCAP) aprobado para esta contratación estabelece que "*este contrato poderá ser obxecto de prórroga polo período que se prevé no apartado 4.C das FEC. A prórroga será obrigatoria para o adxudicatario, sempre que medie acordo expreso da Xunta de Goberno do Concello de Vigo, e este se lle notifique, cando menos, con dous meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato. (...)*"

En data 7 de xaneiro de 2026, a adxudicataria recibe a notificación do preaviso mencionado no parágrafo anterior, no que se indica a intención do Concello de Vigo de acordar a prórroga dun ano para o contrato dos servizos para a xestión da Escola Infantil Municipal "Mestres Goldar" de Castrelos, conforme ao estipulado no mesmo.

**6.- Prestación do servizo:** A prestación dos servizos para a xestión da Escola Infantil Municipal de Castrelos por parte da empresa adxudicataria (Colegio Los Milagros SL) estase a realizar a plena satisfacción deste Servizo de Educación, cun correcto cumprimento do estabelecido tanto nos correspondentes pregos de condicións como nas correspondentes ofertas. Polo tanto, dende o Servizo de Educación enténdese que, de conformidade cos intereses municipais, procede a continuidade do servizo mediante a materialización da prórroga dun ano contemplada no correspondente PCAP para o período comprendido entre o 01/05/2026 e o 30/04/2027.

**7.- Orzamento:** O prezo total do contrato para catro anos quedou aprobado polo importe de 892.540,00 euros euros, sendo o prezo por anualidade de 223.135,00 euros.

No apartado 3K das Follas de características do contrato do PCAP aprobado para esta contratación indícase que non procede a revisión de prezos.

Polo tanto, o prezo para a prórroga por un ano deste contrato quedaría fixado en 223.135,00 euros, exenta de IVE, co seguinte desglose por exercicios orzamentarios: 141.995,00 euros con cargo ao exercicio orzamentario 2026 (do 1 de maio ao 31 de decembro) e 81.140,00 euros con cargo ao exercicio orzamentario 2027 (do 1 de xaneiro ao 30 de abril); este gasto podería imputarse á aplicación orzamentaria 3230.227.9914 (EIM Mestres Goldar).

**8.- Competencia:** A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ao previsto na Disposición adicional segunda parágrafo 4º da Lei 9/2017.

Á vista das anteriores consideracións, proponse que se eleve á Xunta de Goberno Local, previa conformidade da Asesoría Xurídica e informe da Intervención Xeral, a adopción dos seguintes acordos:

1º.- Autorizar a prórroga do contrato de servizos para a xestión da Escola Infantil Municipal "Mestres Goldar" de Castrelos (expte. 25377/332) para o período comprendido entre o

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 10/02/2026 10:38:10

Documento asinado

01/05/2026 e o 30/04/2027, dada a satisfacción municipal pola calidade da prestación recibida.

2º.- Autorizar e comprometer un importe de 223.135,00 euros correspondente á prórroga do contrato, a favor de Colegio Los Milagros SL, CIF B-36.626.109. Este gasto imputarase con cargo aos seguintes exercicios da aplicación orzamentaria 3230.227.9914 (EIM Mestres Goldar):

- Exercicio orzamentario 2026 (do 1 de maio ao 31 de decembro): 141.995,00 euros

- Exercicio orzamentario 2027 (do 1 de xaneiro ao 30 de abril): 81.140,00 euros.

**ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**5(40).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS PARA A XESTIÓN PARCIAL, DOCENCIA E DESENVOLVEMENTO DA ESCOLA MUNICIPAL DE TEATRO. EXPTE. 99460/332.**

Visto o informe xurídico de data 15/01/2026 e o informe de fiscalización de data 20/01/2026, sométese a aprobación o informe-proposta do 19/12/2026, asinado pola xefa do Servizo de Educación e conformado pola concelleira delegada, a concelleira da Área de Goberno e polo o concelleiro da Área e Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Con data 29 de novembro de 2025, a concelleira da Área de Goberno de Educación resolve autorizar e instar ao Servizo de Educación para que inicie a tramitación do expediente administrativo para a contratación do servizo de xestión da Escola Municipal de Teatro.

No expediente tramitado ao efecto consta, entre outra, a seguinte documentación:

- Informe de xustificación da necesidade do contrato, asinado pola xefa do Servizo de Educación e pola concelleira delegada de Educación, de data 28/11/2025.
- Resolución da concelleira da Área de Goberno de Educación de data 29/11/2025 pola que se autoriza o inicio do expediente de contratación.
- Prego de prescricións técnicas (PPT) e tres Anexos, de data 01/12/2025, redactado polo técnico responsable de educación de adultos, pola xefa do Servizo de Educación e pola concelleira delegada de Educación.
- Declaración dos redactores do PPT, de data01/12/2025.
- Memoria económica asinada polo técnico responsable de educación de adultos, pola xefa do Servizo de Educación, pola concelleira delegada de Educación e polos concelleiros das Áreas de Goberno de Educación e de Orzamentos e Facenda, de data 03/12//2025.
- Informe favorable sobre a existencia de crédito, asinado polo director superior contable e orzamentario en data 05/12/2025,



ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 10/02/2026 10:38:10
Documento asinado

| | | |
|---|---|---|
| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 10/02/2026 10:38 | Páxina 11 de 93 |
| 2017-1102 Aprobado por XGL 30/01/2026 | CSV: A7BCAH-B8313E-CC4FBA-EHMXYH-WYYZYZ-FD | |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv | | |

- Memoria xustificativa, asinada polo técnico responsable de educación de adultos, pola xefa do Servizo de Educación, pola concelleira delegada de Educación e pola concelleira da Área de Goberno de Educación de data 10/12/2025.
- Informe asinado pola xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos en data 19/12/2025, sobre a comprobación da documentación esixida pola normativa de contratación pública.
- Prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) de data 19/12/2025, redactado pola xefa da Area de Contratación e Novos Proxectos.

As características básicas do contrato, tal e como se indica na documentación que conforma o expediente, son as seguintes:

Obxecto: A xestión parcial, desenvolvemento e impartición de docencia para as actividades de formación teatral que o Concello de Vigo promove a través da Escola Municipal de Teatro (EMT).

Duración: A duración do contrato será de tres anos; existindo a posibilidade dunha prórroga dun ano.

Prezo: Estímase un prezo anual do contrato de 118.378,19 euros, exento de IVE, polo que o prezo total do contrato é de 355.134,57 euros.

Aplicación orzamentaria: 3230.227.9903 (Escola Municipal de Teatro).

A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ao previsto na Disposición adicional segunda parágrafo 4º da Lei 9/2017, de 8 novembro, de contratos do sector público. A resolución segundo o artigo 117 da Lei 9/2017 deberá ser motivada e aprobará o expediente de contratación e disporá a apertura do procedemento de adxudicación e implicará a aprobación do gasto.

A vista das anteriores circunstancias, e previo informes da Asesoría Xurídica e da Intervención Xeral Municipal, **proponse** á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción dos seguintes **acordos**:

1º.- Aprobar a contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria dos servizos de xestión parcial, docencia e desenvolvemento da Escola Municipal de Teatro.

2º.- Aprobar o Prego de prescricións técnicas de 01/12/2025, redactado polo Servizo de Educación e o Prego de cláusulas administrativas particulares de data 19/12/2025 redactado polo Servizo de Contratación, que se inclúen no presente expediente para a contratación dos servizos de xestión parcial, docencia e desenvolvemento da Escola Municipal de Teatro.

3º.- O importe máximo do contrato plurianual é de 355.134,57 euros, exento de IVE, para a contratación do servizo de xestión parcial, docencia e desenvolvemento da Escola Municipal de Teatro, con cargo á aplicación orzamentaria 3230.227.9903 (Escola municipal de Teatro), e subordínase a autorización do gasto á existencia de crédito que para cada exercicio autoricen os respectivos orzamentos, asumindo o compromiso da súa inclusión nos exercicios futuros, conforme ao artigo 174 do TRLFL , do xeito seguinte:

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 10/02/2026 10:38:10
Documento asinado

| ANUALIDADE | Importe (exento de IVE) |
|---|---|
| **2026** (desde o 18 de setembro) | 36.948,34 € |
| **2027** | 118.378,19 € |
| **2028** | 118.378,19 € |
| **2029** (ata o 17 de setembro) | 81.429,85 € |
| **Total** | **355.134,57 €** |

4º.- Acordar a apertura do procedemento de contratación conforme ao previsto na lexislación vixente.

**ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**6(41).-EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DE SERVIZOS DE MONTAXE, EXPOSICIÓN E ORNAMENTACIÓN DO 61º CONCURSO EXPOSICIÓN INTERNACIONAL DA CAMELIA. EXPTE. 51818/446.**

Visto o informe xurídico de data 19/01/2026 e o informe de fiscalización do 20/01/2026, sométese a aprobación o informe-proposta do 19/01/2026, asinado pola adxunta ao xefe do Servizo de Montes, Parques e Xardíns, o xefe do Servizo, o concelleiro da Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

**NORMATIVA DE APLICACIÓN**

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do sector público (LCSP)
- Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas aprobado por Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro (RXLCAP), no que non se opoña ó Real decreto lexislativo 3/2011.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Real decreto lexislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 5/1997 de 22 de xullo de administración local de Galicia (LALGA).

**ANTECEDENTES**

**Primeiro.-** Mediante resolución de 30 de decembro de 2025, o concelleiro da Área de Goberno de Parques e Xardíns, Comercio e Festas Especiais resolveu iniciar os trámites administrativos e técnicos para contratar, por procedemento aberto simplificado de tramitación abreviada, regulado no artigo 159.6 da LCSP, o servizo para a *Montaxe, exposición e ornamentación do 61º Concurso Exposición Internacional da Camelia.*



ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 10/02/2026 10:38:10
Documento asinado

Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 10/02/2026 10:38 | Páxina 13 de 93
2017-1102 Aprobado por XGL 30/01/2026 | CSV: A7BCAH-B8313E-CC4FBA-EHMXYH-WYYZYZ-FD
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

**Segundo.-** No expediente tramitado ao efecto consta entre outra a seguinte documentación:

– Informe xustificativo da necesidade e idoneidade do contrato de data 30 de decembro de 2025, asinado polo xefe de Servizo de Montes, Parques, Xardíns e polo concelleiro da Área de Goberno de Parques e Xardíns, Comercio e Festas Especiais.
– Resolución do concelleiro da Área de Goberno de Parques e Xardíns, Comercio e Festas Especiais, de data 30 de decembro de 2025, pola que se autoriza o inicio da tramitación do expediente de contratación.
– Prego de prescricións técnicas particulares (PPTP), redactado pola enxeñeira de montes e enxeñeira técnico agrícola, Dª. Mª del Carmen Martínez Santorio, asinado en 2 de xaneiro 2026.
– Memoria xustificativa do contrato, asinada pola adxunta ao xefe de Servizo de Montes, Parques e Xardíns e polo xefe de Servizo de Montes, Parques e Xardíns, con data 19 de xaneiro de 2026, co conforme do concelleiro da Área de Goberno de Parques e Xardíns, Comercio e Festas Especiais de data 19 de xaneiro de 2026.
– Informe da xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos, de data 19 de xaneiro de 2026, sobre a comprobación da incorporación ao expediente da documentación necesaria para a tramitación do contrato.
– Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación do servizo para a *Montaxe, exposición e ornamentación do 61º Concurso Exposición Internacional da Camelia* polo procedemento aberto simplificado de tramitación abreviada, asinado pola xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos, con data 19 de xaneiro de 2026.

## FUNDAMENTOS DE DEREITO

**Primeiro.-** O expediente de contratación, de acordo co disposto no art artigo 116.1 da LCSP iniciarase polo Órgano de Contratación. No Concello de Vigo, esta competencia está delegada, por acordo da Xunta de goberno Local de 25 de setembro de 2025 (BOP Nº 188, de data 02/10/2025), modificado por acordo da Xunta de Goberno Local de 7 de novembro de 2025 (BOP Nº 217, de data 12/11/2025) nos concelleiros de Área de Goberno e nos concelleiros delegados. O concelleiro da Área de Goberno de Parques e Xardíns, Comercio e Festas Especiais, en resolución de 30 de decembro de 2025, autorizou o inicio deste expediente de contratación.

**Segundo.-** Dado o obxecto do contrato, tal e como se dispón no artigo 17 da LCSP trátase dun contrato de servizos.

**Terceiro.-** O expediente refírese á totalidade do obxecto do contrato e nel constan, tanto o prego de cláusulas administrativas particulares, como o de prescricións técnicas, que rexerán o contrato, tal e como se sinala no artigo 116 da LCSP.

**Cuarto.-** No expediente xustifícase a necesidade e idoneidade do contrato, de conformidade cos artigos 028 e 116.1 da LCSP.

**Quinto.-** Na memoria xustificativa xustifícase a non división en lotes (artigo 116.4.g LCSP), o prezo e a súa xustificación (100 e seguintes LCSP), o valor estimado do contrato (116.4.d LCSP), os criterios de adxudicación e fórmulas de valoración (artigo 145 e 146 LCSP), os criterios de solvencia (116.4.c), as condicións especiais de execución (202.1) e o principio de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril).

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 10/02/2026 10:38:10

Documento asinado

O procedemento elixido para a contratación é o aberto simplificado, e a forma de tramitación do expediente é de tramitación abreviada, conforme ao disposto nos artigos 116, 131,2 e 159 da LCSP, toda vez que o seu valor estimado é 55.063,30€.

**Sexto.-** De conformidade coa disposición adicional terceira, apartados 8 da LCSP, e a disposición adicional oitava, apartado e) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL), requírese o informe preceptivo de Asesoría Xurídica do Concello de Vigo.

**Octavo.-** O artigo 116.3 e o apartado 3 da disposición adicional terceira da LCSP, dispoñen que ao expediente se incorporará o certificado de existencia de crédito ou documento que legalmente o substitúa. Este documento, xunto co informe da fiscalización previa, incorporarase pola Intervención Xeral ao procedemento con carácter previo a aprobación polo órgano de contratación.

**Noveno.-** A competencia para a resolución do presente expediente, previa fiscalización da Intervención Xeral, correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ao previsto na disposición adicional segunda apartado 11 da Lei de Contratos do Sector Público. A resolución deberá ser motivada e aprobará o expediente de contratación, dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación (artigo 117 da LCSP) e implicará a aprobación do gasto.

A competencia para a resolución do presente expediente, previa fiscalización da Intervención Xeral, correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ao previsto na disposición adicional segunda apartados 4º e 11º da Lei de Contratos do sector público. Dita competencia foi delegada, por acordo da Xunta de goberno Local de 25 de setembro de 2025 (BOP Nº 188, de data 02/10/2025), modificado por acordo da Xunta de Goberno Local de 7 de novembro de 2025 (BOP Nº 217, de data 12/11/2025) nos concelleiros de Área de Goberno e nos concelleiros delegados. A resolución deberá ser motivada e aprobará o expediente de contratación, dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación (artigo 117.1 LCSP) e implicará a aprobación do gasto.

Á vista do exposto, e previo informe da Asesoría Xurídica do Concello de Vigo e da Intervención Xeral, proponse á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, no uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte

**ACORDO**:

**PRIMEIRO**.- Aprobar o expediente de contratación por procedemento aberto simplificado de tramitación abreviada do contrato de ***MONTAXE, EXPOSICIÓN E ORNAMENTACIÓN DO 61º CONCURSO EXPOSICIÓN INTERNACIONAL DA CAMELIA,*** así como o prego de prescricións técnicas particulares, asinado en data 2 de xaneiro de 2026 e o prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación por este procedemento asinado en data 19 de xaneiro de 2026.

S.ord. 23/01/2026

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 10/02/2026 10:38:10

Documento asinado

**SEGUNDO.-** Autorizar o gasto de **66.626,59€**, que inclúe un IVE de 11.563,29€, o cal se imputará á aplicación orzamentaria 1710.2279907 “Org. Concurso Exposición Internacional da Camelia”, do vixente orzamento 2026.

**TERCEIRO.-** Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente prevista.

Os asinantes subscriben declaración de non estar incursos en posible conflito de intereses, nos termos establecidos no modelo aprobado para a Xunta de Goberno Local por Resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 24 de febreiro de 2021 e do 3 de marzo de 2021 para os empregados públicos, en execución do O.O.3 "Reforzar a Integridade nos procesos", Liña Estratéxica 3, "Racionalizar e reforzar a integridade nos procesos", Obxectivo Estratéxico 3.4, "Apoiar e favorecer a integridade durante o proceso", Acción 3.4.1.1, do Plan de Integridade na Contratación aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria de data 12.12.2019.

**ACORDO**
A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**7(42).-PROPOSTA DE NOMEAMENTO DE FUNCIONARIO INTERINO NA CATEGORÍA DE AUXILIAR ADMINISTRATIVO PARA A XESTIÓN TRIBUTARIA-IMPOSTO DE VEHÍCULOS. EXPTE. 47398/220.**
Visto o informe de fiscalización do 13/01/2026, sométese a aprobación o informe-proposta rectificado, do 21/01/2026, asinado pola técnica de Administración xeral, a xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e conformado pola concelleira delegada e pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

**ANTECEDENTES**

**I.-** Pola Directora de Ingresos e Xestión Catastral Delegada coa conformidade da Concellería de área competente, solicítase, entre outros, persoal interino coa categoría de auxilair administrativo de administración xeral para substitución dun efectivo en situación de incapacidade laboral temporal de longa duración.

**II.-** Consta incorporado ao expediente, dilixencia de constancia da oficina administrativa da Área de Recursos Humanos e Formación, no que se recolle o seguinte entre outros:

*“De conformidade cos criterios de xestión das listas de reserva (Revisión integral e aprobación dos criterios de xestión das listas de reserva, BOPPO núm. 179, 19/09/2025), á vista dos datos proporcionados polo programa informático de xestión das listas de reserva do servizo de Administración Electrónica, salvo erro ou omisión, procede o chamamento das/os candidatas/os que se relacionan a continuación, que* ***aceptaron o nomeamento e presentaron a documentación requirida para o efecto****:*
*Auxiliar administrativo, substitución do titular por IT en Dirección de Ingresos:* ***D. ALONSO BARROS, con DNI ***7287***”*

**III.-** Consta no expediente informe de cuantificación económica de data 22/12/2025.

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 10/02/2026 10:38:10
Documento asinado

## FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

### I.- Normativa de aplicación

-Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público.

A preferente aplicabilidade do Dereito estatal de carácter básico en materia de emprego público local deriva das previsións de dous fundamentais preceptos:

- O artigo 128 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, que establece en canto ás ofertas de emprego público que:
  "*1. Las Corporaciones locales aprobarán y publicarán anualmente, dentro del plazo de un mes desde la aprobación de su Presupuesto, la oferta de empleo público para el año correspondiente, ajustándose a la legislación básica del Estado sobre función pública y a los criterios que reglamentariamente se establezcan en desarrollo de la normativa básica estatal para su debida coordinación con las ofertas de empleo del resto de las Administraciones Públicas.*"
- O artigo 133 do mesmo Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, que efectúa unha determinación legal do réxime xurídico aplicable á selección dos funcionarios de Administración Local, establecendo expresamente que *"el procedimiento de selección de los funcionarios de Administración local se ajustará a la legislación básica del Estado sobre función pública, y se establecerá teniendo en cuenta la conexión entre el tipo de pruebas a superar y la adecuación a los puestos de trabajo que se hayan de desempeñar, incluyendo a tal efecto las pruebas prácticas que sean precisas."*

Tal preferencia expresa resulta inherente á vocación unificadora do lexislador en materia de función pública; así o ven interpretando a xurisprudencia do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, a efectos do cal resulta salientable a **STSJ de Galicia 120/2017, de 01.03.2017**, ditada en materia de persoal, en cuxo fundamento de dereito FD 4º sinala o seguinte:

> "*FD CUARTO.- (….) De tan largas citas jurisprudenciales hemos de quedarnos con tres ideas básicas: 1º) cabe una interpretación integradora de la normativa básica estatal y la legislación autonómica de desarrollo, en todo caso ésta última solo es aplicable a los entes locales una vez hecha exclusión de la legislación estatal que opera como derecho supletorio de primer grado; (…....) Pero tampoco podemos olvidar que, como señalan los recurrentes, con arreglo a lo dispuesto en el art. 3.2 del Real Decreto legislativo 1/2008 por la que se aprobó el texto refundido de la Ley de Función Pública de Galicia, el art. 168 del Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, por el que se aprueba el texto refundido de las disposiciones legales vigentes en materia de régimen local y la Disposición Final Primera de la Ley 7/2007, por la que se aprobó el Estatuto Básico del Empleado Público, en relación a la regulación de la función pública local es de preferente aplicación la legislación básica estatal a la legislación autónomica sobre función pública.*" A citada sentenza foi declarada firme por Providencia do Tribunal Supremo 08/03/2018 (R. Casación 3105/2017).

S.ord. 23/01/2026

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 10/02/2026 10:38:10
Documento asinado



Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

En similar senso, a **STJG de 15 de febreiro de 2017** establece que:

> *“......según el artículo 3.1 de la Ley 7/2007, de 12 de abril, del Estatuto Básico del Empleado Público (….......) “El personal funcionario de las entidades locales se rige por la legislación estatal que resulte de aplicación, de la que forma parte este Estatuto y por la legislación de las Comunidades Autónomas, con respeto a la autonomía local, lo cual revela, a la vez que una preferencia de la normativa estatal para la regulación de esta materia, la reconducción de la función pública local al régimen general de la función pública. Al mismo tiempo, significa que la función pública local debe formar parte del ordenamiento de la función pública desarrollado a partir del bloque de la constitucionalidad concretado en torno al 149.1.18ª de la Constitución.”*

**II.- Consideracións sobre o nomeamento de funcionarios interinos en atención ao marco normativo vixente. Análise da modalidade proposta**

Consonte ao disposto no artigo 10.1 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público (en adiante, TREBEP) son funcionarios interinos son aqueles que, por razóns expresamente xustificadas de necesidade e urxencia, son nomeados como tales para o desempeño de funcións propias de funcionarios de carreira, cando concorra algunha das circunstancias consignadas no devandito precepto, entre as cales se atopa ***“La sustitución transitoria de los titulares, durante el tiempo estrictamente necesario.”*** (letra b) do citado apartado 1); contemplando o apartado 2 do artigo que *“los procedimientos de selección del personal funcionario interino serán públicos, rigiéndose en todo caso por los principios de igualdad, mérito, capacidad y celeridad, y tendrán por finalidad la cobertura inmediata del puesto. El nombramiento derivado de estos procedimientos de selección en ningún caso dará lugar al reconocimiento de la condición de funcionario de carrera.”*

Os nomeamentos deberán recaer en persoas que reúnan as condicións esixidas para o ingreso no corpo ao que pertenza o posto de traballo, rematando a súa vixencia, segundo o establecido no propio artigo 10, pola finalización do prazo autorizado expresamente recollido no seu nomeamento, sen dereito a compensación algunha. Ademais disto, a Administración formalizará de oficio a finalización da relación de interinidade polas causas previstas no artigo 63 da mesma norma.

No presente caso, e segundo consta na orde de incoación do expediente, tras ser aprobados os novos criterios de xestión de listas de reserva (BOPPO nº 179 de 19/09/2025), e ao abeiro do establecido nos artigos 25 e ss. da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, procedeuse á tramitación do expediente administrativo.

Polo tanto, visto o artigo 10.1.b) do TREBEP, procede o nomeamento interino por substitución transitoria das persoas titulares durante o tempo estritamente necesario.
Os funcionarios interinos percibirán as retribucións básicas e complementarias asociadas ao posto de traballo de destino; no caso da modalidade de nomeamento obxecto de proposta, tómase como referencia a analoxía coas prazas (retribucións básicas) e postos de traballo (retribucións complementarias fixas e periódicas) da categoría profesional obxecto de nomeamento, no marco do establecido na vixente Relación de Postos de Traballo do Concello de Vigo, aprobada pola Xunta de Goberno Local en sesión do 6.09.2024; referencia que, no presente suposto e segundo o informe técnico emitido, efectúase aos postos de traballo cód. 105 – Administrativo/a

Así mesmo, e consonte á instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito deste Concello, actualizadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 29 de xaneiro de 2016, o recurso ao persoal funcionario interino –ou, de ser o caso, laboral tem-

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 10/02/2026 10:38:10

Documento asinado

poral- realizarase unicamente en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais indicados como prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, que deberá acreditar debida e motivadamente o servizo ou unidade peticionaria do efectivo, baixo a responsabilidade da xefatura do servizo correspondente, e requirirá a previa emisión de informe técnico cuantificativo do estado de execución do Capítulo I e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer, o cal deberá ser incorporado ao expediente administrativo.

**III.- Observacións respecto da xornada e horario**

En canto ao establecemento da xornada e horarios de traballo, a xornada desenvolverase segundo estableza a xefatura do servizo ou área consonte ás necesidades obxectivas que se deriven da debida prestación dos servizos públicos, podendo desenvolverse en horario de mañá ou tarde, ou en xornada partida ou a quendas, garantíndose os períodos de descanso normativamente contemplados, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013 e modificacións posteriores, e concordantes en canto non contraveña o marco normativo vixente e o disposto na Resolución de 28 de febreiro de 2019, da Secretaría de Estado de Función Pública, pola que se ditan Instrucións sobre a xornada e horarios de traballo, de aplicación ás entidades locais («BOE» núm. 52, de 01/03/2019) actualmente en vigor.

**IV.- Xustificación da necesidade e urxencia:**

Segundo consta na solicitude de data de sinatura electrónica incorporada ao expediente, o presente é un dos casos excepcionais para cubrir necesidades urxentes e inaprazables das restrinxidas aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideran prioritarios ou que afectan ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, de acordo coa Lei 31/2022, de 23 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado, e, de igual xeito, o disposto na Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, en relación coa mesma e, nas instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito do Concello de Vigo derivadas da aplicación das previsións contidas as anteriores leis, aprobadas pola Xunta de Goberno Local, nas súas sesións de data 20 de xuño e 29 de agosto de 2014 e que foron actualizadas na sesión do mesmo Órgano de 29 de xaneiro de 2016 (expediente electrónico nº 27.576/220) debendo ser contextualizadas no marco normativo actualmente vixente á data de sinatura do presente informe-proposta.

**V. - Verificación de existencia de aspirantes en listas de reserva:**

Consta dilixencia de constancia na que se conclúe que: "*De conformidade cos criterios de xestión das listas de reserva (Revisión integral e aprobación dos criterios de xestión das listas de reserva, BOPPO núm. 179, 19/09/2025), á vista dos datos proporcionados polo programa informático de xestión das listas de reserva do servizo de Administración Electrónica, salvo erro ou omisión, procede o chamamento das/os candidatas/os que se relacionan a continuación, que* ***aceptaron o nomeamento e presentaron a documentación requirida para o efecto****:*

S.ord. 23/01/2026

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 10/02/2026 10:38:10
Documento asinado

*Auxiliar administrativo, substitución do titular por IT en Dirección de Ingresos:* ***D. ALONSO BARROS, con DNI ***7287**"***

**VI.- Proposta de gasto:**

Segundo consta no informe técnico de cuantificación económica incorporado ao expediente:

*No ano 2026 os custes dun posto de Auxiliar Administrativo, co incremento do 1,5½ contemplado para o ano 2026 no Real Decreto-lei 14/2025, de 2 de decembro, seran:*

| | |
|---|---|
| *Retribucións Básicas:* | *10480,39€* |
| *Complemento de Destino:* | *6128,20€* |
| *Complemento Especifico:* | *11151,44 €* |
| *Estimación Seguridade social:* | *11072,13 €* |

Remitímonos ao contido do informe técnico obrante no expediente, solicitando que os aspectos indicados no mesmo se contemplen no preceptivo informe de fiscalización.

**VI.- SOMETEMENTO Á FISCALIZACIÓN PREVIA E PRECEPTIVA**

O presente expediente debe ser sometido á preceptiva fiscalización previa á súa aprobación con carácter preceptivo, consonte ao establecido nos artigos 213 a 223 do RD lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais; concretamente, o artigo 214, que contempla que:

> " *1. La función interventora tendrá por objeto fiscalizar todos los actos de las entidades locales y de sus organismos autónomos que den lugar al reconocimiento y liquidación de derechos y obligaciones o gastos de contenido económico, los ingresos y pagos que de aquéllos se deriven, y la recaudación, inversión y aplicación, en general, de los caudales públicos administrados, con el fin de que la gestión se ajuste a las disposiciones aplicables en cada caso.*
>
> *2. El ejercicio de la expresada función comprenderá:*
>
> > *a) La intervención crítica o previa de todo acto, documento o expediente susceptible de producir derechos u obligaciones de contenido económico o movimiento de fondos de valores.*
> > *b) La intervención formal de la ordenación del pago.*
> >
> > *c) La intervención material del pago.*
> >
> > *d) La intervención y comprobación material de las inversiones y de la aplicación de las subvenciones."*

Consta informe favorable de fiscalización do gasto de data 12/05/2025.

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 10/02/2026 10:38:10

Documento asinado

**VII. - ÓRGANO MUNICIPAL COMPETENTE:**

De conformidade co réxime de atribucións en materia de persoal e da xestión económica do mesmo contemplado no artigo 127, letras g) e h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, resulta competente a Xunta de Goberno Local para a aprobación do presente expediente.

Adicionalmente, resulta preceptiva a previa conformidade da Concellería-delegada da Área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, nos termos das delegacións competenciais efectuadas por Resolución da Excma. Alcaldía de data 28/06/2024 e acordo da Xunta de Goberno Local de data 07/11/2025.

**PROPOSTA DE ACORDO:**

**"PRIMEIRO:** Declarar a urxencia no nomeamento de 1 funcionario/a interino/a nos termos e condicións seguintes:

- Categoría profesional: auxiliar de administración xeral
- Modalidade legal: *funcionario interino por substitución transitoria da titular, polo tempo estritamente necesario (artigo 10.1, letra b) do TREBEP)*:
- Destino: Xestión tributaria – Imposto de Vehículos
- Período temporal: polo tempo estritamente necesario, durante a substitución do/a titular da praza de Auxiliar de administración xeral, coa duración contemplada na normativa vixente, e consonte ao establecido no artigo 10.1, letra b) do TREBEP.
- Custe económico: Un Auxiliar *de Administración Xeral con cargo ás aplicacións orzamentarias 120.0400 (Soldo base), 121.0004 (Complemento de destino), 121.0104 (Complemento de específico) e 160.0000 (Seguridade Social a cargo da empresa) cuxo custo para o ano 2026 é o seguinte:*

| | |
|---|---|
| Retribucións Básicas: | 10480,39€ |
| Complemento de Destino: | 6128,20€ |
| Complemento Especifico: | 11151,44 € |
| Estimación Seguridade social: | 11072,13 € |

Todo consonte aos informes e proposta de acordo emitidos e incorporados na tramitación do expediente electrónico obxecto de aprobación.

**SEGUNDO:** Nomear en réxime de persoal funcionario interino, na categoría de Auxiliar de administración xeral, e nos termos e condicións do establecido no apartado primeiro do presente acordo, a:

S.ord. 23/01/2026

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 10/02/2026 10:38:10

Documento asinado

*D. ALONSO BARROS, con DNI ***7287**"*

Elo de conformidade cos criterios de xestión das listas de reserva (Revisión integral e aprobación dos criterios de xestión das listas de reserva, BOPPO núm. 179, 19/09/2025), á vista dos datos proporcionados polo programa informático de xestión das listas de reserva do servizo de Administración Electrónica.

**TERCEIRO:** Dispoñer que a xornada e horarios de traballo das/os efectivas/os nomeadas/os desenvolverase segundo estableza a xefatura do servizo ou área consonte ás necesidades obxectivas que se deriven da debida prestación dos servizos públicos, podendo desenvolverse en horario de mañá ou tarde, ou en xornada partida ou a quendas, garantíndose os períodos de descanso normativamente contemplados, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013 e modificacións posteriores, e concordantes en canto non contraveña o marco normativo vixente e o disposto na Resolución de 28 de febreiro de 2019, da Secretaría de Estado de Función Pública, pola que se ditan Instrucións sobre a xornada e horarios de traballo, de aplicación ás entidades locais («BOE» núm. 52, de 01/03/2019) actualmente en vigor.

**CUARTO:** Notificar o presente acordo á persoa interesada, á Directora de Ingresos e Xestión Catastral Delegada, inspección de persoal e persoal técnico da Área de Recursos Humanos e Formación e ao Comité de Persoal aos efectos oportunos.

**QUINTO.-** Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa."

**ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**8(43).-RECTIFICACIÓN DE ERRO MATERIAL NA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO PARA O ANO 2025. EXPTE. 45859/220.**

Visto o informe de fiscalización do 19/01/2026, sométese a aprobación o informe-proposta, do 16/01/2026, asinado pola técnica de Administración xeral, a xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e conformado pola concelleira delegada e pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

**ANTECEDENTES**

I.- A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 19 de decembro de 2025, acordou aprobar a Oferta de Emprego Público do Concello de Vigo correspondente ao ano 2025,

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 10/02/2026 10:38:10

Documento asinado

de conformidade cos informes emitidos e incorporados ao expediente electrónico n.º 45859-220 e informe de fiscalización previa e preceptiva.

-Dito acordo foi publicado no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra nº 247, de data 29/12/2025 e a espera da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

II.- Con data 16/01/2026, a secretaria de Goberno Local, e secretaria da Mesa xeral de Negociación, co visto e prace da presidenta, a concelleira da Área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, emite un novo Certificado de corrección de erros, do Certificado emitido en data 16/12/2025, sobre a acta da sesión extraordinaria da Mesa Xeral de Negociación celebrada na mesma data, e no que se recolle o seguinte:
*"Dilixencia, eu secretaria, fago constar que trala redacción da acta da sesión extraordinaria da Mesa Xeral de Negociación de data 16 de decembro do 2025, detectouse un erro material no certificado expedido na mesma data relativo a non inclusión na proposta de oferta pública de emprego da praza de psicologo.*

*E por isto polo que se expide un novo certificado. (…)".*

-Dito certificado consta incorporado ao trámite 81 do presente expediente, ao cal nos remitimos integramente como fundamento da presente rectificación.

III-Trátase, pois, dun simple erro material, posto que a inclusión de dita praza de psicólogo/a (de réxime laboral segundo o recollido no propio certificado e informes técnicos incorporados) na OEP 2025, xa se tivera en conta cando se realizou o axuste das prazas ofertadas ao cálculo efectuado da taxa de reposición de efectivos, e por outro lado, xa formaba parte do acordado na Mesa de negociación colectiva celebrada o 16/12/2025, e que contou co voto favorable de todas a representacións sindicais do Concello alí presentes, como así consta no propio certificado que agora se incorpora.
IV.- Á vista do exposto, procede levar a cabo a súa rectificación conforme ao disposto no artigo 109.2 da Lei 39/2015, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

**-FISCALIZACIÓN PREVIA**

Con carácter previo á súa remisión ao órgano competente, someterase a presente proposta á realización do preceptivo control interno por parte da Intervención Xeral, de conformidade co previsto no R.D. Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e o Real Decreto 424/2017, do 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local

**- ÓRGANO MUNICIPAL COMPETENTE E PROPOSTA DE ACORDO**

De conformidade co réxime de atribucións en materia de persoal e xestión económica do mesmo contemplado na Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e contidas no artigo 127.1, letras g) e h) da norma indicada; e nos termos e condicións, alcan-



ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 10/02/2026 10:38:10
Documento asinado

| | | |
|---|---|---|
| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 10/02/2026 10:38 | Páxina 23 de 93 |
| 2017-1102 Aprobado por XGL 30/01/2026 | CSV: A7BCAH-B8313E-CC4FBA-EHMXYH-WYYZYZ-FD | |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv | | |

ce e contido do informe de fiscalización que pola Intervención Xeral Municipal se emita; previa a conformidade da Concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal consonte ao réxime de delegacións interorgánicas vixente no Concello de Vigo, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte,

**PROPOSTA DE ACORDO:**

**PRIMEIRO:** Rectificar o acordo da Xunta de Goberno Local de data 19 de decembro de 2025, polo que se aprobou a Oferta de Emprego Público do Concello de Vigo correspondente ao ano 2025, expediente electrónico n.º 45859-220, coa inclusión dunha praza de psicólogo/a (réxime laboral), para axustala ao acordado na Mesa xeral de Negociación de data 16/12/2025, segundo certificado de corrección de erros incorporado ao expediente.

Trala rectificación de dito erro material detectado, as prazas correctamente inscluídas na Oferta de Emprego Público do Concello de Vigo 2025 son as seguintes:

**RÉXIME FUNCIONARIO:**

| PRAZA | QUENDA LIBRE | QUENDA P.INTERNA | TOTAL |
|---|---|---|---|
| Administrativo/a Admón. Xeral | 5 | 4 | 9 |
| Auxiliar Admón. Xeral | 6 | 2 | 8 |
| Bombeiro | 4 | | 4 |
| Cabo Extinción Incendios | 1 | 1 | 2 |
| Condutor-Bombeiro | 2 | | 2 |
| Diplomado/a en Traballo Social | 3 | | 3 |
| Inspector/a Auxiliar Servizos | | 1 | 1 |
| Inspector/a Consumo | 1 | | 1 |
| Inspector/a Control Concesionarias | 1 | 1 | 2 |
| Inspector/a Medio Ambiente | 1 | 1 | 2 |
| Inspector/a Mobilidade E Seguridade | | 1 | 1 |
| Inspector/a Obras, Servizos e Infraestruturas | 1 | 1 | 2 |
| Oficial Conserxe | | 1 | 1 |
| Ordenanza | 3 | | 3 |
| Policía | 11* (Das once prazas, dúas reservadas para quenda de mobilidade) | | 11* (9 +2) |
| Programador/a Informática | 1 | | 1 |
| Sarxento SPEIS | 1 | 1 | 2 |
| Suboficial Extinción Incendios | | 1 | 1 |
| Técnico/a Admón Xeral | 5 | 1 | 6 |

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 10/02/2026 10:38:10
Documento asinado

| PRAZA | QUENDA LIBRE | QUENDA P.INTERNA | TOTAL |
|---|---|---|---|
| Técnico/a Auxiliar Bibliotecas | 1 | | 1 |
| Técnico/a De Sistemas | 1 | | 1 |
| Técnico/a De Xestión | 2 | 1 | 3 |
| Técnico/a Normalización Linguistica | 1 | | 1 |
| Técnico/a Superior Bibliotecas | 1 | | 1 |
| **TOTAL** | 52 | 17 | 69 |

**RÉXIME LABORAL**

| PRAZA | QUENDA LIBRE | QUENDA P.INTERNA | TOTAL |
|---|---|---|---|
| Capataz | | 2 | 2 |
| Oficial Condutor | 3 | | 3 |
| Oficial Instalacións-Imd | 1 | | 1 |
| Oficial Limpeza | 1 | | 1 |
| Oficial Xardineiro | 3 | | 3 |
| Psicólogo/a | 1 | | |
| **TOTAL** | 9 | 2 | 11 |

**SEGUNDO:** Dispoñer a publicación do presente acordo nos diarios e boletíns oficiais que corresponda consonte á normativa vixente, publicando igualmente o mesmo no Portal de Transparencia do Concello de Vigo para público coñecemento.”

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo, no prazo de 2 MESES tamén contados dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

**ACORDO**
A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**9(44).-PRÓRROGA DO CONTRATO DA XESTIÓN DA SEGURIDADE SOCIAL NO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 48079/220.**
Visto o informe xurídico e o informe de fiscalización, ambos de data 20/01/2026, sométese a aprobación o informe-proposta, do 19/01/2026, asinado polo técnico de



ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 10/02/2026 10:38:10
Documento asinado
Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 10/02/2026 10:38 | Páxina 25 de 93
2017-1102 Aprobado por XGL 30/01/2026 | CSV: A7BCAH-B8313E-CC4FBA-EHMXYH-WYYZYZ-FD
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

Planificación e Organización de Recursos Humanos e Formación, a xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e conformado pola concelleira delegada, a concelleira da Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

En data 01 de febreiro de 2023 abril foi subscrito contrato entre a Concelleira-delegada da Área de Contratación do Concello de Vigo e a representación legal Soluciones Avanzadas en Informatica Avanzada, S.L., para a prestación do servizo da xestión da Seguridade Social no Concello de Vigo, previa adxudicación do mesmo por acordo da Xunta de Goberno Local en data 29 de decembro de 2022 resolutorio do procedemento aberto convocado ao efecto (39142-220).

No apartado 4.C das FEC (follas de características do contrato) do prego de cláusulas administrativas particulares "*Prórroga do contrato e, en caso afirmativo, duración*" determínase expresamente a posibilidade de tres prórrogas de un ano de duración cada unha.

O contrato para a prestación deste servizo foi asinado o 01 de febreiro de 2023, e segundo a cláusula 4 do contrato *"4.- O prazo total do contrato é de dous anos, contados a partir do día seguinte ao da sinatura do mesmo pola Concelleira delegada de Contratación"*. En consecuencia, a prestación do servizo comezou ó día seguinte da súa sinatura, sendo a data de efectos o 02 de febreiro de 2023, co que finalizou o 01 de febreiro de 2025.

A primeira das tres prórrogas previstas foi aprobada pola Xunta de Goberno Local na súa sesión ordinaria do 31 de xaneiro de 2025, expte. 45704/220, para o período comprendido entre o 02 de febreiro de 2025 e o 1 de febreiro de 2026, estando próxima a rematar.

O prezo do contrato é de 213.444,00€ (dous anos) e, segundo o punto 3.K das FEC non procede a revisión de prezos.

A empresa adxudicataria ven prestando os servizos contratados a plena satisfacción desenvolvendo as actividades asignadas de acordo co prego de cláusulas administrativas particulares, sen ningunha incidencia coñecida.

En consonancia co artigo 29.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, a cláusula 7.3 do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares (PCAP) que rexe esta contratación establece que "*este contrato poderá ser obxecto de prórroga polo período que se prevé no apartado 4.C das FEC, que será obrigatoria para o adxudicatario, sempre que medie acordo expreso da Xunta de Goberno do Concello de Vigo e o aviso previo se produza, cando menos, con dous meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato. Quedan exceptuados da obriga de aviso previo os contratos cuxa duración fora inferior a dos meses*". O aviso previo foi realizado por parte do adxudicatario en data 31/12/2025.

En consecuencia, procede efectuar a segunda prórroga do referido contrato, a vista do referido acordo da Xunta de Goberno Local de data 29 de decembro de 2022 e o prego de cláusulas administrativas ao que fai referencia o citado acordo, previo o preceptivo informe de Asesoría Xurídica e informe de fiscalización que se emita pola Intervención Xeral Mu-

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 10/02/2026 10:38:10

Documento asinado

nicipal, cuxa imputación orzamentaria e contable parece procedente efectuala con cargo á aplicación prevista no orzamento de "Servizos de Apoio a Xestión" (aplicación 920.1.2279904), e bolsa de vinculación do art. 22 do programa orzamentario da área de RRHH e Formación para o exercicio económico 2026.

Vistas as competencias que ostenta a Xunta de Goberno Local segundo o establecido no artigo 127,1, apartados g) e h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, do 27 de decembro; previa a preceptiva fiscalización do gasto proposto nos termos do establecido nos artigos 213 a 223 do RD Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais; e en cumprimento das obrigas contempladas no Real Decreto Lexislativo 8/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei Xeral da Seguridade Social, pola presente a funcionaria que subscribe, coa conformidade da Xefa da área de RRHH e Formación, eleva á Xunta de Goberno Local a seguinte **PROPOSTA DE ACORDO**:

**Primeiro.-** Autorizar a **segunda prórroga** do contrato para a prestación do servizo de xestión da Seguridade Social no Concello de Vigo, formalizado en data 01 de febreiro de 2023 coa empresa Soluciones Avanzadas en Informática Aplicada, S.L., con CIF B80004732, para o período comprendido entre o 02 de febreiro de 2026 ó 01 de febreiro de 2027, en cumprimento do acordo da Xunta de Goberno Local de 29 de decembro de 2022; sendo o prezo do contrato (prórroga do mesmo) de 106.722,00€ euros, con cargo á aplicación orzamentaria "Servizos de Apoio a Xestión" (aplicación 920.1.2279904), e bolsa de vinculación, de acordo coas seguintes anualidades:

- Período 02/02/2026 ó 31/12/2026 (ano 2026): 97.828,50€
- Período 01/01/2027 ó 01/02/2027 (ano 2027): 8.893,50€

**Segundo.-** Dar conta do presente acordo á adxudicataria, Intervención Xeral Municipal, área de Recursos Humanos e Formación, así como ao Comité de Persoal ós efectos oportunos.

**ACORDO**
A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**10(45).- BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA PÚBLICA PARA A PROVISIÓN DO POSTO DE "XEFE/A DO SERVIZO ADMINISTRATIVO E CONTROL ORZAMENTARIO". EXPTE. 2003/1102.**
Visto o informe de fiscalización do 07/01/2026, sométese a aprobación o informe-proposta de data 29/12/2026, asinado pola secretaria de Goberno local e conformado pola concelleira delegada e a concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:



ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 10/02/2026 10:38:10
Documento asinado

| | | |
|---|---|---|
| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 10/02/2026 10:38 | Páxina 27 de 93 |
| 2017-1102 Aprobado por XGL 30/01/2026 | CSV: A7BCAH-B8313E-CC4FBA-EHMXYH-WYYZYZ-FD | |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv | | |

## ANTECEDENTES DE FEITO

En data 23.09.2022 a Xunta de Goberno Local prestou aprobación definitiva a nova relación de postos de traballo do Concello de Vigo correspondente ao ano 2022 xunto coa memoria xustificativa asinada pola Secretaria de Administración Municipal de data sinatura dixital 27.06.2022 e guía de funcións asinadas pola técnica de Formación e Avaliación de data 26.06.2020 (BOP PO de data 30.09.2021).

A Xunta de Goberno Local, na sesión do 16 de marzo de 2023, prestou aprobación inicial a proposta de aplicación de estudio de análise e valoración retributiva e funcional de postos de traballo e mellora na organización interna da Policía Local do Concello de Vigo e aprobación da relación de postos de traballo do Concello de Vigo 2023 publicada no BOP de Pontevedra núm. 93, do 16.05.2023

A Xunta de Goberno Local, en data 15 de marzo de 2024 e posterior corrección de erros de 22 de marzo de 2024 prestou aprobación aos criterios xerais para a provisión definitiva dos postos de traballo encadrados nos subgrupos A1 e A2 de titulación existentes no Concello de Vigo, resultantes da negociación colectiva coa representación sindical do persoal desenvolta en sesións negociais celebradas en datas 10/03/2023 e 08/05/2023.

En data 27.12.2025 incoouse o procedemento de provisión de posto de traballo de xefe/a do servizo administrativo e control orzamentario baixo a instrución da Secretaria de Goberno Local.

## LEXISLACIÓN APLICABLE

A normativa aplicable en materia de provisión do postos de traballos nas entidades locais ven determinada polo TREBEP ao ser de preferente aplicación a lexislación básica estatal á lexislación autonómica sobre función pública que opera como dereito supletorio de primeiro grao (Sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia de 25 de abril de 2018). Concretamente o artigo 168 do TRRL dispón que a provisión de postos de traballo que, de conformidade coa relación aprobada, estean reservados ou poidan ser desempeñados por funcionarios de carreira, rexerase polas normas que, no desenvolvemento da lexislación básica en materia de función pública local, dite a Administración do Estado. E o artigo 101 da LRBRL remite en materia de provisión as normas que regulen estes procedementos en todas as Administracións públicas, entendendo como tales as básicas do estatuto básico del empregado público.

E por isto que o réxime xurídico en materia de provisión de postos de traballo ven determinado pola seguinte normativa

**a)** Preceptos básicos das lexislacións e regulamentos estatais sobre función pública e réxime local. Fundamentalmente o estatuto básico do empregado público aprobado por Real decreto lexislativo 5/2015, de 30 de outubro (TREBEP), Lei 7/1985, regula-

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 10/02/2026 10:38:10
Documento asinado

dora de bases de réxime local e Texto Refundido de Réxime Local (LRBRL) (este último na disposición final 7ª sinala os preceptos básicos).

**b)** Normativa autonómica sobre réxime local (Lei 5/1997, de administración local de Galicia) e normativa autonómica de función pública local (Lei 2/2015, de emprego público de Galicia -LEGAL-). e o Decreto 93/1991, do 20 de marzo, polo que se aproba o regulamento de provisión de postos de traballo, promoción profesional promoción interna, en aquilo que resulte aplicable, vixente en virtude do apartado 2 da disposición derrogatoria primeira da Lei 2/2015) e Decreto 151/2022, do 4 de agosto, polo que se aproba o Regulamento dos procedementos de mobilidade do persoal funcionario de carreira da Administración Xeral da Comunidad Autónoma de Galicia e das entidades públicas instrumentais integrantes do sector público autonómico.

**c)** Preceptos non básicos das lexislacións e regulamentos estatais. Real decreto 364/1995, do 10 de marzo, polo que se aproba o regulamento xeral de ingreso do persoal ao servizo da Administración Xeral do Estado e de provisión de postos e promoción profesional dos funcionarios civís da Administración Xeral do Estado (RGI, de aplicación supletoria no eido local) e Regulamento Xeral de ingreso do persoal ao servizo da Administración Xeral do Estado e de provisión de postos de traballo e promoción profesional dos funcionarios civís da Administración Xeral do Estado

**d)** Regulamentos e ordenanzas locais.

**e)** Acordos e pactos reguladores das condicións de traballo dos funcionarios (Acordo regulador de condicións económicas e sociais funcionarios do Concello de Vigo e Convenio colectivos dos empregados integrados no cadro de persoal do Concello de Vigo aprobado polo pleno en sesión de data 28.12.1998)

## CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

PRIMEIRO.- Da provisión dos postos de traballo.-

O artigo 101 da LRBRL determina que os postos de traballo vacantes que deban ser cubertos polos funcionarios proveeranse en convocatoria pública polos procedementos de concurso de méritos o de libre designación, de acuerdo con las normas que regulen estos procedementos en todas las Administracións públicas.

Doutra banda, o artigo 168 do TRRL dispón que a provisión de postos de traballo o que estean reservados ou poidan ser desempeñados por funcionarios de carreira, rexerase polas normas que, en desenvolvemento da lexislación básica en materia de función pública local, dite a Administración del Estado.



ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 10/02/2026 10:38:10
Documento asinado

| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 10/02/2026 10:38 | Páxina 29 de 93 |
|---|---|---|
| 2017-1102 Aprobado por XGL 30/01/2026 | CSV: A7BCAH-B8313E-CC4FBA-EHMXYH-WYYZYZ-FD | |

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

O artigo 78 do TREBEP determina que a provisión de postos de traballo en cada Administración Pública levará a cabo polos procedementos de concurso e de libre designación con convocatoria pública.

A LEPG distingue entre o concurso ordinario como procedemento xeral de provisión dos postos de traballo que non teñan establecida outra forma de provisión na relación de postos de traballo (artigo 90.1) e o concurso específico como sistema de provisión para aqueles postos de traballo para os que, polas súas peculiaridades, así se determine na relación de postos de traballo (artigo 91) sinalando que as xefaturas de servizo ou os postos de nivel equivalente proveranse por este sistema, agás aqueles que, polas súas especiais características, deban proverse polo sistema de libre designación, con convocatoria pública A opción polo concurso específico reservase para aqueles postos que polas especificacións derivadas das funciones a realizar e as tarefas ou responsabilidades que o caracterizan, a xuízo do órgano administrativo convocante, deban ser incluidos nun concurso específico, a fin de garantir de maneira máis precisa a idoneidade do funcionario que finalmente resulte adxudicatario para o desempeño del poesto convocado (Sentencia Audiencia Nacional de 12 Jun. 2013, Rec. 49/2013).

Non obstante tal e como sinala a STXG *338/2018 cando " a justificación del sistema de provisión viene contemplada en una norma con rango de Ley no es preciso que en la convocatoria específica se contenga una referencia o defensa particularizada del sistema de provisión elegido."e engade " En consecuencia, desde la entrada en vigor de dicha Ley 2/2015 , que tuvo lugar a los veinte días de su publicación en el Diario Oficial de Galicia (disposición final quinta, apartado 1 ), publicación que se produjo el 4 de mayo de 2015, la regla general es que las jefaturas de servicio han de proveerse por el sistema de concurso específico"*

Neste senso a RPT do ano 2022 contén memoria na que se determina e xustifica a provisión do posto obxecto da convocatoria polo sistema de concurso específico.

SEGUNDO.- Do procedemento.-

Consta no expediente a resolución de incoación, e as bases reguladoras da convocatoria pública para a provisión do posto de adxunto/a xefe/a do servizo administrativo e control orzamentario baixo a instrución da Secretaria de Goberno Local. que se incorporan como anexo a proposta de acordo. As bases incorporan os criterios xerais para a provisión definitiva dos postos de traballo encadrados nos subgrupos A1 e A2 de titulación existentes no Concello de Vigo aprobados pola Xunta de Goberno Local en data 15 de marzo de 2024 e posterior corrección de erros de 22 de marzo de 2024 resultantes da negociación colectiva coa representación sindical.

O órgano competente para a aprobación das bases de provisión do posto e convocatoria é a Xunta de Goberno Local conforme o disposto no artigo 127.1.h da LRBRL.

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 10/02/2026 10:38:10
Documento asinado

E por isto polo que se eleva a Xunta de Goberno Local, previo informe de fiscalización da intervención Municipal a adopción do seguinte , **ACORDO:**

**PRIMEIRO.-** Aprobar as bases reguladoras transcritas no Anexo I, para a provisión do posto de xefe/a do servizo administrativo e control orzamentario baixo a instrución da Secretaria de Goberno Local, mediante o sistema de concurso específico.

**SEGUNDO.-** Convocar o procedemento para a provisión do posto referenciado no apartado anterior.

**TERCEIRO**. - Publicar a convocatoria xuntamente co texto íntegro das bases reguladoras no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, no Taboleiro de Edictos Electrónico do Concello de Vigo. O anuncio co extracto da convocatoria publicarase no Diario Oficial de Galicia (DOG), no Boletín Oficial del Estado, sendo a data deste anuncio a que servirá para o cómputo do prazo de presentación de instancias

## ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**ANEXO I**

**BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA PÚBLICA PARA A PROVISIÓN DO POSTO DE XEFE/A DO SERVIZO ADMINISTRATIVO E CONTROL ORZAMENTARIO ADSCRITO A AREA DE SERVIZOS XERAIS E VÍAS E OBRAS (EXPTE 2003-1102).**

**PRIMEIRA.- OBXECTO DA CONVOCATORIA**

É obxecto da presente convocatoria a provisión dun posto de traballo vacante e dotado economicamente nos orzamentos deste Concello, reservado a persoal funcionario de carreira do subgrupo A1/A2 mediante o procedemento de concurso específico.

O posto de traballo convocado atópase recollido na relación de postos de traballo (RPT) do Concello de Vigo, publicada no BOP de Pontevedra núm. 237, do 11.12.2025 coas seguintes características:

- Denominación do posto: xefe/a do Servizo Administrativo E Control Orzamentario
- Servizo no que se adscribe: área de Servizos Xerais e Vías E Obras
- Referencia do posto (Ref Posto) na RPT: 4400106
- Escala: Aministración xeral/Administración Especial
- Subescala: Subescala Técnica/Técnica Superior-Técnico/a Medio
- Grupo: A1/A2

S.ord. 23/01/2026

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 10/02/2026 10:38:10
Documento asinado

- Complemento de destino: 26
- Complemento específico anual: 28 794,50 €
- Sistema de provisión: concurso especifico

Funcións: as establecidas nas guías de funcións para o posto de xefatura de Departamento publicada no portal de transparencia https://transparencia.vigo.org/?id=149&tipo=ele&ita=0&lang=es.

De conformidade co artigo 14 da Constitución Española e a Lei Orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes, a Administración Pública terá en conta o principio de igualdade de trato entre homes e mulleres na provisión dos postos de traballo e promoción profesional do persoal funcionario.

**SEGUNDO.- SOLICITUDES**

1. Para presentar a solicitude o aspirante deberá ter unha antigüidade mínima de 3 anos como funcionario/a de carreira do Concello de Vigo.

Aquelas persoas que se atopen en situación de excedencia voluntaria por interese particular ou por agrupación familiar (artigo 89.2 e 3 do TREBEP) ou en situación de servizos especiais (art. 87 do TREBEP), só poderán participar no presente concurso se, a data do último día de presentación de solicitudes para participar no presente concurso, permaneceron na devandita situación durante un mínimo de dous anos.

Os funcionarios/as de carreira que desexen participar nesta convocatoria presentarán por medios electrónicos a instancia en modelo facilitado polo Concello e na páxina web do Concello no rexistro electrónico xeral do Concello durante o prazo de 15 días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial do Estado (BOE).

2. As solicitudes deberán ir acompañadas da seguinte documentación:

- Certificación acreditativa da condición de funcionario/a de carreira, con indicación da praza, grupo de clasificación e posto de traballo que ocupa, así como dos servizos, departamentos ou áreas funcionais nas que desenvolve o seu traballo, especificando o correspondente período.
- Declaración xurada ou promesa de posuír a capacidade funcional para o desenvolvemento das tarefas propias do posto de traballo obxecto da convocatoria.
- Documentación acreditativa dos méritos alegados polos aspirantes, salvo que consten no seu expediente persoal existente no arquivo do área de RRHH e Formación do Concello. En caso de non constar no citado expediente, deberán ser achegados coa instancia para que poidan ser valorados. Non se terán en conta os documentos que non queden debidamente acreditados en todos os seus extremos na data de finalización do prazo de presentación de instancias.
- Memoria asinada electronicamente requirida no apartado cuarto (segunda fase).

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 10/02/2026 10:38:10

Documento asinado

3. Vinculación da solicitude. Unha vez transcorrido o período de presentación de instancias, non poderá renunciarse ás solicitudes formuladas e estas serán vinculantes para o peticionario e o destino adxudicado será irrenunciable, salvo que se obteña outro destino mediante convocatoria pública antes de finalizar o prazo de toma de posesión.

4. Non se admitirá en ningún caso a presentación de memorias con posterioridade a data de finalización do prazo de presentación de solicitudes. A falta de presentación da memoria ou, no seu caso, o incumprimento dos requisitos que debe reunir a indicada memoria, ou a non comparecencia ao acto público para a súa exposición e defensa, comportará automaticamente a exclusión do aspirante do proceso de provisión.

As persoas aspirantes con algunha discapacidade poderán pedir na solicitude de participación as posibles adaptacións de tempo e medios para a realización da segunda fase.

**TERCEIRO.- RELACIÓN DE ADMITIDOS E EXCLUÍDOS.**

1. Lista provisional. Unha vez que remate o prazo de presentación de instancias publicarase unha lista de admitidos e excluídos, con indicación das causas de exclusión, de ser o caso. Esta relación publicarase na páxina web do Concello (www.vigo.org) e no taboleiro de edictos.

2. Prazo reclamacións. Os aspirantes excluídos disporán dun prazo de 10 días hábiles, contados desde o seguinte ao da publicación da lista provisional de admitidos e excluídos, para poder emendar o defecto que motivara a súa exclusión. A estimación ou desestimación desta petición entenderase implícita na elevación da lista de admitidos e excluídos con carácter definitivo.

3. Lista definitiva. Unha vez que remate o prazo de reclamacións aprobarase a lista definitiva de aspirantes admitidos e excluídos que será publicada na páxina web do Concello (www.vigo.org) e no taboleiro de edictos. Contra dita resolución os aspirantes excluídos poderán interpoñer un recurso potestativo de reposición ante a Concelleira de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, no prazo dun mes, que se contará desde o día seguinte ao da publicación da resolución nos medios anteriormente sinalados, ou poderán impugnala directamente na orde xurisdicional contencioso-administrativa no prazo de 2 meses, que se contarán desde o día seguinte ao da publicación da dita resolución nos medios anteriormente sinalado

**CUARTO.- BAREMO PARA PUNTUACIÓN DOS MÉRITOS.-**

Os méritos que comprenden o baremo resultan en consecuencia da normativa e do acordo de aplicación integrándose polos seguintes méritos avaliables:

Este concurso específico consta de dúas fases: Na primeira fase valoraranse os méritos xerais e específicos adecuados ás características do posto convocado e na segunda fase a Memoria. Os méritos valoraranse con referencia á data do peche do prazo de presentación de instancias.



ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 10/02/2026 10:38:10
Documento asinado

| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 10/02/2026 10:38 | Páxina 33 de 93 |
|---|---|---|
| 2017-1102 Aprobado por XGL 30/01/2026 | CSV: A7BCAH-B8313E-CC4FBA-EHMXYH-WYYZYZ-FD | |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv | | |

**PRIMEIRA FASE: Méritos xerais e específicos.** A puntuación máxima da primeira fase, méritos xerais e específicos será de 40 puntos, sendo necesario acadar unha puntuación mínima de 20 puntos para acceder á segunda fase.

**A).- Méritos xerais.-** A valoración máxima dos **méritos xerais** será de 20 puntos.

**1.1.1– Grao persoal consolidado (ata un máximo de 4 puntos)**

O grao persoal consolidado como persoal empregado público do Corpo/Escala desde o que se participa valorarase en relación co nivel do posto ao que se convoca ata un máximo de 4 puntos do seguinte xeito:

Pola posesión dun grao persoal superior ao do posto solicitado, 4 puntos.
Pola posesión dun grao persoal igual ao do posto solicitado, 3 puntos.
Pola posesión dun grao persoal inferior nun grao ao do posto solicitado, 2 puntos.
Pola posesión dun grao persoal inferior en dous graos ao do posto solicitado, 1 punto.

**1.1.2 – Antigüidade (ata un máximo de 2 puntos)**

Valorarase a razón de 0,025 puntos por cada mes completo de servizo, ata un máximo de 2 puntos, computándose para estes efectos os recoñecidos que se prestaron con anterioridade á adquisición da condición de persoal empregado público ao amparo do disposto na Lei 70/1978, do 26 de decembro.

Non se computarán os servizos prestados simultaneamente con outros igualmente alegados

**1.1.3. Exercicio de dereitos de conciliación por parte do solicitante ( ata un máximo de 1 puntos).**

- Permiso por parto, adopción ou acollemento: 0,25 puntos por permiso, ata un máximo de 0,5 puntos.

- Permiso do outro proxenitor por nacemento, acollemento ou adopción dun fillo: 0,15 puntos por permiso, ata un máximo de 0,3 puntos.

- Redución de xornada do artigo 106.2 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia: 0,005 puntos por mes de redución, ata un máximo de 0,10 puntos.

- Excedencia por coidado de familiares: 0,005 puntos por cada mes completo de excedencia, ata un máximo de 0,10 puntos.

**1.1.4.- Valoración do traballo desenvolvido (ata un máximo de 3 puntos)**

Polo desempeño de postos de traballo anteriores á data de finalización do prazo de presentación de solicitudes

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 10/02/2026 10:38:10
Documento asinado

- Polo desempeño de postos de traballo de nivel de complemento de destino igual ou superior ao do posto ao que se concursa: 0,05 puntos por mes traballado.

- Polo desempeño dun posto de traballo de nivel de complemento de destino inferior nun ou dous niveis ao do posto ao que se concursa: 0,033 puntos por mes traballado.

- Polo desempeño dun posto de traballo de nivel de complemento de destino inferior en máis de dous niveis ao do posto ao que se concursa: 0,016 puntos por mes traballado.

A prestación efectiva de servizos valorada neste apartado non poder ser obxecto de puntuación no apartado de experiencia profesional dos méritos específicos (1.1.8)"

**1.1.5. Cursos de formación e perfeccionamento.- (ata un máximo de 5 puntos)**

1.1.5.1 Asistencia a cursos de formación e perfeccionamento relacionados con carácter xeral co posto de traballo que se convoca e nos que se expida diploma, certificado de asistencia, ou certificación de aproveitamento, puntuarase segundo a súa duración da seguinte forma:

- Cursos con certificado de aproveitamento: 0,05 puntos por hora.
- Cursos con certificado de asistencia: 0,03 puntos por hora.

Valoraranse unicamente aquelas accións formativas recibidas, sempre que fosen organizadas por centros ou entidades acollidos ao Plan de Formación Continua das Administracións Públicas, centros oficiais de formación, as organizacións sindicais, o Concello de Vigo e os seus organismos autónomos ou polo resto de administracións pública. Igualmente deberán valorarse polo seu carácter transversal os cursos en materia de linguaxe non sexista, prevención do acoso, sobre igualdade e corresponsabilidade e violencia de xénero recoñecidos polas administracións públicas.

Non se valorarán os cursos que non acrediten o número de horas de duración, así como os de duración inferior a 5 horas, nin as xornadas, simposios, congresos ou similares. Nos cursos de informática, valoraranse aqueles cuxos diplomas estean expedidos con posterioridade ao ano 2000. Cando se acrediten varios cursos con idéntica denominación puntuarase o de maior número de horas de duración, en caso de que a duración sexa a mesma, valorarase o curso que se realizase ou impartise na data máis próxima a data na que remate o prazo de presentación de instancias.

Polo seu carácter obrigatorio non serán obxecto de baremación os cursos básicos de carácter obrigatorio impartidos inicialmente en materia de prevención de Riscos Laborais.

S.ord. 23/01/2026

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 10/02/2026 10:38:10
Documento asinado

1.1.5.2.- Impartición de cursos de formación e perfeccionamento relacionados coa área de experiencia de cada posto de traballo que se convoca, no ámbito da Administración Publica e directamente relacionados co posto de traballo que se convoca, puntuarase por 0,05 puntos por cada hora do curso.

Non se puntuarán os cursos que se refiran a materias diferentes ás funcións do posto de traballo que se convoca.

Todos os cursos deberán ser impartidos ou homologados por organismos públicos oficiais.

A puntuación máxima a acadar coa suma dos apartados 1.1.5.1, 1.1.5.2 será dun máximo de 5 puntos.

**1.1.6. - Titulacións académicas (ata un máximo de 3 puntos)**

Valorarase a titulación académica universitaria oficial sempre que sexa distinta á utilizada para o ingreso no corpo/escala desde o que se concurse e sexa de igual ou superior nivel académico. As titulacións valoraranse de forma acumulativa.

- Máster oficial universitario: 0,30 puntos.
- Diplomado/a universitario/a ou equivalente: 0,40 puntos.
- Graduado/a universitario ou equivalente: 0,50 puntos.
- Doutoramento: 0,70 punto
- Licenciado/a universitario/a ou equivalente: 0,80 puntos.

**1.1.7.-Nivel de coñecemento da lingua galega (ata un máximo de 2 puntos)**

Certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega:

- Linguaxe administrativa medio ou equivalente segundo coa Orde 13/06/2011, DOG 24 de xuño: 1 puntos.

- Linguaxe administrativa superior ou equivalente segundo coa Orde 13/06/2011, DOG 24 de xuño: 2,00 puntos.

Só se valorará o título de maior nivel.

Só se concederá validez aos cursos, estudios ou titulacións homologadas polo órgano competente en materia de política lingüística.

A puntuación máxima a acadar neste apartado será de 2,00 puntos.

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 10/02/2026 10:38:10

Documento asinado

**B).- Méritos específicos.** A valoración máxima dos **méritos específicos** será de 20 puntos.

A valoración máxima dos méritos específicos será de 20 puntos. Valoraranse os seguintes méritos específicos:

**1.1.8. Experiencia profesional (ata un máximo de 8 puntos)**

Valorarase a experiencia profesional adquirida polo desempeño efectivos de servizos segundo as seguintes especificacións:

1- Prestación efectiva de servizos, en adscrición definitiva ou provisional en postos de traballo do subgrupo A1/A2 de xefatura de nivel de complemento de destino 27 a 30 en calquera administración pública, no ámbito de competencias do servizo ao que se convoca: 0,075 puntos por cada mes completo.

2- Prestación efectiva de servizos, en adscrición definitiva ou provisional en postos de traballo do subgrupo A1/A2 de xefatura de nivel de complemento de destino 24 a 26 en calquera administración pública, no ámbito de competencias do servizo ao que se convoca: 0,050 puntos por cada mes completo.

3- Prestación efectiva de servizos, en adscrición definitiva ou provisional en postos de traballo do subgrupo A1/A2 de xefatura de nivel de complemento de destino inferior ao 24 en calquera administración pública, no ámbito de competencias do servizo ao que se convoca: 0,025 puntos por cada mes completo.

4- Prestación efectiva de servizos, en adscrición definitiva ou provisional en postos de traballo do subgrupo A1/A2 sen desempeñar xefatura e sen distinción de niveis en calquera administración pública, no ámbito de competencias do servizo ao que se convoca: 0,020 puntos por cada mes completo.

A experiencia profesional adquirida mediante prestación efectiva de servizos en comisión de servizos valorarase en todo caso coa limitación da duración máxima legalmente prevista.

A experiencia profesional no servizo que se convoca que exceda do límite máximo deste apartado valorarase no apartado 1.1.4.

**1.1.9.- Formación específica (ata máximo 12 puntos)**

Cursos de formación e perfeccionamento en materias específicas propias do Servizo que se convoca.

S.ord. 23/01/2026

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 10/02/2026 10:38:10
Documento asinado

A acreditación destes méritos realizarase mediante diploma ou certificación de aproveitamento ou asistencia, e puntuarase segundo a súa duración da seguinte forma:

- Cursos con certificado de aproveitamento: 0,05 puntos por hora.
- Cursos con certificado de asistencia: 0,03 puntos por hora.

Todos os cursos deberán ser impartidos ou homologados por organismos públicos oficiais.

A acreditación dos méritos para valorar nesta base realizarase mediante diploma ou certificado emitido polo organismo oficial ou homologado polas Administracións Públicas ou centros oficiais de formación que organicen o curso, onde se indique o número de horas, con indicación no seu caso do aproveitamento.

Non se valorarán os cursos que non acrediten o número de horas de duración, así como os de duración inferior a 20 horas.

Cando se acrediten varios cursos con idéntica denominación puntuarase o de maior número de horas de duración, en caso de que a duración sexa a mesma, valorarase o curso que se realizase ou impartise na data máis próxima a data na que remate o prazo de presentación de instancias.

**SEGUNDA FASE: MEMORIA (ata un máximo de 10 puntos)**

Elaboración e defensa dunha memoria que terá como obxecto unha análise das tarefas e funcións do posto de traballo, así como dos requisitos, condicións e medios necesarios para o seu desempeño, a xuízo da persoa candidata, tendo como base a descrición que consta na ficha descritiva do posto de traballo adxunto as bases.

A memoria evidenciará o coñecemento do contido funcional do posto, sus características, condiciones, medios necesarios e propostas organizativas e desenvolverá os seguintes apartados

1.- Análise das tarefas do posto, condicións e medios necesarios para o seu desenvolvemento
2.- Plan de organización do traballo
3.- Proxecto de mellora funcional
4.- Conclusións

A memoria terá unha extensión máxima de 50 páxinas e elaborarase dando cumprimento ás seguintes características técnicas: interliñado 1,5, letra “arial”, 12 puntos, paxinación ao final de cada páxina e impresión a dúas caras.

As persoas candidatas deberán proceder á defensa e exposición da memoria ante a comisión de valoración, durante un tempo de 30 minutos.

Os aspirantes serán convocados para a exposición e defensa pública pola Comisión de Valoración correspondente cunha antelación de, como mínimo, 3 días hábiles.

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 10/02/2026 10:38:10
Documento asinado

Os aspirantes con algunha discapacidade poderán pedir na solicitude de participación as posibles adaptacións de tempo e medios para a realización da exposición

No acto de defensa da memoria poderán facer uso dun guión previo que poderán levar elaborado á sesión (máximo 1 DIN-A4 polas dúas caras).

Tras a oportuna defensa da memoria, a comisión de valoración poderá efectuar as preguntas que considere conveniente acerca do seu contido, así como de calquera dos aspectos desenvolvidos durante a exposición. A comisión, valorará a través da memoria e da súa correspondente exposición e defensa oral os seguintes aspectos:

a) A estrutura formal e a claridade.
b) O contido e a capacidade de análise das tarefas do posto de traballo e dos requisitos, condicións e medios necesarios para o seu desempeño.
c) A capacidade de planificación, innovación, determinación de prioridades e toma de decisións.
d) Liderazgo de equipos: capacidade de xestión e motivación
e) Capacidade de impulsar a implantación e revisión de estratexias e iniciativas de melloras competencias dixitais
f) Capacidade de resolución de conflitos

A avaliación da memoria efectuarase mediante a puntuación obtida coa media aritmética das outorgadas por cada un dos membros da comisión avaliadora desbotando para estes efectos a máxima e a mínima concedidas. As puntuacións outorgadas, así como a avaliación final, deberán reflectirse na acta que se redactará para o efecto.

Unha vez outorgada a puntuación da memoria, a comisión levantará a acta correspondente que será publicada no prazo máximo dos cinco días seguintes a data da exposición, e na que deberán figurar os criterios de valoración aplicados pola comisión.

Establecerase unha puntuación mínima total de 25 puntos para a adxudicación do posto de traballo.

Criterios de desempate.- En caso de empate na puntuación, dirimirase conforme á puntuación obtida, no seu caso, na segunda fase, e se persistise ou en defecto de segunda fase pola obtida nos seguintes apartados na orde que se indica

a) Pola valoración do traballo desenvolvido
b) Polo grao persoal consolidado
c) Cursos de formación e perfeccionamento
d) Data de ingreso como funcionario de carreira, no Corpo, Escala ou Categoría dende a que concursa

S.ord. 23/01/2026

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 10/02/2026 10:38:10
Documento asinado


Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

e) Sexo infrarrepresentado
f) Sorteo

**QUINTO.- COMISIÓN DE VALORACIÓN**

A comisións de valoración estarán formadas por: un presidente, tres vocais, e un secretario e quedarán integradas, ademais, polos respectivos suplentes, que serán designados xunto cos titulares con motivo da aprobación da relación definitiva de aspirantes admitidos cuxa publicación realizarase como mínimo 48 horas antes da súa constitución,

As comisións de valoración serán predominantemente técnicas e deberán axustarse aos principios de profesionalidade e especialización dos seus membros e adecuaranse ao criterio de paridade entre home e muller. As persoas integrantes da comisión deberán estar desempeñando un posto de nivel xerárquico igual ou superior ao do posto convocado.

Todos os membros do comisión de valoración terán voz e voto. O procedemento de actuación do comisión de valoración axustarase ao disposto na Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do Sector Público.

As comisións de valoración poderán solicitar a designación de persoas expertas que, en calidade de asesoras, actuarán con voz pero sen voto.

As comisións de valoración fixará a puntuación que corresponda aos participantes na provisión de postos de traballo vacantes no Concello de Vigo, segundo os mérito establecidos na cláusula quinta.

A proposta que, de acordo con o establecido no apartado anterior, realicen as comisións de valoración, terá o carácter vinculante para o órgano encargado da resolución da convocatoria do concurso.

Unha vez as comisións de valoración fixesen valoración provisional do concurso, esta publicarase no taboleiro de anuncios do concello, podendo formular os aspirantes reclamación nos seguintes 10 días hábiles, no seu caso.

Unha vez examinadas e resoltas polas comisións as reclamacións, se as houbese, procederase a elevar proposta definitiva da resolución do concurso, entendendo a estimación ou desestimación das reclamacións implícita na proposta definitiva da resolución do concurso.

A Xunta de Goberno Local procederá a realizar o correspondente nomeamento, de conformidade coa proposta anterior.

O prazo para a resolución do concurso será de tres meses contados desde o día seguinte ao de fiscalización do prazo de presentación de solicitudes.

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 10/02/2026 10:38:10
Documento asinado

**SEXTO.- TOMA DE POSESIÓN**

O prazo de cesamento será de 3 días hábiles seguintes á publicación da resolución do concurso no BOP.

O prazo de toma de posesión será de 3 días hábiles se non implica cambio de residencia ou de sete días hábiles si comporta cambio de residencia e comezará a contarse a partir do día seguinte ao do cesamento. Cando a persoa adxudicataria do posto obteña coa súa toma de posesión o reingreso ao servizo activo, o prazo será dun mes.

O/a concelleiro/a delegado/a da área de Goberno onde preste servizos o funcionario poderá, mediante comunicación a Área de RRHH e Formación diferir o cesamento por necesidades do servizo, ata vinte días naturais. Excepcionalmente, a proposta do concelleiro/ delegado de área de goberno correspondente, poderá, por esixencias do normal funcionamento dos servizos do concello, aprazar a data do cesamento ata un máximo de tres meses, computada a prórroga prevista con anterioridade.

O cómputo dos prazos de posesión iniciarase cando terminen os permisos ou licenzas que, no seu caso, fosen concedidos aos interesados. Nos suposto de incapacidade temporal o cómputo do prazo iniciarase a partir da correspondente alta.

O prazo de posesión considerarse como de servizo activo, comezando os efectos económicos no novo destino desde a data de cesamento no de procedencia.

Os destinos adxudicados consideraranse de carácter voluntario, non xerando dereito ao abono de indemnizacións por concepto algún, sen prexuízo das excepcións previstas no réxime de indemnizacións por razón de servizo.

O persoal funcionario de carreira que non tome posesión do posto de traballo adxudicado no prazo establecido decaerá nos dereitos que lle poidan corresponder e, de ser o caso, será declarado en situación de excedencia voluntaria por interese particular, nos termos que regulamentariamente se determinen..

**SÉTIMO.- PUBLICIDADE**

As presentes bases, xunto coa resolución da convocatoria, publicaranse no Boletín Oficial da Provincia (BOP) de Pontevedra, no taboleiro de anuncios do Concello de Vigo, de forma complementaria, no apartado de emprego da Sede electrónica do Concello.

Así mesmo, publicarase un anuncio da convocatoria no Diario Oficial de Galicia (DOG) e no Boletín Oficial do Estado (BOE).

S.ord. 23/01/2026

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 10/02/2026 10:38:10
Documento asinado

A resolución da convocatoria, co nomeamento da persoa seleccionada, publicarase no BOP de Pontevedra, no taboleiro de anuncios do Concello de Vigo e na Sede electrónica do Concello de Vigo

**OITAVO.- RECURSOS**

Contra o presente acordo, que pon fin á vía administrativa, poderán os interesados interpoñer recurso potestativo de reposición ante a Xunta de Goberno Local no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación, de conformidade co establecido no artigo 124.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Pontevedra no prazo de dous meses dende a mesma data, consonte o previsto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

## 11(46).- BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA PÚBLICA PARA A PROVISIÓN DO POSTO DE "XEFE/A DE SEGURIDADE". EXPTE. 2007/1102.

Visto o informe de fiscalización do 07/01/2026, sométese a aprobación o informe-proposta de data 30/12/2025, asinado pola secretaria de Goberno local e conformado pola concelleira delegada de Recursos Humanos e Formación e a concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, que di o seguinte:

**ANTECEDENTES DE FEITO**

En data 23.09.2022 a Xunta de Goberno Local prestou aprobación definitiva a nova relación de postos de traballo do Concello de Vigo correspondente ao ano 2022 xunto coa memoria xustificativa asinada pola Secretaria de Administración Municipal de data sinatura dixital 27.06.2022 e guía de funcións asinadas pola técnica de Formación e Avaliación de data 26.06.2020 (BOP PO de data 30.09.2021).

Por resolución da concelleira delegada de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal de data 14.07.2023, que modifica a Resolución de data 3.11.2022 e posterior rectificación de erros de data 10.11.2022, designouse puntualmente como instrutora á Secretaria de Goberno Local da Susana Gallardo Fariña, aos efectos do previsto nas incidencias con respecto as cales foi comunicada a abstención da Xefa da Área de Recursos Humanos e Formación, en relación coa implementación das actuacións derivadas do Plan de Ordenación de Recursos Humanos para a provisión definitiva dos postos de traballo encadrados no Subgrupo A1 e A2 de titulación e tendentes á execución do fallo da Sentenza no 62/2021, ditada polo Xulgado do Contencioso-Administrativo no 2 de Vigo no procedemento abreviado no 180/2020 (expte. 41058-220).

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 10/02/2026 10:38:10
Documento asinado

A Xunta de Goberno Local, en data 15 de marzo de 2024 e posterior corrección de erros de 22 de marzo de 2024 prestou aprobación aos criterios xerais para a provisión definitiva dos postos de traballo encadrados nos subgrupos A1 e A2 de titulación existentes no Concello de Vigo, resultantes da negociación colectiva coa representación sindical do persoal desenvolta en sesións negociais celebradas en datas 10/03/2023 e 08/05/2023.

En data 13.03.2025 emitiuse informe de calendarización por parte desta Secretaría correspondente ao ano 2025 ao obxecto de continuar coa tramitación dos procedementos de provisión de postos de traballo cuxa instrución lle corresponde.

En base a dito informe, en data 27.12.2025 incoouse o procedemento de provisión de posto de traballo de xefe/a seguridade baixo a instrución da Secretaria de Goberno Local.

**LEXISLACIÓN APLICABLE**

A normativa aplicable en materia de provisión do postos de traballos nas entidades locais ven determinada polo TREBEP ao ser de preferente aplicación a lexislación básica estatal á lexislación autonómica sobre función pública que opera como dereito supletorio de primeiro grao (Sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia de 25 de abril de 2018). Concretamente o artigo 168 do TRRL dispón que a provisión de postos de traballo que, de conformidade coa relación aprobada, estean reservados ou poidan ser desempeñados por funcionarios de carreira, rexerase polas normas que, no desenvolvemento da lexislación básica en materia de función pública local, dite a Administración do Estado. E o artigo 101 da LRBRL remite en materia de provisión as normas que regulen estes procedementos en todas as Administracións públicas, entendendo como tales as básicas do estatuto básico del empregado público.

E por isto que o réxime xurídico en materia de provisión de postos de traballo ven determinado pola seguinte normativa

- **a)** Preceptos básicos das lexislacións e regulamentos estatais sobre función pública e réxime local. Fundamentalmente o estatuto básico do empregado público aprobado por Real decreto lexislativo 5/2015, de 30 de outubro (TREBEP), Lei 7/1985, reguladora de bases de réxime local e Texto Refundido de Réxime Local (LRBRL) (este último na disposición final 7ª sinala os preceptos básicos).
- **b)** Normativa autonómica sobre réxime local (Lei 5/1997, de administración local de Galicia) e normativa autonómica de función pública local (Lei 2/2015, de emprego público de Galicia -LEGAL-). e o Decreto 93/1991, do 20 de marzo, polo que se aproba o regulamento de provisión de postos de traballo, promoción profesional promoción interna, en aquilo que resulte aplicable, vixente en virtude do apartado 2 da disposición derrogatoria primeira da Lei 2/2015) e Decreto 151/2022, do 4 de agosto, polo que se aproba o Regulamento dos procedementos de mobilidade do persoal funcio-



ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 10/02/2026 10:38:10
Documento asinado

| | | |
|---|---|---|
| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 10/02/2026 10:38 | Páxina 43 de 93 |
| 2017-1102 Aprobado por XGL 30/01/2026 | CSV: A7BCAH-B8313E-CC4FBA-EHMXYH-WYYZYZ-FD | |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv | | |

nario de carreira da Administración Xeral da Comunidad Autónoma de Galicia e das entidades públicas instrumentais integrantes do sector público autonómico.

**c)** Preceptos non básicos das lexislacións e regulamentos estatais. Real decreto 364/1995, do 10 de marzo, polo que se aproba o regulamento xeral de ingreso do persoal ao servizo da Administración Xeral do Estado e de provisión de postos e promoción profesional dos funcionarios civís da Administración Xeral do Estado (RGI, de aplicación supletoria no eido local) e Regulamento Xeral de ingreso do persoal ao servizo da Administración Xeral do Estado e de provisión de postos de traballo e promoción profesional dos funcionarios civís da Administración Xeral do Estado

**d)** Regulamentos e ordenanzas locais.

**e)** Acordos e pactos reguladores das condicións de traballo dos funcionarios (Acordo regulador de condicións económicas e sociais funcionarios do Concello de Vigo e Convenio colectivos dos empregados integrados no cadro de persoal do Concello de Vigo aprobado polo pleno en sesión de data 28.12.1998)

**CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS**

PRIMEIRO.- Da provisión dos postos de traballo.-

O artigo 101 da LRBRL determina que os postos de traballo vacantes que deban ser cubertos polos funcionarios proveeranse en convocatoria pública polos procedementos de concurso de méritos o de libre designación, de acuerdo con las normas que regulen estos procedementos en todas las Administracións públicas.

Doutra banda, o artigo 168 do TRRL dispón que a provisión de postos de traballo o que estean reservados ou poidan ser desempeñados por funcionarios de carreira, rexerase polas normas que, en desenvolvemento da lexislación básica en materia de función pública local, dite a Administración del Estado.

O artigo 78 do TREBEP determina que a provisión de postos de traballo en cada Administración Pública levará a cabo polos procedementos de concurso e de libre designación con convocatoria pública.

A LEPG distingue entre o concurso ordinario como procedemento xeral de provisión dos postos de traballo que non teñan establecida outra forma de provisión na relación de postos de traballo (artigo 90.1) e o concurso específico como sistema de provisión para aqueles postos de traballo para os que, polas súas peculiaridades, así se determine na relación de postos de traballo (artigo 91) sinalando que as xefaturas de servizo ou os postos de nivel equivalente proveranse por este sistema, agás aqueles que, polas súas especiais características, deban proverse polo sistema de libre designación, con convocatoria pública A opción polo concurso específico reservase para aqueles postos que polas especificacións derivadas das funciones a realizar e as tarefas ou responsabilidades que o caracterizan, a xuízo do órgano administrativo convocante, deban ser incluidos nun concurso específico, a

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 10/02/2026 10:38:10
Documento asinado

fin de garantir de maneira máis precisa a idoneidade do funcionario que finalmente resulte adxudicatario para o desempeño del poesto convocado (Sentencia Audiencia Nacional de 12 Jun. 2013, Rec. 49/2013).

Non obstante tal e como sinala a STXG *338/2018 cando* **"** *a justificación del sistema de provisión viene contemplada en una norma con rango de Ley no es preciso que en la convocatoria específica se contenga una referencia o defensa particularizada del sistema de provisión elegido."e engade " En consecuencia, desde la entrada en vigor de dicha* Ley 2/2015 *, que tuvo lugar a los veinte días de su publicación en el Diario Oficial de Galicia (disposición final quinta, apartado 1 ), publicación que se produjo el 4 de mayo de 2015, la regla general es que las jefaturas de servicio han de proveerse por el sistema de concurso específico"*

Neste senso a RPT do ano 2022 contén memoria na que se determina e xustifica a provisión do posto obxecto da convocatoria polo sistema de concurso específico, sistema previsto igualmente na relación de postos de traballo do 2025 (BOPPO núm 237, de data 11 de decembro)

SEGUNDO.- Do procedemento.-

Consta no expediente a resolución de incoación, e as bases reguladoras da convocatoria pública para a provisión do posto de xefe/a seguridade baixo a instrución da Secretaria de Goberno Local. que se incorporan como anexo a proposta de acordo. As bases incorporan os criterios xerais para a provisión definitiva dos postos de traballo encadrados nos subgrupos A1 e A2 de titulación existentes no Concello de Vigo aprobados pola Xunta de Goberno Local en data 15 de marzo de 2024 e posterior corrección de erros de 22 de marzo de 2024 resultantes da negociación colectiva coa representación sindical.

O órgano competente para a aprobación das bases de provisión do posto e convocatoria é a Xunta de Goberno Local conforme o disposto no artigo 127.1.h da LRBRL.

E por isto polo que se eleva a Xunta de Goberno Local, previo informe de fiscalización da intervención Municipal a adopción do seguinte, **ACORDO:**

**PRIMEIRO.-** Aprobar as bases reguladoras transcritas no Anexo I, para a provisión do posto de xefe/a seguridade baixo a instrución da Secretaria de Goberno Local, mediante o sistema de concurso específico.

**SEGUNDO.-** Convocar o procedemento para a provisión do posto referenciado no apartado anterior.



ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 10/02/2026 10:38:10
Documento asinado

| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 10/02/2026 10:38 | Páxina 45 de 93 |
|---|---|---|
| 2017-1102 Aprobado por XGL 30/01/2026 | CSV: A7BCAH-B8313E-CC4FBA-EHMXYH-WYYZYZ-FD | |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv | | |

**TERCEIRO**. - Publicar a convocatoria xuntamente co texto íntegro das bases reguladoras no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, no Taboleiro de Edictos Electrónico do Concello de Vigo. O anuncio co extracto da convocatoria publicarase no Diario Oficial de Galicia (DOG), no Boletín Oficial del Estado, sendo a data deste anuncio a que servirá para o cómputo do prazo de presentación de instancias

## ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**ANEXO I**

**BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA PÚBLICA PARA A PROVISIÓN DO POSTO DE XEFE/A DE SEGURIDADE (EXPTE 2007-1102)**

**PRIMEIRA.- OBXECTO DA CONVOCATORIA**

É obxecto da presente convocatoria a provisión dun posto de traballo vacante e dotado economicamente nos orzamentos deste Concello, reservado a persoal funcionario de carreira do subgrupo A1 mediante o procedemento de concurso específico.

O posto de traballo convocado atópase recollido na relación de postos de traballo (RPT) do Concello de Vigo, publicada no BOP de Pontevedra núm. 237, do 11.12.2025 coas seguintes características:

- Denominación do posto: xefe/a Seguridade
- Servizo no que se adscribe: área de Mobilidade, Tráfico e Seguridade
- Referencia do posto (Ref Posto) na RPT: 2010102
- Escala: Aministración xeral
- Subescala: Subescala Técnica/Técnica Superior
- Grupo: A1
- Complemento de destino: 28
- Complemento específico anual: 25.046,00 €
- Sistema de provisión: concurso especifico

Funcións: as establecidas nas guías de funcións para o posto de está publicada no portal de transparencia https://transparencia.vigo.org/?id=149&tipo=ele&ita=0&lang=es.

De conformidade co artigo 14 da Constitución Española e a Lei Orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes, a Administración Pública terá en conta o principio de igualdade de trato entre homes e mulleres na provisión dos postos de traballo e promoción profesional do persoal funcionario.

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 10/02/2026 10:38:10
Documento asinado

**SEGUNDO.- SOLICITUDES**

1. Para presentar a solicitude o aspirante deberá ter unha antigüidade mínima de 3 anos como funcionario/a de carreira do Concello de Vigo.

Aquelas persoas que se atopen en situación de excedencia voluntaria por interese particular ou por agrupación familiar (artigo 89.2 e 3 do TREBEP) ou en situación de servizos especiais (art. 87 do TREBEP), só poderán participar no presente concurso se, a data do último día de presentación de solicitudes para participar no presente concurso, permaneceron na devandita situación durante un mínimo de dous anos.

Os funcionarios/as de carreira que desexen participar nesta convocatoria presentarán por medios electrónicos a instancia en modelo facilitado polo Concello e na páxina web do Concello no rexistro electrónico xeral do Concello durante o prazo de 15 días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial do Estado (BOE).

2. As solicitudes deberán ir acompañadas da seguinte documentación:

- Certificación acreditativa da condición de funcionario/a de carreira, con indicación da praza, grupo de clasificación e posto de traballo que ocupa, así como dos servizos, departamentos ou áreas funcionais nas que desenvolve o seu traballo, especificando o correspondente período.
- Declaración xurada ou promesa de posuír a capacidade funcional para o desenvolvemento das tarefas propias do posto de traballo obxecto da convocatoria.
- Documentación acreditativa dos méritos alegados polos aspirantes, salvo que consten no seu expediente persoal existente no arquivo do área de RRHH e Formación do Concello. En caso de non constar no citado expediente, deberán ser achegados coa instancia para que poidan ser valorados. Non se terán en conta os documentos que non queden debidamente acreditados en todos os seus extremos na data de finalización do prazo de presentación de instancias.
- Memoria asinada electronicamente requirida no apartado cuarto (segunda fase).

3. Vinculación da solicitude. Unha vez transcorrido o período de presentación de instancias, non poderá renunciarse ás solicitudes formuladas e estas serán vinculantes para o peticionario e o destino adxudicado será irrenunciable, salvo que se obteña outro destino mediante convocatoria pública antes de finalizar o prazo de toma de posesión.

4. Non se admitirá en ningún caso a presentación de memorias con posterioridade a data de finalización do prazo de presentación de solicitudes. A falta de presentación da memoria ou, no seu caso, o incumprimento dos requisitos que debe reunir a indicada memoria, ou a non comparecencia ao acto público para a súa exposición e defensa, comportará automaticamente a exclusión do aspirante do proceso de provisión.

S.ord. 23/01/2026

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 10/02/2026 10:38:10

Documento asinado

As persoas aspirantes con algunha discapacidade poderán pedir na solicitude de participación as posibles adaptacións de tempo e medios para a realización da segunda fase.

**TERCEIRO.- RELACIÓN DE ADMITIDOS E EXCLUÍDOS.**

1. Lista provisional. Unha vez que remate o prazo de presentación de instancias publicarase unha lista de admitidos e excluídos, con indicación das causas de exclusión, de ser o caso. Esta relación publicarase na páxina web do Concello (www.vigo.org) e no taboleiro de edictos.

2. Prazo reclamacións. Os aspirantes excluídos disporán dun prazo de 10 días hábiles, contados desde o seguinte ao da publicación da lista provisional de admitidos e excluídos, para poder emendar o defecto que motivara a súa exclusión. A estimación ou desestimación desta petición entenderase implícita na elevación da lista de admitidos e excluídos con carácter definitivo.

3. Lista definitiva. Unha vez que remate o prazo de reclamacións aprobarase a lista definitiva de aspirantes admitidos e excluídos que será publicada na páxina web do Concello (www.vigo.org) e no taboleiro de edictos. Contra dita resolución os aspirantes excluídos poderán interpoñer un recurso potestativo de reposición ante a Concelleira de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, no prazo dun mes, que se contará desde o día seguinte ao da publicación da resolución nos medios anteriormente sinalados, ou poderán impugnala directamente na orde xurisdicional contencioso-administrativa no prazo de 2 meses, que se contarán desde o día seguinte ao da publicación da dita resolución nos medios anteriormente sinalado

**CUARTO.- BAREMO PARA PUNTUACIÓN DOS MÉRITOS.-**

Os méritos que comprenden o baremo resultan en consecuencia da normativa e do acordo de aplicación integrándose polos seguintes méritos avaliables:

Este concurso específico consta de dúas fases: Na primeira fase valoraranse os méritos xerais e específicos adecuados ás características do posto convocado e na segunda fase a Memoria. Os méritos valoraranse con referencia á data do peche do prazo de presentación de instancias.

**PRIMEIRA FASE: Méritos xerais e específicos.** A puntuación máxima da primeira fase, méritos xerais e específicos será de 40 puntos, sendo necesario acadar unha puntuación mínima de 20 puntos para acceder á segunda fase.

**A).- Méritos xerais.-** A valoración máxima dos **méritos xerais** será de 20 puntos.

**1.1.1– Grao persoal consolidado (ata un máximo de 4 puntos)**

O grao persoal consolidado como persoal empregado público do Corpo/Escala desde o que se participa valorarase en relación co nivel do posto ao que se convoca ata un máximo de 4 puntos do seguinte xeito:

Pola posesión dun grao persoal superior ao do posto solicitado, 4 puntos.

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 10/02/2026 10:38:10

Documento asinado

Pola posesión dun grao persoal igual ao do posto solicitado, 3 puntos.
Pola posesión dun grao persoal inferior nun grao ao do posto solicitado, 2 puntos.
Pola posesión dun grao persoal inferior en dous graos ao do posto solicitado, 1 punto.

**1.1.2 – Antigüidade (ata un máximo de 2 puntos)**

Valorarase a razón de 0,025 puntos por cada mes completo de servizo, ata un máximo de 2 puntos, computándose para estes efectos os recoñecidos que se prestaron con anterioridade á adquisición da condición de persoal empregado público ao amparo do disposto na Lei 70/1978, do 26 de decembro.

Non se computarán os servizos prestados simultaneamente con outros igualmente alegados

**1.1.3. Exercicio de dereitos de conciliación por parte do solicitante ( ata un máximo de 1 puntos).**

- Permiso por parto, adopción ou acollemento: 0,25 puntos por permiso, ata un máximo de 0,5 puntos.

- Permiso do outro proxenitor por nacemento, acollemento ou adopción dun fillo: 0,15 puntos por permiso, ata un máximo de 0,3 puntos.

- Redución de xornada do artigo 106.2 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia: 0,005 puntos por mes de redución, ata un máximo de 0,10 puntos.

- Excedencia por coidado de familiares: 0,005 puntos por cada mes completo de excedencia, ata un máximo de 0,10 puntos.

**1.1.4.- Valoración do traballo desenvolvido (ata un máximo de 3 puntos)**

Polo desempeño de postos de traballo anteriores á data de finalización do prazo de presentación de solicitudes

- Polo desempeño de postos de traballo de nivel de complemento de destino igual ou superior ao do posto ao que se concursa: 0,05 puntos por mes traballado.

- Polo desempeño dun posto de traballo de nivel de complemento de destino inferior nun ou dous niveis ao do posto ao que se concursa: 0,033 puntos por mes traballado.

- Polo desempeño dun posto de traballo de nivel de complemento de destino inferior en máis de dous niveis ao do posto ao que se concursa: 0,016 puntos por mes traballado.

S.ord. 23/01/2026

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 10/02/2026 10:38:10
Documento asinado

A prestación efectiva de servizos valorada neste apartado non poder ser obxecto de puntuación no apartado de experiencia profesional dos méritos específicos (1.1.8)”

**1.1.5. Cursos de formación e perfeccionamento.- (ata un máximo de 5 puntos)**

1.1.5.1 Asistencia a cursos de formación e perfeccionamento relacionados con carácter xeral co posto de traballo que se convoca e nos que se expida diploma, certificado de asistencia, ou certificación de aproveitamento, puntuarase segundo a súa duración da seguinte forma:

- Cursos con certificado de aproveitamento: 0,05 puntos por hora.
- Cursos con certificado de asistencia: 0,03 puntos por hora.

Valoraranse unicamente aquelas accións formativas recibidas, sempre que fosen organizadas por centros ou entidades acollidos ao Plan de Formación Continua das Administracións Públicas, centros oficiais de formación, as organizacións sindicais, o Concello de Vigo e os seus organismos autónomos ou polo resto de administracións pública. Igualmente deberán valorarse polo seu carácter transversal os cursos en materia de linguaxe non sexista, prevención do acoso, sobre igualdade e corresponsabilidade e violencia de xénero recoñecidos polas administracións públicas.

Non se valorarán os cursos que non acrediten o número de horas de duración, así como os de duración inferior a 5 horas, nin as xornadas, simposios, congresos ou similares. Nos cursos de informática, valoraranse aqueles cuxos diplomas estean expedidos con posterioridade ao ano 2000. Cando se acrediten varios cursos con idéntica denominación puntuarase o de maior número de horas de duración, en caso de que a duración sexa a mesma, valorarase o curso que se realizase ou impartise na data máis próxima a data na que remate o prazo de presentación de instancias.

Polo seu carácter obrigatorio non serán obxecto de baremación os cursos básicos de carácter obrigatorio impartidos inicialmente en materia de prevención de Riscos Laborais.

1.1.5.2.- Impartición de cursos de formación e perfeccionamento relacionados coa área de experiencia de cada posto de traballo que se convoca, no ámbito da Administración Publica e directamente relacionados co posto de traballo que se convoca, puntuarase por 0,05 puntos por cada hora do curso.

Non se puntuarán os cursos que se refiran a materias diferentes ás funcións do posto de traballo que se convoca.

Todos os cursos deberán ser impartidos ou homologados por organismos públicos oficiais.

A puntuación máxima a acadar coa suma dos apartados 1.1.5.1, 1.1.5.2 será dun máximo de 5 puntos.

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 10/02/2026 10:38:10

Documento asinado

**1.1.6. - Titulacións académicas (ata un máximo de 3 puntos)**

Valorarase a titulación académica universitaria oficial sempre que sexa distinta á utilizada para o ingreso no corpo/escala desde o que se concurse e sexa de igual ou superior nivel académico. As titulacións valoraranse de forma acumulativa.

- Máster oficial universitario: 0,30 puntos.
- Diplomado/a universitario/a ou equivalente: 0,40 puntos.
- Graduado/a universitario ou equivalente: 0,50 puntos.
- Doutoramento: 0,70 punto
- Licenciado/a universitario/a ou equivalente: 0,80 puntos.

**1.1.7.-Nivel de coñecemento da lingua galega (ata un máximo de 2 puntos)**

Certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega:

- Linguaxe administrativa medio ou equivalente segundo coa Orde 13/06/2011, DOG 24 de xuño: 1 puntos.

- Linguaxe administrativa superior ou equivalente segundo coa Orde 13/06/2011, DOG 24 de xuño: 2,00 puntos.

Só se valorará o título de maior nivel.

Só se concederá validez aos cursos, estudios ou titulacións homologadas polo órgano competente en materia de política lingüística.

A puntuación máxima a acadar neste apartado será de 2,00 puntos.

**B).- Méritos específicos.** A valoración máxima dos **méritos específicos** será de 20 puntos.

A valoración máxima dos méritos específicos será de 20 puntos. Valoraranse os seguintes méritos específicos:

**1.1.8. Experiencia profesional (ata un máximo de 8 puntos)**

Valorarase a experiencia profesional adquirida polo desempeño efectivos de servizos segundo as seguintes especificacións:

1- Prestación efectiva de servizos, en adscrición definitiva ou provisional en postos de traballo do subgrupo A1/A2 de xefatura de nivel de complemento de destino 27 a 30 en calquera administra-



ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 10/02/2026 10:38:10
Documento asinado

| | | |
|---|---|---|
| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 10/02/2026 10:38 | Páxina 51 de 93 |
| 2017-1102 Aprobado por XGL 30/01/2026 | CSV: A7BCAH-B8313E-CC4FBA-EHMXYH-WYYZYZ-FD | |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv | | |

ción pública, no ámbito de competencias do servizo ao que se convoca: 0,075 puntos por cada mes completo.

2- Prestación efectiva de servizos, en adscrición definitiva ou provisional en postos de traballo do subgrupo A1/A2 de xefatura de nivel de complemento de destino 24 a 26 en calquera administración pública, no ámbito de competencias do servizo ao que se convoca: 0,050 puntos por cada mes completo.

3- Prestación efectiva de servizos, en adscrición definitiva ou provisional en postos de traballo do subgrupo A1/A2 de xefatura de nivel de complemento de destino inferior ao 24 en calquera administración pública, no ámbito de competencias do servizo ao que se convoca: 0,025 puntos por cada mes completo.

4- Prestación efectiva de servizos, en adscrición definitiva ou provisional en postos de traballo do subgrupo A1/A2 sen desempeñar xefatura e sen distinción de niveis en calquera administración pública, no ámbito de competencias do servizo ao que se convoca: 0,020 puntos por cada mes completo.

A experiencia profesional adquirida mediante prestación efectiva de servizos en comisión de servizos valorarase en todo caso coa limitación da duración máxima legalmente prevista.

A experiencia profesional no servizo que se convoca que exceda do límite máximo deste apartado valorarase no apartado 1.1.4.

**1.1.9.- Formación específica (ata máximo 12 puntos)**

Cursos de formación e perfeccionamento en materias específicas propias do Servizo que se convoca.

A acreditación destes méritos realizarase mediante diploma ou certificación de aproveitamento ou asistencia, e puntuarase segundo a súa duración da seguinte forma:

- Cursos con certificado de aproveitamento: 0,05 puntos por hora.
- Cursos con certificado de asistencia: 0,03 puntos por hora.

Todos os cursos deberán ser impartidos ou homologados por organismos públicos oficiais.

A acreditación dos méritos para valorar nesta base realizarase mediante diploma ou certificado emitido polo organismo oficial ou homologado polas Administracións Públicas ou centros oficiais de formación que organicen o curso, onde se indique o número de horas, con indicación no seu caso do aproveitamento.

Non se valorarán os cursos que non acrediten o número de horas de duración, así como os de duración inferior a 20 horas.

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 10/02/2026 10:38:10
Documento asinado

Cando se acrediten varios cursos con idéntica denominación puntuarase o de maior número de horas de duración, en caso de que a duración sexa a mesma, valorarase o curso que se realizase ou impartise na data máis próxima a data na que remate o prazo de presentación de instancias.

**SEGUNDA FASE: MEMORIA (ata un máximo de 10 puntos)**

Elaboración e defensa dunha memoria que terá como obxecto unha análise das tarefas e funcións do posto de traballo, así como dos requisitos, condicións e medios necesarios para o seu desempeño, a xuízo da persoa candidata, tendo como base a descrición que consta na ficha descritiva do posto de traballo adxunto as bases.

A memoria evidenciará o coñecemento do contido funcional do posto, sus características, condiciones, medios necesarios e propostas organizativas e desenvolverá os seguintes apartados

1.- Análise das tarefas do posto, condicións e medios necesarios para o seu desenvolvemento
2.- Plan de organización do traballo
3.- Proxecto de mellora funcional
4.- Conclusións

A memoria terá unha extensión máxima de 50 páxinas e elaborarase dando cumprimento ás seguintes características técnicas: interliñado 1,5, letra “arial”, 12 puntos, paxinación ao final de cada páxina e impresión a dúas caras.

As persoas candidatas deberán proceder á defensa e exposición da memoria ante a comisión de valoración, durante un tempo de 30 minutos.

Os aspirantes serán convocados para a exposición e defensa pública pola Comisión de Valoración correspondente cunha antelación de, como mínimo, 3 días hábiles.

Os aspirantes con algunha discapacidade poderán pedir na solicitude de participación as posibles adaptacións de tempo e medios para a realización da exposición

No acto de defensa da memoria poderán facer uso dun guión previo que poderán levar elaborado á sesión (máximo 1 DIN-A4 polas dúas caras).

Tras a oportuna defensa da memoria, a comisión de valoración poderá efectuar as preguntas que considere conveniente acerca do seu contido, así como de calquera dos aspectos desenvolvidos durante a exposición. A comisión, valorará a través da memoria e da súa correspondente exposición e defensa oral os seguintes aspectos:

a) A estrutura formal e a claridade.



ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 10/02/2026 10:38:10
Documento asinado

| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 10/02/2026 10:38 | Páxina 53 de 93 |
|---|---|---|
| 2017-1102 Aprobado por XGL 30/01/2026 | CSV: A7BCAH-B8313E-CC4FBA-EHMXYH-WYYZYZ-FD | |

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

b) O contido e a capacidade de análise das tarefas do posto de traballo e dos requisitos, condicións e medios necesarios para o seu desempeño.
c) A capacidade de planificación, innovación, determinación de prioridades e toma de decisións.
d) Liderazgo de equipos: capacidade de xestión e motivación
e) Capacidade de impulsar a implantación e revisión de estratexias e iniciativas de melloras competencias dixitais
f) Capacidade de resolución de conflitos

A avaliación da memoria efectuarase mediante a puntuación obtida coa media aritmética das outorgadas por cada un dos membros da comisión avaliadora desbotando para estes efectos a máxima e a mínima concedidas. As puntuacións outorgadas, así como a avaliación final, deberán reflectirse na acta que se redactará para o efecto.

Unha vez outorgada a puntuación da memoria, a comisión levantará a acta correspondente que será publicada no prazo máximo dos cinco días seguintes a data da exposición, e na que deberán figurar os criterios de valoración aplicados pola comisión.

Establecerase unha puntuación mínima total de 25 puntos para a adxudicación do posto de traballo.

Criterios de desempate.- En caso de empate na puntuación, dirimirase conforme á puntuación obtida, no seu caso, na segunda fase, e se persistise ou en defecto de segunda fase pola obtida nos seguintes apartados na orde que se indica

a) Pola valoración do traballo desenvolvido
b) Polo grao persoal consolidado
c) Cursos de formación e perfeccionamento
d) Data de ingreso como funcionario de carreira, no Corpo, Escala ou Categoría dende a que concursa
e) Sexo infrarrepresentado
f) Sorteo

**QUINTO.- COMISIÓN DE VALORACIÓN**

A comisións de valoración estarán formadas por: un presidente, tres vocais, e un secretario e quedarán integradas, ademais, polos respectivos suplentes, que serán designados xunto cos titulares con motivo da aprobación da relación definitiva de aspirantes admitidos cuxa publicación realizarase como mínimo 48 horas antes da súa constitución,

As comisións de valoración serán predominantemente técnicas e deberán axustarse aos principios de profesionalidade e especialización dos seus membros e adecuaranse ao criterio de paridade entre home e muller. As persoas integrantes da comisión deberán estar desempeñando un posto de nivel xerárquico igual ou superior ao do posto convocado.

Todos os membros do comisión de valoración terán voz e voto. O procedemento de actuación do

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 10/02/2026 10:38:10
Documento asinado

comisión de valoración axustarase ao disposto na Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do Sector Público.

As comisións de valoración poderán solicitar a designación de persoas expertas que, en calidade de asesoras, actuarán con voz pero sen voto.

As comisións de valoración fixará a puntuación que corresponda aos participantes na provisión de postos de traballo vacantes no Concello de Vigo, segundo os mérito establecidos na cláusula quinta.

A proposta que, de acordo con o establecido no apartado anterior, realicen as comisións de valoración, terá o carácter vinculante para o órgano encargado da resolución da convocatoria do concurso.

Unha vez as comisións de valoración fixesen valoración provisional do concurso, esta publicarase no taboleiro de anuncios do concello, podendo formular os aspirantes reclamación nos seguintes 10 días hábiles, no seu caso.

Unha vez examinadas e resoltas polas comisións as reclamacións, se as houbese, procederase a elevar proposta definitiva da resolución do concurso, entendendo a estimación ou desestimación das reclamacións implícita na proposta definitiva da resolución do concurso.

A Xunta de Goberno Local procederá a realizar o correspondente nomeamento, de conformidade coa proposta anterior.

O prazo para a resolución do concurso será de tres meses contados desde o día seguinte ao de fiscalización do prazo de presentación de solicitudes.

**SEXTO.- TOMA DE POSESIÓN**

O prazo de cesamento será de 3 días hábiles seguintes á publicación da resolución do concurso no BOP.

O prazo de toma de posesión será de 3 días hábiles se non implica cambio de residencia ou de sete días hábiles si comporta cambio de residencia e comezará a contarse a partir do día seguinte ao do cesamento. Cando a persoa adxudicataria do posto obteña coa súa toma de posesión o reingreso ao servizo activo, o prazo será dun mes.

O/a concelleiro/a delegado/a da área de Goberno onde preste servizos o funcionario poderá, mediante comunicación a Área de RRHH e Formación diferir o cesamento por necesidades do servizo, ata vinte días naturais. Excepcionalmente, a proposta do concelleiro/ delegado de área de



ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 10/02/2026 10:38:10
Documento asinado

| | | |
|---|---|---|
| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 10/02/2026 10:38 | Páxina 55 de 93 |
| 2017-1102 Aprobado por XGL 30/01/2026 | CSV: A7BCAH-B8313E-CC4FBA-EHMXYH-WYYZYZ-FD | |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv | | |

goberno correspondente, poderá, por esixencias do normal funcionamento dos servizos do concello, aprazar a data do cesamento ata un máximo de tres meses, computada a prórroga prevista con anterioridade.

O cómputo dos prazos de posesión iniciarase cando terminen os permisos ou licenzas que, no seu caso, fosen concedidos aos interesados. Nos suposto de incapacidade temporal o cómputo do prazo iniciarase a partir da correspondente alta.

O prazo de posesión considerarse como de servizo activo, comezando os efectos económicos no novo destino desde a data de cesamento no de procedencia.

Os destinos adxudicados consideraranse de carácter voluntario, non xerando dereito ao abono de indemnizacións por concepto algún, sen prexuízo das excepcións previstas no réxime de indemnizacións por razón de servizo.

O persoal funcionario de carreira que non tome posesión do posto de traballo adxudicado no prazo establecido decaerá nos dereitos que lle poidan corresponder e, de ser o caso, será declarado en situación de excedencia voluntaria por interese particular, nos termos que regulamentariamente se determinen..

**SÉTIMO.- PUBLICIDADE**

As presentes bases, xunto coa resolución da convocatoria, publicaranse no Boletín Oficial da Provincia (BOP) de Pontevedra, no taboleiro de anuncios do Concello de Vigo, de forma complementaria, no apartado de emprego da Sede electrónica do Concello.

Así mesmo, publicarase un anuncio da convocatoria no Diario Oficial de Galicia (DOG) e no Boletín Oficial do Estado (BOE).

A resolución da convocatoria, co nomeamento da persoa seleccionada, publicarase no BOP de Pontevedra, no taboleiro de anuncios do Concello de Vigo e na Sede electrónica do Concello de Vigo

**OITAVO.- RECURSOS**

Contra o presente acordo, que pon fin á vía administrativa, poderán os interesados interpoñer recurso potestativo de reposición ante a Xunta de Goberno Local no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación, de conformidade co establecido no artigo 124.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Pontevedra no prazo de dous meses dende a mesma data, consonte o previsto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 10/02/2026 10:38:10

Documento asinado

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 10/02/2026 10:38:10

**12(47).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN COA AXENCIA GALEGA DAS INDUSTRIAS CULTURAIS (AGADIC) PARA A PROGRAMACIÓN DE ARTES ESCÉNICAS DO AUDITORIO MUNICIPAL NO PRIMEIRO SEMESTRE DO ANO 2026. EXPTE. 6471/330.**

Visto o informe xurídico do 07/01/2026 e o informe de fiscalización do 14/01/2026, sométese a aprobación o informe-proposta do 07/01/2026, asinado polo xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural e conformado polo concelleiro-delegado de Cultura e pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

A Constitución Española no seu artigo 44.1 establece que os poderes públicos promoverán e tutelarán o acceso á cultura, á que todos teñen dereito.

A Lei 7/1985 establece nos seus artigos 25.1 e 25.2.m as competencias municipais en materia de cultura entre as que se inclúen a promoción da cultura e equipamentos culturais.

Pola súa banda, o Decreto de delegación da Alcaldía do 19 de xuño do 2023 e resolución de modificación do 25 de setembro do 2025 e do acordo da Xunta de Goberno Local de 7 de novembro do 2025, polo que se aproba o texto consolidado de delegación de competencias da Xunta de Goberno Local nos concelleiros delegados da Área de Goberno, delegan na concelleira-delegada da Área de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura e Igualdade “a promoción e difusión da Cultura e o fomento de toda clase de actividades que promovan a creatividade artística en xeral."

A Concellería de Cultura organiza semestralmente a programación estable municipal das artes escénicas, con programación de música, teatro, danza, circo e maxia.

A Axencia Galega das Industrias Culturais é un organismo no que a Xunta de Galicia, coa participación necesaria dos sectores culturais implicados, centraliza os programas de apoio dentro do obxectivo xenérico de promoción e fomento da cultura galega impulsado pola Consellería de Cultura e Turismo. A Lei 4/2008, do 23 de maio de creación da Axencia Galega das Industrias Culturais (AGADIC) a define como unha entidade de dereito público con personalidade xurídica propia, patrimonio propio e autonomía na súa xestión, que ten por obxecto o impulso e a consolidación do tecido empresarial no sector cultural galego e no artigo 5 establece como unha das súas funcións promover a distribución dos produtos culturais do noso país, fomentando a creación de públicos e facilitando o acceso da cultura galega a novos mercados dentro e fóra do noso país, en concreto facilitando o acceso da cultura das artes escénicas galegas.

Para a consecución destes obxectivos creouse a Rede Galega de Teatros e Auditorios, que ten como principal finalidade fomentar a difusión das artes escénicas a través dunha programación estable e coordinada nos teatros e auditorios de Galicia, a través dun programa de colaboración coas entidades titulares dos espazos escénicos integrados na citada rede.



Documento asinado

| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 10/02/2026 10:38 | Páxina 57 de 93 |
|---|---|---|
| 2017-1102 Aprobado por XGL 30/01/2026 | CSV: A7BCAH-B8313E-CC4FBA-EHMXYH-WYYZYZ-FD | |

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

A vantaxe económica para a Administración Municipal está baseada en que se percibirá unha achega económica que permitirá facer unha programación máis ampla no seguinte semestre.

No convenio previsto para este semestre contémplanse un total de 26 espectáculos que suporían un importe total de **123.426,50 euros, dos** que a entidade AGADIC achegará ao Concello de Vigo **56.867,45 euros**, impostos incluídos, e o Concello de Vigo achegará a cantidade restante **66.559,05 euros.**

A programación do primeiro semestre de 2026 foi aprobada por resolución da concelleira-delegada da Área de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura e Igualdade, do 15 de decembro de 2025.

Os contratos destes espectáculos tramitaranse a través de contratos privados de natureza artística, por parte da Área de Cultura, con cargo ao orzamento municipal vixente para 2026, concretamente na aplicación 3331.226.09.06 "Programación Auditorio Municipal", que ten saldo adecuado e suficiente.

Os contratos destes espectáculos tramitaranse a través de contratos privados de natureza artística por parte da Área de Cultura con cargo ao orzamento municipal vixente para 2026. Trátase dunha programación estable que se realiza cada ano. Unha vez realizadas as actuacións previstas e efectuados os pagos ás compañías que se contraten que aparecen neste convenio, realizarase a xustificación correspondente ao Agadic para que proceda ao ingreso do importe conveniado. Unha vez asinado o convenio, Cultura tramitará a correspondente xeración de crédito, polo importe de **56.867,45 euros**, na aplicación orzamentaria 3331.226.0906 "Programación Auditorio Municipal", o cal permitirá incorporar este importe para o financiamento da programación do ano 2026. A consecuencia de non asinar este convenio sería non recibir a contía económica prevista por parte de AGADIC, o que causaría a redución proporcional da programación para o seguinte semestre.

Enténdese, xa que logo que o obxecto deste convenio é a aprobación do texto deste que sirve para cofinanciar a dita programación a través da achega de AGADIC de **56.867,45** €, sendo polo tanto un expediente de ingresos e non de gasto, non sendo obxecto deste expediente a fiscalización dos contratos privados de gasto menor que se realizan para contratar as actividades, que se fiscalizan no seu momento por parte da Intervención Municipal.

Tal e como se establece no artigo 47 da Lei 40/2015 de 1 de outubro de réxime xurídico do sector público, este convenio non ten por obxecto a prestación propia dun contrato. Así pois este documento non estaría suxeito á Lei de contratos do sector público, xa que simplemente consiste na sinatura dun acordo de colaboración polo que AGADIC fai unha achega económica para fomentar a contratación de artistas nos concellos adheridos á Rede Galega de Teatros e Auditorios. Trataríase pois dun convenio de tipo interadministrativo, asinado entre dúas Administracións Públicas.

O artigo 48 da citada lei establece que as Administracións Públicas, os seus organismos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes e as Universidades públicas, no ámbito das súas respectivas competencias, poderán subscribir convenios con suxeitos de dereito público ou privado, sen que isto supoña a cesión da titularidade da competencia.

Documento asinado
ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 10/02/2026 10:38:10

A subscrición deste convenio mellorará a eficacia da xestión pública, facilitando a utilización conxunta de medios e servizos públicos e contribuíndo á realización de actividades de utilidade pública cumprindo coa lexislación de estabilidade orzamentaria e de sostenibilidade financieira.

A achega financieira que se compromete a realizar a AGADIC non será superior en ningún caso aos gastos derivados da execución deste convenio.

O convenio remitido pola AGADIC para a súa sinatura inclúe as materias sinaladas no artigo 49 da Lei 40/2015 sinalada anteriormente.

Os termos que establece a lexislación vixente en canto a análise da necesidade da sinatura do presente convenio, así como a necesidade, oportunidade e impacto económico e o carácter non contractual do mesmo están expostos na memoria xustificativa do contrato anexa a este expediente previa ao presente informe proposta.

A base 40.2 das de execución do orzamento xeral do ano 2026 establece que os convenios serán subscritos, en representación do Concello, pola Alcaldía-Presidencia ou concelleiro/a en quen delegue. A competencia para asinar o convenio corresponde á concelleira-delegada da Área de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura e Igualdade en virtude do decreto da alcaldía do 19 de xuño do 2023 e resolución de modificación do 25 de setembro do 2025.

Á vista do exposto, coa conformidade do concelleiro-delegado de Cultura e maila concelleira-delegada da Área de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura e Igualdade, previo informe xurídico e informe de Intervención Xeral, faise a seguinte

**PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO.-**
**"**Aprobar o texto de convenio entre o Concello de Vigo e a "Axencia Galega das Industrias Culturáis, Agadic", polo importe total de **123.426,50 euros, dos** que a entidade AGADIC achegará ao Concello de Vigo **56.867,45 euros**, impostos incluídos, e o Concello de Vigo achegará a cantidade restante **66.559,05 euros**, para o financiamento dos espectáculos incluídos na programación seleccionada dentro do catálogo de propostas da Rede Galega de teatros e auditorios para o primeiro semestre do ano 2026, aprobada por resolución da concelleira-delegada da Área de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura e Igualdade de data 15 de decembro de 2025".

## ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

S.ord. 23/01/2026

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 10/02/2026 10:38:10
Documento asinado

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA GALEGA DAS INDUSTRIAS CULTURAIS E A ENTIDADE CONCELLO DE VIGO PARA A XESTIÓN DA PROGRAMACIÓN DA REDE GALEGA DE TEATROS E AUDITORIOS DO PRIMEIRO SEMESTRE DO ANO 2026

**COMPARECEN**

Dunha banda, Jacobo Sutil Nesta, director da Axencia Galega das Industrias Culturais (Agadic), con NIF Q6550009B, no exercicio das facultades e demais funcións que lle foron conferidas por razón do seu cargo pola Lei 4/2008, do 23 de maio, de creación da Axencia Galega das Industrias Culturais, o Decreto 150/2012, de 12 de xullo, polo que se aproba o Estatuto da Axencia Galega das Industrias Culturais, e en virtude da resolución do 24 de xullo de 2012, do presidente do Consello Reitor da Axencia Galega das Industrias Culturais, de delegación de competencias na persoa titular da Dirección da Agadic (DOG nº 164 de 29 de agosto de 2012).

Doutra, María Carmen Silva Rego, representante de CONCELLO DE VIGO (P3605700H), en virtude das facultades representativas que lle atribúe o artigo 61.1 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.

E dando fe, por parte do concello, a persoa responsable da secretaría, en virtude do RD 128/2018, de 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios da administración local con habilitación de carácter nacional.

Ambas as partes actúan no exercicio dos seus respectivos cargos, coa representación legal que ostentan, e recoñécense mutuamente capacidade legal para convir no nome das entidades que representan e teñen conferidas e a tal fin formalizan este convenio, que se enmarcará dentro da Rede Galega de Teatros e Auditorios.

**EXPOÑEN**

**PRIMEIRO**. A Axencia Galega das Industrias Culturais é o organismo no que a Xunta de Galicia, coa participación necesaria dos sectores culturais implicados, centraliza os programas de apoio ao sector cultural dentro do obxectivo xenérico de promoción e fomento da cultura galega impulsado pola Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude.

**SEGUNDO**. O artigo 3.1 da Lei 4/2008, do 23 de maio, de creación da Axencia Galega das Industrias Culturais define o seu obxecto establecendo: "A Agadic ten por obxecto o impulso e a consolidación do tecido empresarial no sector cultural galego cooperando na achega de factores produtivos, no fomento da oferta de bens e servizos e na asignación de ingresos suficientes e estables"

**TERCEIRO**. O artigo 5.1 da Lei 4/2008, do 23 de maio, determina que unha das funcións da Axencia é: "Promover a distribución dos produtos culturais do noso país, fomentando a creación de públicos e facilitando o acceso da cultura galega a novos mercados", e o artigo 5.2 establece que: "A Agadic poderá, para o logro dos seus obxectivos, celebrar convenios con institucións públicas e privadas".

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 10/02/2026 10:38:10

Documento asinado

**CUARTO**. O artigo 47.1 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público establece que: "son convenios os acordos con efectos xurídicos adoptados polas Administracións Públicas, os organismos públicos e entidades de dereito público vinculado ou dependentes ou as Universidades públicas entre si ou con suxeitos de dereito privado para un fin común".

**QUINTO**. A Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e a Lei 5/1997, de 22 de xuño da administración local de Galicia, atribúe competencias tanto aos concellos como ás deputacións de fomento e organización de actividades nos seus respectivos ámbitos territoriais.

**SEXTO**. A Resolución de 21 de novembro de 2006 pola que se regula a estrutura, a organización e o funcionamento da Rede Galega de Teatros e Auditorios establece na súa parte expositiva que a dita rede creouse "para promover a distribución das producións escénicas e musicais galegas, actuando como mercado preferente para o teatro, a danza e a música e dotándoo dunha estabilidade na súa programación habitual". Está constituída pola Axencia Galega das Industrias Culturais e polas entidades titulares de teatros e auditorios que voluntariamente se adhiren para a difusión das artes escénicas e musicais a través dunha programación estable e coordinada mediante a colaboración dos axentes implicados.

**SÉTIMO**. A Resolución do 28 de febreiro de 2011, pola que se establecen as normas de funcionamento das programacións incluídas na Rede Galega de Teatros e Auditorios, establece no artigo 2: "As programacións da Rede Galega de Teatros e Auditorios estruturaranse en dous períodos de programación, que comprenderán os meses de xaneiro a xuño, o primeiro, e de xullo a decembro, o segundo".

**OITAVO**. CONCELLO DE VIGO , e a Axencia acordan colaborar con este convenio ao considerar necesaria a difusión das artes escénicas e musicais a través da Rede Galega de Teatros e Auditorios, ofertando unha programación estable e coordinada na que non é posible promover a concorrencia pública para levar a cabo as actividades previstas no convenio, nas que a Agadic e a entidade local participan en calidade de coorganizadores.

Polo anteriormente exposto, as partes, no nome e representación en que concorren e con capacidade legal para este acto, acordan as seguintes

**ESTIPULACIÓNS**

**PRIMEIRA.-OBXECTO**

O obxecto deste convenio é o desenvolvemento conxunto da programación do segundo primeiro semestre do ano 2026 no Auditorio Municipal integrado na Rede Galega de Teatros e Auditorios, de conformidade co disposto na Resolución do 21 de novembro de 2006, pola que se regula a estrutura, a organización e o funcionamento da Rede Galega de Teatros e Auditorios, principal instrumento da Axencia para promover a distribución das producións escénicas e musicais galegas, así como na resolución do 28 de febreiro de 2011 pola que se establecen as normas de funcionamento das programacións incluídas na citada Rede.

S.ord. 23/01/2026

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 10/02/2026 10:38:10
Documento asinado

As intervencións obxecto deste convenio están incluídas no plan estratéxico de convenios de colaboración a subscribir pola Axencia Galega das Industrias Culturais e as entidades asociadas á Rede Galega de Teatros e Auditorios para o ano 2026.

**SEGUNDA.- OBRIGAS DA ENTIDADE**

Mediante a sinatura deste convenio CONCELLO DE VIGO, comprométese a levar a cabo as actuacións especificadas no cadro da estipulación cuarta e debendo asumir as seguintes obrigas:

a) Levar a cabo a contratación das actividades programadas de conformidade coa lexislación contractual aplicable e vixente.

b) Aboar ás compañías ou grupos participantes na programación o estipulado no contrato.

c) Asumir os gastos derivados da organización puntual de cada actividade, da coordinación e xestión do ciclo de actuacións, así como dos gastos de difusión gráfica e oral, e o pagamento dos dereitos de autor á entidade xestora dos mesmos.

d) Remitir a información sobre públicos e recadación da billeteira en formato electrónico a través da plataforma www.galescena.gal nun prazo non superior aos cinco días hábiles seguintes á celebración de cada actuación.

e) Comunicar, con antelación suficiente, á dirección da Axencia calquera modificación da programación, en particular, ao referente ás alteracións unilaterais do calendario de actuacións, os horarios de celebración ou dos espazos nos que se desenvolve a programación.

f) Utilizar en todo o material de difusión, así como nos actos de comunicación pública, que se realice ao abeiro das actuacións contidas neste convenio a imaxe corporativa da Rede Galega de Teatros e Auditorios,, facendo mención expresa da colaboración da Xunta de Galicia no desenvolvemento das actividades conveniadas, seguindo as normas respectivas en materia de identidade corporativa.

g) Poñer á venda as entradas para cada actuación cos prezos mínimos recollidos na normativa de funcionamento da Rede Galega de Teatros e Auditorios e aplicará os descontos previstos nela. A recadación xerada pola venda de entradas da programación aquí recollida non suporá ánimo de lucro para ningunha das entidades.

h) Facilitar á Axencia, sempre previa solicitude, as invitacións para cada actividade dentro dos límites establecidos no artigo 5.3 da Resolución de 28 de febreiro de 2011.
O incumprimento total ou parcial de calquera das devanditas obrigas conlevará a perda total ou parcial da achega de Axencia percibida pola entidade pública.

**TERCEIRA.-OBRIGAS DA AGADIC**

A Axencia, dentro das súas competencias, comprométese a coordinar, e a asesorar tecnicamente, todas as actuacións para o correcto desenvolvemento do convenio así como das programacións aprobadas e, en concreto:

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 10/02/2026 10:38:10
Documento asinado

a) Realizar dúas convocatorias anuais para a realización da programación, que será de xeito semestral.

b) Xestionar e manter actualizada a plataforma de xestión: www.galescena.gal, para que os grupos e compañías profesionais realicen as súas propostas e as entidades programadoras realizarán a programación semestral.

c) Revisar, comprobar e aprobar as programacións realizadas, a través do departamento competente en materia de programación, segundo a normativa de funcionamento da Rede Galega de Teatros e Auditorios.

d) Colaborar e apoiar o labor de promoción e difusión das programacións previstas nos medios de comunicación tanto impresos como dixitais.

e) Elaborar informes de público así como, calquera outro tipo de informes, avaliacións e estatísticas que estime oportunos para acadar unha maior eficiencia na xestión das programacións.

f) Facer fronte ao pagamento das cantidades estipuladas neste convenio sempre que a xustificación achegada sexa correcta.

**CUARTA.- FINANCIAMENTO**

O custe total das actividades previstas no convenio ascende a un total de 123,426.50 euros importe que será sufragado coas seguintes achegas:

- A Axencia aportará unha achega de 56,867.45 euros (impostos incluídos), cantidade que irá con cargo á aplicación orzamentaria 13.A1 432B 640 1 correspondente aos orzamentos da Axencia para o ano 2026.

Este convenio tramitarase como anticipado de gasto no ano 2025 e quedará condicionado á aprobación da Lei de orzamentos da Comunidade Autónoma do ano 2026, e sempre que exista crédito adecuado e suficiente para atender as obrigas derivadas do convenio.

- A entidade, colaborará coa cantidade restante de 66,559.05 euros (impostos incluídos).

Estas achegas financiarán exclusivamente o custe de realización das actividades obxecto deste convenio, sen que ningunha das partes obteñan lucro ningún.

O importe económico asumido de cada unha das partes, así como a programación é a que segue:

S.ord. 23/01/2026

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 10/02/2026 10:38:10
Documento asinado



Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

| Programación | Compañía/Grupo | Espectáculo/Concerto | Data | Lugar | AGADIC | Espazo |
|---|---|---|---|---|---|---|
| PA | Amorodio Teatro | BRAZALETES | 06-02-2026 | Auditorio Municipal do Concello de Vigo | 760.00 | 1,140.00 |
| PA | Rosa Cedrón | 30 ANOS DE MÚSICA GALEGA (Trío) | 07-02-2026 | Auditorio Municipal do Concello de Vigo | 3,339.60 | 5,009.40 |
| PI | Cia.MeLaBuffa | El Profesor Bromera | 08-02-2026 | Auditorio Municipal do Concello de Vigo | 600.00 | 900.00 |
| PA | Cinema Sticado | OH, MAMMI BLUE | 20-02-2026 | Auditorio Municipal do Concello de Vigo | 932.80 | 1,399.20 |
| PA | Ainé | Parasimpáticas, un espectáculo de Lucía Veiga e Marita Martínez | 21-02-2026 | Auditorio Municipal do Concello de Vigo | 1,306.80 | 1,960.20 |
| PI | ESCENA MIRIÑAQUE | tÁ | 22-02-2026 | Auditorio Municipal do Concello de Vigo | 1,064.80 | 1,597.20 |
| PA | Contraproducións S.L | MEMORIAS DUN NENO LABREGO (FORMATO GRANDE) | 27-02-2026 | Auditorio Municipal do Concello de Vigo | 3,120.00 | 4,680.00 |
| PA | De Vacas | VACANAL SINFÓNICA | 28-02-2026 | Auditorio Municipal do Concello de Vigo | 7,211.60 | 10,817.40 |
| PI | La Menuda Produccions | Lumiero | 01-03-2026 | Auditorio Municipal do Concello de Vigo | 2,662.00 | 3,993.00 |
| PA | Cia Campi | Matres | 08-03-2026 | Auditorio Municipal do Concello de Vigo | 2,032.80 | 3,049.20 |
| PA | De Ste Xeito Producións | Señores que din | 13-03-2026 | Auditorio Municipal do Concello de Vigo | 2,100.00 | 2,100.00 |
| PA | De Ste Xeito Producións | Señores que din | 14-03-2026 | Auditorio Municipal do Concello de Vigo | 3,150.00 | 420.00 +15 % bill. |
| PA | MAGO RAFA | IMPOSIBLE!? | 15-03-2026 | Auditorio Municipal do Concello de Vigo | 528.00 | 792.00 |
| PA | Talía Teatro | ARTUR UI, O OVO DA SERPE | 20-03-2026 | Auditorio Municipal do Concello de Vigo | 2,196.00 | 3,294.00 |
| PI | LIMIAR TEATRO | CANTO CONTO! (versión Sala) | 22-03-2026 | Auditorio Municipal do Concello de Vigo | 680.00 | 1,020.00 |
| PA | RON LALÁ TEATRO S.L. | LA DESCONQUISTA | 10-04-2026 | Auditorio Municipal do Concello de Vigo | 4,791.60 | 7,187.40 |
| PA | Tanttaka Teatroa | Sabes que las flores de plástico nunca han de vivido, ¿verdad? | 11-04-2026 | Auditorio Municipal | 3,366.00 | 5,049.00 |
| PI | Caramuxo Teatro | CRISÁLIDA | 12-04-2026 | Auditorio Municipal do Concello de Vigo | 1,200.00 | 1,800.00 |
| PA | Ibuprofeno Teatro | BIO CONSTRUCIÓN | 17-04-2 | Auditorio Municipal | 1,355.20 | 2,032.80 |

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 10/02/2026 10:38:10

Documento asinado

| | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | 026 | do Concello de Vigo | | |
| PA | Pistacatro Productora de Soños S.L. | BAGAXE | 18-04-2026 | Auditorio Municipal do Concello de Vigo | 1,080.00 | 1,620.00 |
| PI | Circo Chosco | Tavole | 19-04-2026 | Auditorio Municipal do Concello de Vigo | 895.60 | 1,343.40 |
| PA | Oscar Cobos Compañía de Danza | NOVE ESPELLOS | 24-04-2026 | Auditorio Municipal do Concello de Vigo | 5,039.65 | 2,159.85 |
| PA | Fran Sieira-Compañía de danza | BenQuerer, Fran Sieira báilalle a Caamaño&Ameixeiras | 25-04-2026 | Auditorio Municipal do Concello de Vigo | 5,915.00 | 2,535.00 |
| PI | Cía. SÖA | Coa cabeza nas nubes (versión de sala) | 26-04-2026 | Auditorio Municipal do Concello de Vigo | 1,540.00 | 660.00 |
| | | | | Total: | 56,867.45 € | 66,559.05 € |

**QUINTA.- XUSTIFICACIÓN E PAGAMENTO**

A documentación requirida na fase xustificativa presentarase con data límite do 31 de agosto de 2026 de forma electrónica, a través da sede da Xunta de Galicia (https://sede.xunta.gal/).

A xustificación deberá conter a seguinte documentación:

- Conta xustificativa dos gastos realizados conforme ao establecido no convenio que deberá conter con carácter xeral: identificación do acredor (denominación e NIF), nº de factura ou documento de valor probatorio, concepto do gasto claramente expresado, importe, data de emisión e data pagamento. Igualmente, serán válidos os documentos de gasto comprometido ou recoñecemento da obriga das actividades sempre que teñan data anterior o 31 de agosto de 2026.

- Informe do responsable da programación de que a realización da actividade desenvolveuse de acordo co establecido no convenio e, de ser o caso, deixará constancia de calquera incidencia que afecte ao desenvolvemento da mesma.

- Copia do material de difusión e promoción das actividades recollidas neste convenio onde apareza reflectida a imaxe corporativa da Rede Galega de Teatro e Auditorios, así como aqueles logotipos que estivesen en vigor no momento da sinatura do convenio.

En calquera momento, a Axencia poderá solicitar, unha vez finalizado o período de programación correspondente, orixinais ou copias compulsadas da seguinte documentación:

- Facturas oficiais, con especificación do IVE e demais impostos que se inclúen, emitidas en forma legal e debidamente conformadas consonte co R.D. 1496/2003, do 28 de novembro na súa última redacción.

S.ord. 23/01/2026

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 10/02/2026 10:38:10
Documento asinado

- Xustificación bancaria dos pagamentos, onde conste o número da factura obxecto do pagamento, a identificación do pagador e o destinatario do pagamento, que deberá coincidir coa persoa, empresa ou entidade que emitiu a factura.

No caso de que a xustificación do gasto comprometido neste convenio sexa inferior, a achega económica da Axencia minorarase de forma proporcional.

O pagamento das cantidades estipuladas neste convenio por parte da Axencia realizarase previa solicitude da entidad, e efectuarase en dúas fases:

- O 50% do importe comprometido pola Axencia, trala sinatura do convenio, logo de acreditar as labores de coordinación e xestión da programación mediante a presentación dunha memoria explicativa das labores realizadas de cara ao cumprimento das obrigas que asumen en virtude do convenio.

- O outro 50% do importe ao remate da programación, unha vez xustificada correctamente a totalidade da programación indicada na cláusula cuarta.

**SEXTA.- REXISTRO DE CONVENIOS. TRANSPARENCIA E BO GOBERNO**

Este convenio será obxecto de publicidade e inscrición de conformidade co disposto no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, e no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia. Así mesmo, será obxecto de publicación e inscrición en cumprimento do disposto no artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, o artigo 15 da Lei 9/2017, do 13 de xuño, e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006.

As partes asinantes deberán cumprir coas obrigas derivadas da entrada en vigor da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno. A estes efectos, os asinantes prestan consentimento ou autorización para que os seus datos persoais que consten no convenio, e mais o resto das especificacións contidas no mesmo, poidan ser publicados no Portal da Transparencia e Goberno Aberto. Así mesmo, os asinantes aceptan e consenten a remisión do convenio, logo da súa sinatura, ao Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

**SÉTIMA.-DEREITOS SOBRE A INFORMACIÓN E DIFUSIÓN DA COLABORACIÓN DAS PARTES**

Nas actividades derivadas do obxecto do convenio, tanto nos actos públicos coma no material de difusión que se elabore, as partes comprométense a facer mención expresa da colaboración da Xunta de Galicia no desenvolvemento das actividades conveniadas.

A entidade comprométese a utilizar en todo o material de difusión que realice ao abeiro deste convenio a imaxe corporativa da Rede Galega de Teatros e Auditorios, seguindo as normas respectivas en materia de identidade corporativa.

Calquera que sexa o medio de difusión, ambas partes comprométense a facer mención expresa deste convenio.

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 10/02/2026 10:38:10

Documento asinado

Os resultados froito deste convenio serán de titularidade e uso común da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude e da entidade asinante. Calquera transformación dos resultados do programa de colaboración conxunta requirirá o consentimento expreso dos asinantes do convenio.

**OITAVA.-COMISIÓN DE SEGUIMENTO DO CONVENIO**

De acordo co previsto no artigo 49.f da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, créase un órgano mixto de vixilancia e control da execución e aplicación deste convenio e de resolución de controversias administrativas. A esta comisión mixta de seguimento serán sometidas todas as cuestións derivadas do desenvolvemento deste convenio e non recollidas nel, e, con carácter previo, aquelas que impliquen desconformidade por algunha das partes asinantes

Esta comisión estará integrada polos seguintes membros:

- A persoa titular da Dirección da Agadic actuará como presidente e a suplencia exercerase pola persoa titular do Departamento de Coordinación Xeral e Xerencia da Agadic.

- A persoa que legalmente represente á entidade local que asine o convenio.

- Actuará como secretario ou secretaria, con voz pero sen voto, un membro do cadro de persoal da Agadic

**NOVENA.- MODIFICACIÓN E RESOLUCIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN**

1. As modificacións do convenio adoptaranse por acordo expreso e escrito das partes asinantes e de acordo cos trámites que esixa a normativa vixente.

2. Serán causas de resolución do presente convenio:

-O incumprimento do seu obxecto.

-O incumprimento total ou parcial dalgunha das cláusulas que o regulan.

-O transcurso do tempo estipulado sen que se culminen as actividades acordadas.
-O acordo unánime dos asinantes.

-A decisión xudicial declarativa da nulidade do convenio.

3. En caso de resolución, o convenio terá os efectos establecidos no artigo 52 da Lei 40/2015, do 1 de outubro

4. Os convenios subscritos pola Administración xeral da Comunidade Autónoma e as entidades instrumentais do sector público autonómico poderán ser obxecto de modificación cando teñan como finalidade o logro dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e



ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 10/02/2026 10:38:10
Documento asinado

sostenibilidade financeira. As ditas modificacións terán por obxecto a redución do volume das obrigas ou a ampliación do seu prazo de execución.

**DÉCIMA.- RESPONSABILIDADE DAS ACTUACIÓNS**

A sinatura deste convenio non implica relación contractual de ningún tipo entre as persoas que vaian desenvolver as actividades previstas e a Xunta de Galicia, de tal xeito que a esta non se lle pode esixir responsabilidade ningunha nin directa, nin indirecta, nin subsidiaria polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do convenio.

**DÉCIMO PRIMEIRA.-NOTIFICACIÓN ELECTRÓNICA**

Segundo o artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, establece que os colectivos que están obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas administración públicas e recibir notificacións por canles electrónicas son as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica, os colexios profesionais, os que representen un interesado que estea obrigado a relacionarse electronicamente coa administración e os empregados das administracións públicas para os trámites que realicen con elas por razón da súa condición de empregado público.

As notificacións realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia https://notifica.xunta.gal. Para poder acceder a unha notificación electrónica, a persoa interesada deberá contar cun certificado electrónico asociado ao NIF que figure como destinatario da notificación (persoa física ou xurídica). Así mesmo, o interesado pode autorizar a calquera outra persoa a acceder ao contido das súas notificacións.

**DÉCIMO SEGUNDA.-INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL**

1. Os datos persoais recadados neste convenio serán tratados na súa condición de responsable pola Xunta de Galicia -Agadic- coas finalidades de levar a cabo a tramitación administrativa que se derive da concesión da subvención a través deste convenio.

2. O tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha misión de interese público ou no exercicio de poderes públicos, conforme ao Decreto 150/2012, do 12 de xullo, polo que se aproba o Estatuto da Axencia Galega das Industrias Culturais, o Decreto 53/2021, do 18 de marzo, polo que se modifica o Estatuto da Axencia Galega das Industriais Culturais, aprobado polo Decreto 150/2012, do 12 de xullo, a Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime xurídico do sector público, a Lei 16/2010, do 17 de decembro, de Organización e funcionamento da Administración Xeral e do sector público autonómico de Galicia, a Lei 4/2008, do 23 de maio, de creación da Axencia Galega das Industrias Culturais, a Lei 1/2016, do 18 de xaneiro de Transparencia e bo goberno e o Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

3. Os datos serán comunicados ás Administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 10/02/2026 10:38:10

Documento asinado

ou para que os cidadáns poidan acceder de forma integral á información relativa a unha materia coa finalidade de cumprir co obxecto deste convenio.

4. A referencia á publicidade, en cumprimento da normativa de transparencia e subvencións, axustarase á dita normativa e coas limitacións que esta establece.

5. As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercitar outros dereitos ou retirar o seu consentimento, a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou presencialmente nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora no procedemento administrativo común, segundo se explícita na información adicional recollida en https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos.

6. Así mesmo, a entidade conveniante someterase ao disposto no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento dos datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos) e a Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais.

**DÉCIMO TERCEIRA.-NORMATIVA APLICABLE E XURISDICIÓN**

Este convenio ten carácter administrativo e os seus efectos rexeranse polo establecido nas súas estipulacións, e así mesmo ao disposto nos artigos 47 e seguintes da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público.

Segundo o previsto no artigo 6 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público aínda que o convenio está excluído do seu ámbito de aplicación, ao non previsto e de acordo co seu artigo 4 aplicaránselle os principios recollidos nela, co fin de resolver dúbidas e omisións que puidesen presentarse. Así mesmo, supletoriamente terase en conta o Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, pola que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia e a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e demais normativa aplicable e vixente na materia.

A xurisdición contencioso administrativa será a competente para dirimir as cuestións que puidesen xurdir da aplicación deste convenio.

**DÉCIMO CUARTA.- ADMINISTRACIÓN DIXITAL**

As partes asinantes deste convenio respectarán cantas esixencias establece a Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia (DOG 26 de xullo de 2019), que será aplicable ao sector público autonómico, integrado, de acordo co artigo 3 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral do sector público autonómico de Galicia, pola Administración xeral e polas entidades instrumentais e, tamén, será aplicable á cidadanía que ten o deber de utilizar os servizos públicos dixitais que se poñan a súa disposición de xeito adecuado, co respecto das normas de uso, xerais ou específicas, que se establezan para cada un dos servizos e, en particular, os cidadáns e as cidadás deberán utilizar os sistemas de identificación e de sinatura electrónicas de que sexan



ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 10/02/2026 10:38:10
Documento asinado

| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 10/02/2026 10:38 | Páxina 69 de 93 |
|---|---|---|
| 2017-1102 Aprobado por XGL 30/01/2026 | CSV: A7BCAH-B8313E-CC4FBA-EHMXYH-WYYZYZ-FD | |

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

lexítimos titulares, usar a información dispoñible conforme a política de privacidade publicada e respectar a normativa en materia de protección de datos de carácter persoal (artigos 2 a) e b) e 7 apartados 1 e 2 respectivamente da citada lei).

**DÉCIMO QUINTA.- VIXENCIA**

Este convenio entrará en vigor na data da súa sinatura e terá vixencia ata o 31 de agosto de 2026.

E en proba de conformidade de canto antecede, asinan este convenio na data que figura na marxe

**13(48).- PRÓRROGA DO CONTRATO DOS SERVIZOS DE PUBLICIDADE PARA AS CAMPAÑAS E ACCIÓNS DE COMUNICACIÓN, PUBLICIDADE E PROMOCIÓN TURÍSTICA IMPULSADAS DESDE O SERVIZO DE TURISMO DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 8957/104.**

Visto o informe xurídico de data 14/01/2026 e o informe de fiscalización do 19/01/2026, sométese a aprobación o informe-proposta do 07/10/2026, asinado pola xefa de Turismo e conformado pola concelleira delegada, a concelleira da Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

**NORMATIVA DE APLICACIÓN.**

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación dos servizos de publicidade para as campañas e accións de comunicación, publicidade e promoción turística impulsadas desde o Servizo de Turismo do Concello de Vigo

**ANTECEDENTES**

**a)** A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria de , acordou en data 29 de decembro de 2023.

> *"Adxudicar a* ECOVIGO PUBLICIDAD S.L.*, o* procedemento aberto para a contratación dos servizos de publicidade para as campañas e accións de comunicación, publicidade e promoción turística impulsadas desde o Servizo

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 10/02/2026 10:38:10

Documento asinado

de Turismo do Concello de Vigo por un prezo de 291.293,69 (IVE engadido) e coas seguintes condicións:

- Cunha porcentaxe de desconto a aplicar ao prezos máximos das tarifas oficiais de cada un dos espazos publicitarios dos medios de comunicación do 60%.
- Cunha porcentaxe de desconto a aplicar ao prezo unitario máximo para o deseño da imaxe e proposta de creatividade das campañas do servizo de Turismo do 50,76%.
- Cunha porcentaxe de desconto dos prezos unitarios máximos para a realización e produción de cuñas radiofónicas de 30 segundos que incluirán produción de dereitos, montaxe e locutor do 46,28%
- Cunha redución dos prezos unitarios máximos para a elaboración de accións específicas de comunicación e promoción do 50,76%.
- Cunha redución dos prezos unitarios para a impresión do material gráfico do 67,50%.

*Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada".*

b) En data 23.01.24 formalizouse o contrato administrativo que recolle na cláusula 4: "O contrato comezará o 24 de xaneiro de 2024 e terá un prazo de duración dun ano. Contémplanse 3 prórrogas dun ano de duración cada unha".

c) En data 13.12.24 a Xunta de Goberno Local acorda a primeira prorroga do contrato de servizos de publicidade para as campañas e accións de comunicación, publicidade e promoción turística impulsadas dende o Servizo de Turismo, no período 24.01.2025 a 23.01.2026, ( Expte. 8730-104)

d) En data 11.12.25 previa comunicación, a mercantil Ecovigo Publicidad S.L. amosa a súa conformidade coa prórroga do contrato dun ano (entre 24 de xaneiro de 2026 a 23 de xaneiro de 2027)

**CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS**

I.- O obxecto da presente licitación, é a contratación dunha axencia de publicidade para realizar os servizos de creación, planificación, xestión, produción e compra de espazos publicitarios en diferentes medios e soportes, así como a execución e o seguimento dos mesmos, para a difusión nos distintos medios de comunicación das campañas e accións puntuais de comunicación, publicidade e promoción impulsadas desde o Servizo de Turismo do Concello de Vigo, relativas á promoción turística da marca Vigo como destino turístico, así como dar a coñecer, ás empresas e distintas asociacións que forman parte do sector turístico da cidade, as diversas campañas, accións, eventos, e incluso a estratexia turística



ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 10/02/2026 10:38:10
Documento asinado

| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 10/02/2026 10:38 | Páxina 71 de 93 |
|---|---|---|
| 2017-1102 Aprobado por XGL 30/01/2026 | CSV: A7BCAH-B8313E-CC4FBA-EHMXYH-WYYZYZ-FD | |

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

da cidade, actualmente vixente, determina que o contrato comezara o día da súa sinatura debendo rematar 23 de xaneiro de 2025 e contemplan tres prórrogas de un ano de duración

Así mesmo o prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) que rexe o contrato prevé na cláusula 4. f das follas de especificacións do contrato tres prórrogas dun ano de duración cada unha . E a cláusula 7.3 do PCAP, conforme o artigo 29 da LCSP sinala que as prórrogas son obrigatorias para o adxudicatario sempre que medie acordo expreso da Xunta de Goberno do Concello de Vigo, e se lle notifique con dous meses de antelación a finalización do prazo da duración do contrato. Quedando exceptuados da obriga de preaviso os contratos cuxa duración fora inferior a dous meses.

Neste senso cómpre sinalar que a prórroga do prazo de duración outórgase co fin de que o contratista execute a prestación contratada outra vez, por un novo período (anual) e durante o prazo de execución previsto no prego ( entre o 24 de xaneiro de 2026 a 23 de xaneiro de 2027)

II.- A actual empresa adxudicataria ECOVIGO PUBLICIDAD S.L no transcurso do período contractual desenvolveu os traballos de acordo ós criterios marcados no prego de condicións técnicas, de xeito satisfactorio.

Os traballos a realizar pola empresa adxudicataria consistiron nas seguintes actuacións:

- Deseño da imaxe e as creatividades individuais para cada unha das campañas anuais previstas no presente contrato coas súas posibles subcampañas ou desenvolvemento de accións puntuais dentro de cada unha delas.
- Planificación e execución do Plan de Medios, das diferentes campañas publicitarias ou accións concretando as actuacións, os medios e soportes máis idóneos ao destino coa finalidade de conseguir a maior difusión e maior cobertura do público obxectivo
- Produción, maquetación e impresión de material gráfico e de anuncios en medios e soportes publicitarios.
- Negociación e contratación dos espazos publicitarios en todos os medios/soportes que se determinen no plan de medios.
- Seguimento e control das campañas de publicidade e das accións publicitarias planificadas nos distintos medios e avaliación de eficacia e resultados mediante a realización dunha memoria á finalización de cada campaña publicitaria.
- Desenvolvemento e execución de accións puntuais de publicidade e promoción turística que non estando incluídos nos anteriores resulten de interese.

III.- A prórroga resulta da necesidade de dar continuidade aos servizos de publicidade para as campañas e accións de comunicación, publicidade e promoción turística impulsadas desde o servizo de turismo do concello de Vigo, servizo que se atopa ligado as competencias municipais en materia de promoción turística da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de Réxime Local art 25,2.h) " e segundo dispón o artigo 80.2.n da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, as actividades e instalacións culturais e deportivas, a ocupación do tempo libre e o turismo.

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 10/02/2026 10:38:10
Documento asinado

IV.- Os créditos para financiar a prórroga obteranse da partida orzamentaria 4320.2260200 “Promoción e accións de comunicación e promoción turística” sendo necesario realizar documentos económicos coa seguinte distribución de anualidade.

| PRORROGAS | MENSUALIDADES | IMPORTE (SEN IVE) | IMPORTE(CON IVE) |
|---|---|---|---|
| 2ª PRORROGA 2026-2027<br><br>24/01/2026-23/01/2027 | 24/01/2026-31/12/2026 | 220.677,00€ | 267.019,17€ |
| | 01/01/2027-23/01/2027 | 20.061,59 | 24.274,52€ |
| Total Orz.anual Licit. | | 240.738,59€ | 291.293,69€ |

Polo anteriormente exposto e, conforme establece LCSP 9/2017 do 8 de novembro , proponse a Xunta de goberno Local previo informe xurídico e de intervención da seguinte proposta de acordo.

**Primeiro:** Acordar a segunda prórroga anual do contrato da xestión de publicidade para as campañas e accións de comunicación, publicidade e promoción turística impulsadas desde o servizo de turismo do concello de Vigo, coas seguintes condicións:

- Prezo do contrato: 240.738,59€, sendo a cota correspondente ao IVE de 50.5551€ o que fai un prezo total de 291.293,69€.
- Prazo de execución do contrato entre o 24 de xaneiro de 2026 a 23 de xaneiro de 2027.

**Segundo:** Autorizar o gasto por un importe de 291.293,69€ necesario para desenvolver as prestacións, con cargo a partida orzamentaria 4320.2260200 “Promoción e accións de comunicación e promoción turística” , coa seguinte distribución de anualidades.

| MENSUALIDADES | IMPORTE (SEN IVE) | IMPORTE(CON IVE) |
|---|---|---|
| 24/01/2026-31/12/2026 | 220.677,00€ | 267.019,17€ |
| 01/01/2027-23/01/2027 | 20.061,59 | 24.274,52€ |
| | 240.738,59€ | 291.293,69€ |

S.ord. 23/01/2026

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 10/02/2026 10:38:10

Documento asinado

**Terceiro**: Notificar o acordo da segunda prórroga a empresa Ecovigo Publicidad S.L. con CIF B36614808 , nos termos establecidos no art. 43 da Lei 39/2015, de réxime xurídico das administracións públicas, con indicación expresa de que contra o mesmo poderán interpoñer recurso de reposición, ante o órgano que a dita, no prazo dun mes ou recurso contencioso administrativo ante a Xurisdición Contencioso Administrativa de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos contados a partir do día seguinte a recepción da notificación do acordo, de conformidade cos art. 123 e 124 da Lei 39/2015, de RXAP e 8.1 e 46.1 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa. Porén, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar resolución.

**ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

## ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicions legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto lexislativo 781/1986 de 18 de abril.

.- Aprobación do proxecto básico e de execución de "Rehabilitación e transformación do contorno urbano da Gran Vía, entre a rúa Gerona e a rúa Tarragona". Expte. 6835/443.

.- Declarar deserto o procedemento aberto para a contratación do servizo de redacción do proxecto de obras de execución da intervención urbana artística no barrio do Rocío no marco do Programa municipal de medianeiras. expte. 12609/307.

.- Informe sobre recurso especial presentado contra a adxudicación do procedemento aberto do servizo de vixilancia do centro municipal de distrito da Raposeira. Expte. 12231/320.

Antes do tratamento de ditos asuntos para a súa aprobación (no seu caso, fora da orde do día) os membros da Xunta de Goberno Local presentes manifestan non estar incursos en causa de incompatibilidade ni conflito de intereses, nos termos establecidos no modelo aprobado para a Xunta de Goberno Local por Resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 24.02.2021, e de conformidade co°Plan de Integridade na Contratación, aprobado pola Xunta de Goberno Local en

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 10/02/2026 10:38:10
Documento asinado

data 12.12.2020, e o seu Desenvolvemento Operativo aprobado por resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 17.12.2019.

**14(49).- APROBACIÓN DO PROXECTO BÁSICO E DE EXECUCIÓN DE "REHABILITACIÓN E TRANSFORMACIÓN DO CONTORNO URBANO DA GRAN VÍA, ENTRE A RÚA GERONA E A RÚA TARRAGONA". Expte. 6835/443.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Sométese a aprobación o informe-proposta de data 22/01/2026, asinado pola técnica de Xestión, o xefe do Servizo Xurídico de Servizos Xerais, o xefe da Área de Servizos Xerais e conformado polo concelleiro da Área de Goberno, que di o seguinte:

**ANTECEDENTES DE FEITO**

**I.-** A Xunta de Goberno Local en data 21 de marzo de 2025, entre outros adoptou o seguinte acordo;

*"Adxudicar a ANTEA IBEROLATAM, SLU o procedemento aberto para a contratación do servizo de redacción do proxecto de obras de "Rehabilitación e transformación da contorna urbana da Gran Vía entre Praza España e Praza América" (2080-441) por un prezo total do contrato de 221.055,81 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 38.365,06 euros.*
*Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada".*

**II.-** A dita mercantil presenta trala fase de supervisión do borrador presentado, presenta documento de proxecto de proxecto básico e de execución "REHABILITACIÓN E TRANSFORMACIÓN DO CONTORNO URBANO DA GRAN VÍA, ENTRE RÚA GERONA E RÚA TARRAGONA", redactado polo Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos D. Roberto Núñez de Arenas Basteiro, pola Arquitecta Dna. Laura Garrido Fernández e polo Arquitecto D. Juan Manuel Tizón Álvarez.

**III.-** O xefe da Área de Servizos Xerais o día 14.10.2025 informou que o documento presentado cumpre cos obxectivos do contrato, polo que o concelleiro da Área de Fomento, Servizos e Deportes, a proposta do xefe do Servizo Xurídico de Servizos Xerais, o día 16.10.2025 resolveu iniciar expediente para a aprobación do citado proxecto.

**IV.-** A actuación localízase na avda Gran Vía dende a rúa Gerona ata a rúa Tarragona. O tramo ten unha lonxitude de 370 metros.



ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 10/02/2026 10:38:10
Documento asinado

| | | |
|---|---|---|
| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 10/02/2026 10:38 | Páxina 75 de 93 |
| 2017-1102 Aprobado por XGL 30/01/2026 | CSV: A7BCAH-B8313E-CC4FBA-EHMXYH-WYYZYZ-FD | |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv | | |

- As obras a executar son as seguintes:
- Mellora da accesibilidade no ámbito
- Fomentar a mobilidade sostible e a multimodalidade no transporte urbano
- Potenciar o desenvolvemento da actividade comercial
- Rexenerar o ambiente urbano
- Apostar por tecnoloxías intelixentes na xestión do tráfico e os servizos urbanos (Smart Cities)
- Mínima afección á vexetación existente no bulevar.
- Instalación de elementos mecánicos de mobilidade.
- Redistribución do espazo público a favor dos modos de mobilidade sostibles.

Fundamentalmente os obxectivos da actuación son os de mellorar a calidade dos espazos para a mobilidade peonil, rexeneración dun espazo como é o bulevar e mellora da mobilidade e seguridade.

Todo isto levarase a cabo con criterios acordes a actuacións similares na contorna, que pivoten na sostibilidade das actuacións proxectadas, facilidade de mantemento, alta calidade de materiais, criterios de seguridade e emprego de novas tecnoloxías.

O prazo estimado para a execución das obras descritas é de DOCE (12) MESES.

**V.-** A enxeñeira de camiños, canais e portos e a enxeñeira da Oficina de Supervisión de Proxectos, Inspección Técnica de Obras e Asis. Téc. Municipal emiten o día 22.01.2026 informe de supervisión do proxecto obxecto deste expediente, indicando o seguinte:

*"(...)*
*De acordo ao Planeamento vixente no Concello de Vigo é a Revisión do Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM), aprobado definitivamente polo Pleno do Concello de Vigo en data 26/05/2025 (expte. 15313/411), publicado no DOG nº123 de data 30/06/2025, co certificado de inscrición no Rexistro de ordenación do territorio e planeamento urbanístico de Galicia de data 07/07/2025, e publicación no BOP nº146, de data 04/08/2025, coa súa entrada en vigor o 27/08/2025, o ámbito das obras está localizado en solo clasificado como solo urbano consolidado e a actuación recollida no proxecto non afecta as aliñacións representadas nos correspondentes planos nin altera nin modifica o uso previsto nas normas nin o uso actual ao que se destinan na actualidade, tal como indica o proxecto no seu Anexo nº03 – Planeamento Urbanístico e Afeccións Sectoriais.*

*As obras atópanse fóra de áreas de protección arqueolóxica segundo a Revisión do Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM) de Vigo, en vigor dende o 27/08/2025.*

*De acordo co PXOM vixente e co Anexo nº23 – Protección do Patrimonio do proxecto, o ámbito da actuación sitúase dentro do contorno de protección dunha serie de bens catalogados, todos eles con nivel de protección estrutural. Aínda que consta no expediente informe da Unidade de Patrimonio Histórico do Concello de Vigo de data 21 de outubro de 2025, no que se considera que o proxecto das obras deberá remitirse á Xunta de Galicia-Consellería de Cultura para a emisión de informe, dende o 1 de xaneiro de 2026 por mor da*

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 10/02/2026 10:38:10

Documento asinado

*entrada en vigor da Lei 5/2025, que modifica determinados artigos da Lei 5/2016 do patrimonio de Galicia, no caso dos bens catalogados con nivel de protección estrutural non é precisa a autorización da devandita unidade, xa que terán que ser autorizadas polos propios concellos.*

*Con tal motivo o Servizo de Licenzas da Xerencia Municipal de Urbanismo informa favorablemente en data 14 de xaneiro de 2026 de conformidade co establecido nos artigos 44 e 46 da Lei 5/2016, do patrimonio cultural de Galicia, na redacción vixente tras a Lei 5/2025, considerándose que a actuación proxectada non compromete a preservación, contemplación nin apreciación cultural dos bens catalogados nin dos seus contornos de protección.*

*Consta no proxecto a autorización da servidume aeronáutica do aeroporto de Vigo de data 18 de decembro de 2025.*

*O proxecto indica que a actuación non se engloba nos supostos contemplados na Lei 21/2013, de 9 de decembro, de avaliación ambiental, polo que non precisa someterse a ningún procedemento de avaliación de impacto ambiental.*

*Constan, tanto no expediente, como no ANEXO Nº06 da Memoria do proxecto, os diferentes informes dos servizos municipais, cuxos requerimentos e prescripcións incorporáronse no proxecto de data última dixital 19 de xaneiro de 2026.*

*Os custes unitarios incluídos no proxecto, considéranse adecuados para a execución do contrato, estimase que son prezos xerais de mercado.*

*A documentación do proxecto considérase completa, e o proxecto toma en consideración as disposicións xerais de carácter legal e regulamentarias, así como a normativa técnica de aplicación, reunindo tódolos requisitos exixidos pola "Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014" e polo "Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado por RD 1098/2001 de 12 de outubro", polo que se informa favorablemente, aos efectos de control ordenado polo artigo 235 da citada lei o proxecto presentado para aprobación, "REHABILITACIÓN E TRANSFORMACIÓN DO CONTORNO URBANO DA GRAN VÍA, ENTRE RÚA GERONA E RÚA TARRAGONA".*

*Inclúese táboa de revisión dos principais aspectos e consideracións verificados do proxecto, anexa ao presente informe."*

S.ord. 23/01/2026

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 10/02/2026 10:38:10
Documento asinado

**CONSIDERACIÓNS DE DEREITO**

**I.**- A contratación da execución das obras obxecto do presente expediente require, como actuación preparatoria, de acordo co artigo 231 da LCSP, a elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do correspondente proxecto de obras que definirá con precisión o obxecto do contrato.

**II.-** Os contidos mínimos e esixencias que debe reunir o proxecto de obras e o ámbito da verificación do proxecto de obras, a realizar polas oficinas de supervisión de proxectos especifícanse, nos artigos 233 e 235 da LCSP , e 125 a 137 do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas , aprobado por Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro.

**III.**- O proxecto de obras, segundo resulta dos informes técnicos que obran no expediente, cumpre cos obxectivos da actuación proposta, refírese a unha obra completa e nel tivéronse en conta as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica, de aplicación ao proxecto, tal e como resulta da táboa que figura no informe da Oficina de Supervisión de Proxectos Municipal, na que pormenorizadamente e con indicación da súa concreta localización no documento, se especifican os requisitos legais, regulamentarios e técnicos que reúne o proxecto

**IV**.- A aprobación do proxecto corresponde ao órgano de contratación, a tenor do disposto no artigo 231 da LCSP, que de acordo coa disposición adicional 2ª.4 da LCSP, é a Xunta de Goberno Local.

Non se atopa sometido a fiscalización previa ao tratarse dunha actuación preparatoria. Así se recolle no informe do Interventor Xeral de data 26.06.2023 no marco do expediente 5023-443 no que indique que "*non se atopan sometidas a fiscalización previa as actuacións preparatorias dos diferentes tipos de contratos, como é o caso que nos ocupa, xa que tales actuacións non comportan gasto para a Administración, entendendo que si deberá ser obxecto de fiscalización previa a proposta do servizo xestor ao órgano de contratación de aprobación do expediente, do prego de cláusulas administrativas particulares, do gasto e da apertura do procedemento de adxudicación (artigos 116 da LCSP)*"

**V.-** Aprobado que sexa o proxecto e previamente á tramitación do expediente de contratación da execución da obra, procederase a efectuar o replanteo do mesmo (artigo 236 da LCSP).

Polo que á vista do exposto, proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 10/02/2026 10:38:10

Documento asinado

**ACORDO**
Aprobar o proxecto básico e de execución **"REHABILITACIÓN E TRANSFORMACIÓN DO CONTORNO URBANO DA GRAN VÍA, ENTRE RÚA GERONA E RÚA TARRAGONA"**, redactado polo Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos D. Roberto Núñez de Arenas Basteiro, pola Arquitecta Dna. Laura Garrido Fernández e polo Arquitecto D. Juan Manuel Tizón Álvarez, cun orzamento base de licitación máis IVE de NOVE MILLÓNS CENTO CORENTA E DOUS MIL SEISCENTOS CINCUENTA E DOUS EUROS CON NOVENTA E TRES CÉNTIMOS (9.142.652,93 euros) e sinatura dixital do día 21 de xaneiro de 2026.

**ACORDO**
A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**15(50).- DECLARAR DESERTO O PROCEDEMENTO ABERTO PARA A CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE REDACCIÓN DO PROXECTO DE OBRAS DE EXECUCIÓN DA INTERVENCIÓN URBANA ARTÍSTICA NO BARRIO DO ROCÍO NO MARCO DO PROGRAMA MUNICIPAL DE MEDIANEIRAS. Expte. 12609/307.**
A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Sométese a aprobación a proposta da Mesa de Contratación de data 22/01/2026, que di o seguinte:

12. Proposta de declaración de procedementos desertos

a) Procedemento aberto do servizo de redacción do proxecto de obras de execución da intervención urbana artística no barrio do Rocío no marco do Programa municipal de medianeiras (12609-307)

**LEXISLACIÓN APLICABLE**

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, do 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011



ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 10/02/2026 10:38:10
Documento asinado

| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 10/02/2026 10:38 | Páxina 79 de 93 |
|---|---|---|
| 2017-1102 Aprobado por XGL 30/01/2026 | CSV: A7BCAH-B8313E-CC4FBA-EHMXYH-WYYZYZ-FD | |

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

- Prego de cláusulas administrativas particulares do procedemento aberto do servizo de redacción do proxecto de obras de execución da intervención urbana artística no barrio do Rocío no marco do Programa municipal de medianeiras (12609-307)

**ANTECEDENTES**

**Primeiro.-** Con data do 5 de decembro de 2025 a Xunta de Goberno local acordou aprobar o expediente de contratación, autorizar o gasto e a apertura do procedemento de licitación para a contratación do servizo de redacción do proxecto de obras de execución da intervención urbana artística no barrio do Rocío no marco do Programa municipal de medianeiras, aprobar os pregos de cláusulas (12609-307).

**Segundo.-** A licitación foi obxecto de publicación no perfil de contratante o 9 de decembro de 2025, rematando o prazo de presentación de proposicións o 24 de decembro.

**Terceiro.-** Rematado o prazo de presentación de ofertas, na sesión do 30 de decembro de 2025, a Mesa de Contratación procedeu á apertura e cualificación da documentación administrativa e acordou admitir neste procedemento ao único licitador presentado, CENDON-VAZQUEZ ARQUITECTOS SCP.

Na mesma sesión abriuse o Sobre B "Proposición avaliable mediante xuízo de valor" e acordouse solicitar informe sobre a referida documentación ao comité de expertos.

**Cuarto.-** Na sesión do 15 de xaneiro de 2026 a Mesa de Contratación tomou coñecemento do informe emitido polo comité de expertos formado pola arquitecta -xefa da Área Técnica da XMU, a arquitecta do Consorcio do Casco Vello de Vigo e a técnica de Administración Xeral o 9 de xaneiro de 2026 de valoración do Sobre B "Proposición avaliable mediante xuízo de valor" e acordou:

- "Excluír a CENDON-VAZQUEZ ARQUITECTOS SCP deste procedemento por propoñer na súa oferta un orzamento final da obra proxectada que excede do limiar recollido no apartado 16.L) do Anexo I -FEC- do PCAP, sendo este un motivo de exclusión recollido nos apartados 7A e 16L ("Aquelas proposicións que indiquen un custo da obra proxectada superior ao limiar recollido no apartado 16.L) "INVERSIÓN MÁXIMA PREVISTA PARA A EXECUCIÓN DAS OBRAS" serán excluídas da licitación")".

**Quinto.-** A Mesa de Contratación na sesión do 22 de xaneiro de 2026 acorda, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a declaración de deserto deste procedemento.

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 10/02/2026 10:38:10

Documento asinado

## FUNDAMENTOS XURÍDICOS

**Primeiro.-** A Mesa de Contratación é competente para propoñer deserta a licitación, ao abeiro do previsto no artigo 22.1g do Real Decreto 817/2009, no que se regulan as funcións das Mesas de Contratación.

Dado que o único licitador admitido neste procedemento foi excluído por propoñer na súa oferta un orzamento final da obra proxectada que excede do limiar recollido no apartado 16.L) do Anexo I -FEC- do PCAP, sendo este un motivo de exclusión recollido nos apartados 7A e 16L ("Aquelas proposicións que indiquen un custo da obra proxectada superior ao limiar recollido no apartado 16.L) "INVERSIÓN MÁXIMA PREVISTA PARA A EXECUCIÓN DAS OBRAS" serán excluídas da licitación")", cómpre declarar deserta esta licitación.

**Segundo.-** A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

**Terceiro.-** A declaración de deserto deberá publicarse no perfil do contratante do Concello de Vigo, aloxado na Plataforma de Contratos do Sector Público, tal e como dispón o artigo 63.3 da LCSP.

En base ao que antecede, proponse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

> "Primeiro.- Declarar deserto o procedemento aberto do servizo de redacción do proxecto de obras de execución da intervención urbana artística no barrio do Rocío no marco do Programa municipal de medianeiras (12609-307) por resultar excluído o único licitador admitido na sesión da Mesa de Contratación do 15 de xaneiro de 2026.
>
> Segundo.- Publicar este acordo no perfil de contratante en aplicación do establecido no artigo 63.3 da LCSP".

**ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

S.ord. 23/01/2026

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 10/02/2026 10:38:10

Documento asinado

**16(51).- INFORME SOBRE RECURSO ESPECIAL PRESENTADO CONTRA A ADXUDICACIÓN DO PROCEDEMENTO ABERTO DO SERVIZO DE VIXILANCIA DO CENTRO MUNICIPAL DE DISTRITO DA RAPOSEIRA. Expte. 12231/320.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Sométese a aprobación o informe-proposta de data 22/01/2026, asinado pola xefa de Área de Contratación e Novos Proxectos e pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

**NORMATIVA DE APLICACIÓN**

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (LCSP).
- Directiva 2014/24/UE del Parlamento Europeo y del Consejo, de 26 de febreiro de 2014, sobre contratación pública.
- Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP), de aplicación no que non se opoña á LCSP.
- Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (RLCAP), de aplicación no que non se opoña á LCSP.
- Real Decreto 814/2015, de 11 de setembro, polo que se aproba o Regulamento dos procedementos especiais de revisión de decisións en materia contractual e de organización do Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais (RD 814/2015).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Real Decreto-Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAP).
- Código Civil, aprobado por Real Decreto de 24 de xullo de 1889 (CC).
- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación do procedemento aberto do servizo de vixilancia do Centro Municipal de Distrito da Raposeira dependente da Concellería de Participación Cidadá (PCAP).

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 10/02/2026 10:38:10

Documento asinado

- Prego de prescricións técnicas particulares para a contratación do procedemento aberto do servizo de vixilancia do Centro Municipal de Distrito da Raposeira dependente da Concellería de Participación Cidadá (PPT).

## ANTECEDENTES

**Primeiro.-** En data 3 de outubro de 2025, a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo (en diante XGL), aprobou o expediente de contratación, por procedemento aberto do servizo de vixilancia do Centro Municipal de Distrito da Raposeira dependente da Concellería de Participación Cidadá, así como a autorización do correspondente gasto e a apertura do procedemento de licitación.

**Segundo.-** O anuncio de licitación deste procedemento publicouse o 3 de outubro de 2025 no perfil de contratante aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público, iniciándose o prazo de presentación de ofertas ese mesmo día e fixándose como data final o 20 de outubro as 23.59.

**Terceiro.-** Presentaron oferta en prazo os seguintes licitadores:

1. ALCOR SEGURIDAD, SL
2. PROSEGUR SOLUCIONES INTEGRALES DE SEGURIDAD ESPAÑA, SL

**Cuarto.-** A Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na súa sesión do 23 de outubro de 2025, acordou admitir a ambos licitadores neste procedemento, por ter presentado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos. A continuación procedeu a apertura do sobre B "Proposición avaliable mediante xuízo de valor" e acordou solicitar informe sobre a referida documentación ao servizo xestor.

**Quinto.-** Na sesión da Mesa do 4 de decembro de 2025, entrégase o informe asinado polo arquitecto técnico aparellador de Desenvolvemento Local e Emprego o 28 de novembro de 2025 de valoración do sobre B "proposición avaliable mediante xuízo de valor", o cal é aceptado polo Mesa. A continuación procedeuse, en acto público, a apertura do sobre C "Proposición avaliable mediante fórmula" e acordouse solicitar informe do mesmo ao servizo xestor.

**Sexto.-** A Mesa, na sesión do 11 de decembro de 2025 aceptou o informe de valoración do sobre C asinado polo técnico de xestión e a xefa do servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local o 5 de decembro de 2025, e formulou proposta de clasificación a concelleira delegada da área de Contratación.

S.ord. 23/01/2026

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 10/02/2026 10:38:10

Documento asinado

**Sétimo.-** A concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 7 de novembro de 2025), o 12 de decembro de 2025 adoptou a seguinte resolución:

"*Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do servizo de vixilancia do Centro Municipal de Distrito da Raposeira dependente da Concellería de Participación Cidadá (12231-320) na seguinte orde descendente:*

| | *Licitador* | *Puntuación total* |
|---|---|---|
| ***1*** | ***ALCOR SEGURIDAD, SL*** | ***98,20*** |
| *2* | *PROSEGUR SOLUCIONES INTEGRALES DE SEGURIDAD ESPAÑA, SL* | *63,39* |

*Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, ALCOR SEGURIDAD, SL, para que presente, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):*

1. *A documentación esixida na cláusula 18 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*
2. *Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 20 do prego de cláusulas administrativas particulares.Recordar que tal e como establece a cláusula 18.4 do PCAP, os licitadores que estivesen inscritos no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia ou no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público, están exentos de presentar a documentación acreditativa dos datos que obren neles sempre que se atopen vixentes".*

**Oitavo.-** Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, ALCOR SEGURIDAD, SL, o día 12 de decembro de 2025, que presenta a documentación requirida o 16 de decembro, dentro do prazo concedido.

**Noveno.-** A Mesa de Contratación, na sesión de data 30 decembro de 2025, tras revisar a documentación achegada polo licitador, e constatado que esta é correcta, formula proposta de adxudicación ao órgano de contratatación.

**Décimo.-** En data 9 de xaneiro de 2026 a Xunta de Goberno Local, á proposta da Mesa de contratación, adoptou o seguinte acordo:

*"Adxudicar a ALCOR SEGURIDAD, SL o procedemento aberto para a contratación do servizo de vixilancia do Centro Municipal de Distrito da Raposeira dependente da Concellería de Participación Cidadá (12231-320) coas seguintes condicións:*

*a) O prezo total do contrato é de 72.600,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 12.600,00 euros.*

*b) Propón o seguinte incremento de visitas de control:*

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 10/02/2026 10:38:10

Documento asinado

1. *Propón unha visita de control en horario diúrno en sábados, domingos e festivos a maiores do previsto na cláusula 2.2.b) do PPTP.*
2. *Propón unha visita de control durante o peche dos centros a maiores do previsto na cláusula 2.2.c) do PPTP.*

c) *Propón a seguinte periodicidade nas revisións e controis de mantemento de todos os medios de seguridade (a maiores do previsto na cláusula 2.3.c) do PPT): realización de revisións trimestrais.*

d) *Propón unha redución do tempo de resposta ante avarías de 36 horas.*

*Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada".*

Este acordo foi notificado aos licitadores e publicado no perfil de contratante o día 13 de xaneiro de 2026.

**Undécimo.-** En data 21 de xaneiro de 2026, D. Sebastián Pérez Téllez, en nome e representación da mercantil Prosegur Soluciones Integrales de Seguridad España, S.L., (en adiante, PROSEGUR ou o recorrente), interpón recurso especial en materia de contratación ante o Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia (TACGAL), impugnando o acordo de adxudicación.

## FUNDAMENTOS XURÍDICOS

**-I-**

### Obxecto deste recurso especial en materia de contratación

É obxecto da presente impugnación acordo da XGL de 9 de xaneiro de 2026, de adxudicación do procedemento aberto do servizo de de vixilancia do Centro Municipal de Distrito da Raposeira.

**-II-**

### Lexislación aplicable

É preciso comezar por determinar a lexislación aplicable ao presente contrato. Os contratos se rexen en canto aos seus efectos, cumprimento e extinción, incluída a súa duración e réxime de prórrogas, polo establecido no propio contrato e no prego de cláusulas administrativas particulares e pola lexislación vixente no momento en que foron celebrados (disposición transitoria primeira da LCSP e disposición transitoria segunda do Código Civil). En consecuencia, o presente contrato se rexe polas seguintes disposicións:

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (LCSP).

S.ord. 23/01/2026

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 10/02/2026 10:38:10
Documento asinado

- Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP), de aplicación no que non se opoña á LCSP.
- Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (RLCAP), de aplicación no que non se opoña á LCSP.
- Real Decreto 814/2015, de 11 de setembro, polo que se aproba o Regulamento dos procedementos especiais de revisión de decisións en materia contractual e de organización do Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais.

**-III-**

**Competencia do Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia para a resolución do recurso**

A lexislación de contratos (artigos 44 a 60 LCSP) regula un recurso especial en materia de contratación, que substitúe aos recursos administrativos ordinarios para a impugnación de determinados actos adoptados nos procedementos de adxudicación dos tipos de contratos enumerados no artigo 44.1 LCSP. Estes contratos son:

- Contratos de obras cuxo valor estimado sexa superior a tres millóns de euros, e de subministración e servizos que teñan un valor estimado superior a cen mil euros.
- Acordos marco e sistemas dinámicos de adquisición que teñan por obxecto a subscrición dalgún dos contratos tipificados na letra anterior, así como os contratos baseados en calquera deles.
- Concesións de obras ou de servizos cuxo valor estimado supere os tres millóns de euros.
- Contratos administrativos especiais cando, polas súas características, non sexa posible fixar o seu prezo de licitación ou, noutro caso, cando o seu valor estimado sexa superior ao establecido para os contratos de servizos.
- Contratos subvencionados e as encargas cando, polas súas características, non sexa posible fixar o seu importe ou, noutro caso, cando este, tendo en conta a súa duración total máis as prórrogas, sexa igual ou superior ao establecido para os contratos de servizos.

A interposición previa deste recurso é potestativa (artigo 44.7 LCSP), pudendo os interesados interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo.

No ámbito das Corporacións Locais, a competencia para resolver os recursos será establecida polas normas das Comunidades Autónomas cando estas teñan atribuída competencia normativa e de execución en materia de réxime local e contratación (artigo 46.4 LCSP), como é o caso da Comunidade autónoma galega, á que pertence este Concello.

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 10/02/2026 10:38:10
Documento asinado

Creado o Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia pola Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, por acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 8 de febreiro de 2018, procedeuse ó nomeamento dos seus membros. Este Tribunal, unha vez constituído, adoptou o acordo de establecer como data de comenzo do exercicio das súas funcións, previstas no artigo 35 bis, o 2 de abril de 2018.

**-IV-**

**Exame da concorrencia dos requisitos esixidos pola lei para a admisión do recurso**

Os requisitos necesarios para a admisión do recurso se prevén nos artigos 44, 48, 50 e 51 da LCSP. Se ben a tarefa de analizar se concorren os mesmos no presente recurso lle corresponde ao Tribunal, é de interese para o órgano de contratación coñecer esta circunstancia, a efectos de formular alegacións sobre o fondo do mesmo no presente informe en caso de que concorran e, no caso contrario, de solicitar do Tribunal a inadmisión deste.

**A)** En canto aos **requisitos obxectivos**, son susceptibles deste recurso especial os seguintes actos ditados no curso dos procedementos de contratación citados no fundamento xurídico terceiro deste informe (artigo 44.2 LCSP):

a) Os anuncios de licitación, os pregos e os documentos contractuais que establezan as condicións que deban rexer a contratación.

b) Os actos de trámite adoptados no procedemento de adxudicación, sempre que estes decidan directa ou indirectamente sobre a adxudicación, determinen a imposibilidade de continuar o procedemento ou produzan indefensión ou prexuízo irreparable a dereitos ou intereses lexítimos. En todo caso, considerarase que concorren as circunstancias anteriores nos actos da mesa ou do órgano de contratación polos cales se acorde a admisión ou inadmisión de candidatos ou licitadores, ou a admisión ou exclusión de ofertas, incluídas as ofertas que sexan excluídas por resultar anormalmente baixas como consecuencia da aplicación do artigo 149.

c) Os acordos de adxudicación.

d) As modificacións baseadas no incumprimento do establecido nos artigos 204 e 205 da presente lei, por entender que a modificación debeu ser obxecto dunha nova adxudicación.

e) A formalización de encargas a medios propios nos casos en que estes non cumpran os requisitos legais.

f) Os acordos de rescate de concesións.



ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 10/02/2026 10:38:10
Documento asinado

| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 10/02/2026 10:38 | Páxina 87 de 93 |
|---|---|---|
| 2017-1102 Aprobado por XGL 30/01/2026 | CSV: A7BCAH-B8313E-CC4FBA-EHMXYH-WYYZYZ-FD | |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv | | |

Así, a impugnación do acordo de adxudicación é susceptible de recurso especial en materia de contratación.

**B)** En relación cos **requisitos subxectivos**, a lei concede lexitimación activa para interpoñer este recurso (artigo 48 LCSP):

- As persoas físicas e xurídicas cuxos dereitos ou intereses lexítimos, individuais ou colectivos, se visen prexudicados ou poidan resultar afectados, de maneira directa ou indirecta, polas decisións obxecto do recurso.
- As organizacións sindicais cando das actuacións ou decisións impugnables se poida deducir fundadamente que estas implican que no proceso de execución do contrato o empresario incumpre as obrigacións sociais ou laborais respecto dos traballadores que participen na realización da prestación. En todo caso, entenderase lexitimada a organización empresarial sectorial representativa dos intereses afectados.

É dicir, en materia de lexitimación activa non se recoñece unha acción pública, se non que é preciso que exista unha determinada relación coa cuestión debatida, unha lexitimación *ad causam*. No caso que nos ocupa non hai dúbida da lexitimación do recorrente na súa cualidade de licitador. En consecuencia, procede propoñer ao tribunal o recoñecemento da súa lexitimación.

**C)** Como **requisitos formais** a lei esixe que o recurso se presente por escrito (artigo 51 LCSP).

O **escrito de interposición do recurso** deberá especificar (artigo 51.1 LCSP):

- O acto do procedemento obxecto do recurso.
- Os medios de proba de que pretenda valerse o recorrente.
- As medidas cautelares cuxa adopción solicite.

Ao escrito de recurso deberá acompañarse a seguinte documentación:

a) O documento que acredite a representación do comparecente, agás se figurase unido ás actuacións doutro recurso pendente perante o mesmo órgano, nese caso poderá solicitarse que se expida certificación para a súa unión ao procedemento.

b) O documento ou documentos que acrediten a lexitimación do actor cando a ostente por habela transmitido outro por herdanza ou por calquera outro título.

c) A copia ou traslado do acto expreso que se recorra, ou indicación do expediente en que se ditase ou do boletín oficial ou perfil de contratante no que se publicou.

d) O documento ou documentos no que funde o seu dereito.

e) Un enderezo de correo electrónico «habilitado» ó que enviar, de conformidade coa disposición adicional décimo quinta, as comunicacións e notificacións.

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 10/02/2026 10:38:10
Documento asinado

O **escrito de interposición do recurso** deberá presentarse nos lugares establecidos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. Así mesmo, poderase presentar no rexistro do órgano de contratación ou no do órgano competente para resolver o recurso. Os escritos presentados en rexistros distintos destes dous últimos deberanse comunicar ao Tribunal de maneira inmediata e da forma máis rápida posible.

Circunstancias todas que concorren no escrito de recurso presentado polo recorrente no Rexistro Xeral do TACGAL.

**D)** Por último, respecto aos **requisitos temporais**, a lei fixa un prazo de interposición do recurso especial en materia de contratación de quince días hábiles. E a continuación establece as regras de cómputo do mesmo (artigo 50.1 e 2 LCSP):

a) Cando se interpoña contra actos de trámite adoptados no procedemento de adxudicación o cómputo se iniciará a partir do día seguinte a aquel no que se tiña coñecemento da posible infracción (artigo 50.1.c).

b) Cando se interpoña contra a adxudicación do contrato, o cómputo iniciarase a partir do día seguinte a aquel en que esta se lles notificou, de conformidade co establecido na disposición adicional décimoquinta, aos candidatos ou licitadores que fosen admitidos no procedemento (artigo 50.1.d).

O recurso foi interposto no Rexistro do TACGAL en data 21 de xaneiro de 2026. Dado que a adxudicación foi notificada e obxecto de publicación o día 13 de xaneiro de 2026, o recurso foi interposto en prazo.

Podemos concluír, a xuízo da informante, e sen prexuízo do seu ulterior exame polo Tribunal, que procede solicitar deste a admisión do recurso.

## -V-

## Motivos de impugnación da resolución recorrida

PROSEGUR impugna a adxudicación por un único motivo: o incumprimento polo adxudicatario das condicións esixidas no artigo 25 do PCAP e o artigo 122 da LCSP. licitador basease para impugnar a adxudicación no feito en que a empresa adxudicataria “ALCOR SEGURIDAD, S.L.” foi condenada por Sentenza nº 1281/2025 da Sala do Social do Tribunal Supremo (recurso nº 158/2024), que declarou a nulidade das táboas salariais do seu convenio de empresa por non adaptarse ao “Convenio Colectivo Estatal de Empresas de Seguridade”. Esta circunstancia, ao seu xuízo, debería determinar a exclusión da oferta ou a anulación da adxudicación.

Procederemos ao análise do motivo de impugnación. Compre determinar se unha sentenza que anula táboas salariais dun convenio de empresa (por infracción da reforma laboral de 2021) supón automaticamente un incumprimento dos pregos ou da LCSP .

S.ord. 23/01/2026

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 10/02/2026 10:38:10
Documento asinado

En primeiro lugar, con respecto ao incumprimento do prego compre dicir que a cláusula sopostamente incumprida, a 25, atópase na sección III, relativa á execución do contrato, e leva por rúbrica "Obrigas do contratista". No entanto, hai que ter en conta que ALCOR de momento é adxudicataria do contrato. Non será contratista ata que se formalice o contrato e teña lugar a súa perfección, consonte ao previsto no artigo 153 da LCSP. O prego nesta cláusula esixe, conforme á LCSP, o compromiso de cumprimento da normativa laboral e do convenio colectivo aplicable durante a execución do contrato, compromiso que foi expresamente aceptado pola empresa adxudicataria coa presentación da súa oferta, e non existe razón ningunha que permita deducir da súa proposición nin da documentación presentada para a adxudicación que non va a cumprir con esta obriga. Nesta liña, a Resolución nº 347/2018 do TACRC determina que "*A aceptación expresa das condicións do prego vincula ao contratista, sen que poidan presumirse incumprimentos futuros*". Mesmo admitindo, a efectos dialécticos, que a empresa tivese aplicado no pasado táboas salariais inferiores ás do convenio estatal, tal circunstancia:

- non afecta á validez da oferta presentada,
- non permite a súa exclusión
- debe ser controlada, de ser o caso, na fase de execución do contrato

Segundo a Resolución nº 92/2020 do TACGAL, a eventual infracción da normativa laboral debe canalizarse a través do réxime de execución contractual, non mediante a exclusión da oferta.

A nulidade do citado convenio non implica "per se" que a oferta presentada na licitación incumpra os custos salariais do convenio estatal. O TACRC ten reiterado que o control do cumprimento das obrigas laborais "a priori" no momento da adxudicación limítase a verificar se a oferta é viable economicamente (entre outras Resolucións 241/2023 e 530/2024). O feito de que unha empresa teña un conflito laboral ou unha sentenza sobre a nulidade dun convenio non a exclúe da licitación, a menos que se demostre que a súa oferta económica é anormalmente baixa por non poder cubrir os custos do convenio estatal de aplicación, consonte ao previsto no artigo 149 da LCSP. A oferta do adxudicatario non contén valores anormalmente baixos, polo que se presume que respecta os custes laborais. Abundando neste razoamento non debemos esquecer que o órgano de contratación ao fixar o orzamento base de licitación e o valor estimado do contrato debe ter en conta os custes derivados da normativa laboral vixente, e se se trata de servizos nos que sexa relevante a man de obra teranse especialmente en conta os custos laborais derivados dos convenios colectivos sectoriais de aplicación (artigos 100 e 101 da LCSP). E durante a execución do contrato o órgano de contratación ten a obriga legal, por imperativo do 201 da LCSP, de tomar as medidas pertinente para garantir que o contratista cumpra, entre outros extremos, coa normativa laboral.

En segundo lugar, analizaremos o incumprimento do artigo 122.2 da LCSP. Este precepto regula o contido dos pregos de cláusulas administrativas particulares. Entre outras circunstancias, establece que os pregos deberán incorporar a obriga de que o contratista cumpra as condicións laborais aplicables, en particular as derivadas dos convenios colectivos sectoriais. Porén, non impón unha obriga de acreditación previa de cumprimento salarial, nin impón nin permite esixir, como requisito de solvencia ou de admisión á licitación, nin como condición da adxudicación, a acreditación previa do cumprimento efectivo das táboas salariais por parte da empresa licitadora. Nesta liña existe unha consolidada doutrina administrativa, tanto dos órganos consultivos, como dos tribunais especiais en materia de contratación. Podemos citar por todas:

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 10/02/2026 10:38:10
Documento asinado

- Informe 34/2018 da Xunta Consultiva de Contratación Pública do Estado, que di que *“O cumprimento das obrigas laborais é unha obrigación de execución, non un requisito previo de participación*”.
- Informe 1/2020 da Xunta Consultiva de Contratación Pública de Galicia, segundo o cal “*A Administración contratante non pode converter o artigo 122.2 LCSP nun mecanismo de control xeral do cumprimento da lexislación laboral con carácter previo á adxudicación*”.

Por último, é preciso por de releve que a sentenza do Tribunal Supremo invocada, que declara a nulidade das táboas salariais do convenio de empresa de ALCOR SEGURIDAD, S.L., para o ano 2021:

- é allea ao procedemento de contratación,
- ten natureza estritamente laboral,
- non impón ao adxudicatario unha prohibición de contratar, polo que non implica a incapacidade da empresa para contratar co sector público,
- non afecta á validez da súa oferta nin á súa solvencia

A LCSP só permite excluír licitadores por causas taxadas (artigos 65 a 71 LCSP), entre as que non se inclúe a existencia dunha sentenza social declarativa de nulidade dun convenio colectivo. Tanto a xurisprudencia como a doutrina administrativa son claras ao respecto:

- A STS da Sala 3ª, de 20 de setembro de 2018 (recurso 3775/2016) determina que as causas de exclusión e prohibicións de contratar son de interpretación estrita e non poden ampliarse por analoxía.
- A Resolución nº 876/2020 do TACRC, di que a existencia de conflitos laborais ou incumprimentos salariais previos non constitúe causa de exclusión se non está tipificada na LCSP.

Podemos concluír que o cumprimento das condicións salariais é unha obriga de execución, non de admisión. Segundo a Resolución nº 716/2021 do TACRC, non pode esixirse ao licitador acreditar, no momento da licitación, o cumprimento efectivo das condicións salariais. Non consta acreditado:

- Nin incumprimento contractual
- Nin resolución administrativa ou xudicial que declare unha prohibición de contratar
- Nin falsidade documental
- Nin oferta anormalmente baixa non xustificada

Á vista do exposto, en opinión da técnica que subscribe, procede solicitar do Tribunal a desestimación desta alegación do recorrente polo TACGAL, caso de ser admitido o recurso, por canto non existe vulneración polo adxudicatario nin do prego nin da LCSP.

S.ord. 23/01/2026

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 10/02/2026 10:38:10
Documento asinado

**-VI-**

**Conclusións**

Recapitulando, en opinión da informante, procede solicitar do Tribunal a admisión do recurso con respecto a impugnación do acordo de adxudicación.

Con respecto ao fondo do recurso, por se o Tribunal considera que debe admitirse o mesmo, unha vez analizados, no fundamento xurídico V deste informe, os motivos alegados polo recorrente para a impugnación do acordo de adxudicación, procede solicitar do Tribunal, a desestimación das alegacións formuladas polo mesmo no seu escrito de recurso, polas razóns esgrimidas no citado fundamento xurídico.

**-VII-**

**Medidas cautelares**

A lei prevé que o recorrente poida solicitar do órgano competente para resolver o recurso a adopción de medidas cautelares. Tales medidas irán dirixidas a corrixir infraccións de procedemento ou impedir que se causen outros prexuízos aos intereses afectados.

Así mesmo, a lei configura no artigo 53 a medida cautelar de suspensión do procedemento, como efecto derivado da interposición do recurso, máis so no caso de que o acto impugnado sexa o de adxudicación do procedemento, como ocorre no presente suposto.

**-VIII-**

**Acordo**

En mérito ao exposto, se propón á Xunta de Goberno Local, en calidade de órgano de contratación do Concello de Vigo (disposición adicional segunda da LCSP) e en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

*"1º.- Aprobar o presente informe.*

*2º.-Dar traslado do mesmo ao Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia".*

**ACORDO**
A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**18(52).- ROGOS E PREGUNTAS.**
Non houbo ningunha intervención neste punto.

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 10/02/2026 10:38:10

Documento asinado

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. Presidente rematou a sesión ás nove horas e quince minutos. Como secretaria dou fe.

SGF/me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,
Patricia Rodríguez Calviño.

A PRIMEIRA TTE. ALCALDE (RA. 22/01/2026)
Mª del Carmen Silva Rego.

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 10/02/2026 10:38:10

Documento asinado



| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 10/02/2026 10:38 | Páxina 93 de 93 |
| --- | --- | --- |
| 2017-1102 Aprobado por XGL 30/01/2026 | CSV: A7BCAH-B8313E-CC4FBA-EHMXYH-WYYZYZ-FD | |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv | | |